

A NOSA TERRA


PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Os estudantes maniféstanse
contra a Xunta

10

O Consello de Contas critica un ano máis
ás mesmas administracións

13



Domingos
Merino:
"O BNG
é unha institución
nacional"

9

Celta e Deportivo poden ser acusados de
"alterar a competencia"

15

Cúmrense 200 anos
do primeiro xornal galego

25



2 DE DECEMBRO • 1999 • ANO XXII • IV XEIRA

FUNDADO EN 1907

Nº 911 • 200 PTA

HB súmase ás concentracións que convocou o lehendakari despois de ETA anunciar o fin da trégua

NECESITAMOS A PAZ



As papeletas falsas poden levar
ao PP a perder a alcaldía
de Monforte

(Páx. 5)



As urnas van
ao xulgado para
comprobar os votos
impugnados.

ALBERTO/Voz Noticias

Antonio Tabucchi AFIRMA PEREIRA

Traducción: Dolores Martínez Torres

Unha gran novela civil.
Unha obra destinada
a perdurar no tempo.
Agora tamén
en lingua galega.



BNG, PSOE e PP negócian unha moción de censura en Ponteareas

(Páx. 11)

O Simpósio Castela abre o ano de celebracións

(Páx. 32 e 33)

Monforte e o método electoral

O sucedido coa repetición parcial das eleccións en Monforte de Lemos confirma que a Lei Electoral está obsoleta no seu principal mecanismo: como se realiza o voto. Visto o sucedido, a difusión previa das papeletas é unha perversión total do secreto de voto, facilmente vulnerábel e susceptíbel de todo tipo de trapelas de boicot, antes, durante e despois de pechadas as urnas eleitorais.

Hai que lembrar que na Unión Europea é unha excepción bananeira o método aquí vixente de reparto alegre e masivo de votos durante a campaña electoral. Na maioría dos países democráticos, e mesmo nos que se achegan ao voto como médio de manifestar a vontade política con liberdade, tense a gala o uso obrigado do voto en cabina. Pero é que, ademais, o acceso á papeleta de voto só se obtén no momento de ingresar o cidadán ao Coléxio Electoral. O circense suceso de Monforte, onde mesmo se poderían ter que repetir, por terceira vez, os comicios municipais, non se soluciona coa decisión do Tribunal Superior. Podería repetirse tantas veces se quixer. Ou se troca este aspecto da Lei Electoral, decisivo para a liberdade e a democracia, ou seguiremos sempre metidos na mesma palinódia. ♦

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.

VICEPRESIDENTE:
Xaquín Acosta.

CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.

VOCAIS:
Alberte Ansedo,
Xosé M^o Dobarro,
Antolin Fernández,
Manuel Veiga, Xosé Castro
Ratón, Manuel Portas e
Xan Costa.

SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:

Afonso Eiré López

Redacción:

Gustavo Luca de Teña,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horacio Yikande,
Aranza Estévez, Carmo Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños.

EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Henrique Acuña.

DESEÑO DE MAQUETA:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:

MADRID:
Manuel Seoane.

BARCELONA:
Iria Varela.

PORTUGAL:
Gonzalo Nuno.

SANIDADE:
María Alonso.

CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupo Gómez,
Óscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Vaj,
Xosé M^o de Castro Erroleta,
Xosé González Gómez, Manuel
Rivas, Borobó.

LEGER:
Luisa Igrexas

Fotografía:
Andrés Panaro,
Xosé Marra,
Voz Noticias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Silvar, Gonzalo Vilas,
Suso Sanmartín.

Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscripcións:
Lola Fernández Puga

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraides

Redacción e Administración:
Rúa do Príncipe 22, baixo,
36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:

REDACCIÓN:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
antpeg@arrakds.es

ADMINISTRACION, SUBSCRIPCIONS E
PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén
correspondencia sobre
orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución
sempre que se cite a
procedencia.



As mobilizacións deste catorce meses non foron quen de mudar a posición do Goberno sobre o traslado de presos que mesmo Joaquín Almunia reclamaba a vispera da ruptura da trégua.

HB sumarase ás concentracións pola paz convocadas para o día 3 de Decembro

O inobilismo do PP propicia que ETA rache a trégua

◆ AFONSO EIRÉ - XAN CARBALLA

“Non hai dúbida de que o povo basco quer, necesita e reivindica a paz”, así explicaba a Mesa Nacional de HB a súa decisión de sumarse ás concentracións convocadas polo *lehendakari* Ibarretxe para o próximo Venres día 3 de Decembro, ante o anuncio de que ETA rachará a trégua ese mesmo día. Desde Euskal Herria pensan que a decisión aínda ten volta atrás e multiplícanse os encontros, institucionais e partidarios, públicos e secretos. Os bispos ofrécense de novo a negociar. Os únicos que non parecen mudar o discurso son o goberno de Aznar e o seu partido, o PP.

A sensación de que o proceso de paz en Euskadi estaba paralizado era evidente para case todos, incluído o Goberno Aznar. Juan Carlos I, en tres solemnes ocasións neste último ano, demandara que se realicen movementos para consolidar o proceso. Desde o Partido Nacionalista Vasco foron contínuas as chamadas, públicas e privadas a Aznar para que tomase as cinchas e imprimise un movemento na pucharca de intereses eleitorais do PP para que toda a andamiaxe montada desde o nacionalismo de Euskadi non se viñese abaixo.

Desde a Igrexa Católica, unha e outra vez, tamén se realizan chamamentos á reconciliación

e, sobre todo, a “ser magnánimos” e antepoñer o dereito á vida, á paz, a outros intereses. Pronunciáronse neste senso todos os bispos bascos repetidas veces, pero tamén a Conferencia Episcopal Española. Ao mesmo tempo continuaban a súa labor mediadora denunciando non só o inobilismo do Goberno Aznar, senón os atrancos que lle están a poñer aos intermediarios.

Tamén Euskal Herriarrok viña poñendo de manifesto como o proceso se atopaba atrapado nun trollo de intereses que o impedían de avanzar. E a mesma ETA en dous comunicados nos últimos meses, demandaba unha nova postura do Goberno central, ao tempo que reiteraba

a súa aposta para negociar e facía saber os seus postulados publicamente.

O propio PSOE tamén se dá conta da circunstancia e Joaquín Almunia non só se reúne con Arzallus para empuxar polo proceso, senón que lle pide a Aznar que realice xestos cara ETA, entre eles o dun traslado importante dos presos antes do Nadal. Pola súa banda Felipe González criticaba o inobilismo de Aznar, afirmando agora que o seu sucesor xa sabía que ETA ía rachar a trégua.

O trunfo do bloqueio de Mayor Oreja

Ao respecto os informes do CESID eran claros e concluintes. Advertían dun crecente descontento entre as bases de EH e parte dos seus dirixentes cara un proceso que non avanzaba nen pouco nen moito. Arnaldo Otegui condenaba a *loita na rua*, pero os xóvenes cada vez recrudescían máis este método de loita. A existencia de tensións políticas en Herri Batasuna na procura do camiño a seguir facíanse patentes.

O mundo *abertzale* estaba totalmente incómodo coa situación actual. O proceso non avanza e, segundo os informes do CESID, consideran que están cedendo moito a cambio de nada.

Tamén constatan os informes militares que desde HB e do mesmo PNV, están moi molestos coa actitude do ministro do Interior, Mayor Oreja. Non facía falta facer un informe, pois as declaracións neste senso son públicas e notorias ao longo destes meses. Pero no informe do CESID afirmase que desde ETA cren que os representantes da presidencia nas negociacións non lle trasmitían ben as mensaxes a Aznar e que, ademais, ao ser coñecidos, eran difuminados por Mayor Oreja através dos medios de comunicación.

Para o CESID, ETA tiña claro que o “proceso podía ser moi longo” e que a organización basca tiña moi presente que “a saída negociada (sexa cal sexa) pode chegar con este Goberno, ou con outro socialista”. Pero ETA, afir-

Pasa á páxina seguinte

Ven da páxina anterior

ma o informe, prefere chegar a un acordo con un Goberno de dereitas, polos seus importantes apoios, empresariais, económicos, da prensa e do Exército.

Que foi logo o que levou a ETA a mudar a súa estratexia e anunciar que desde o día 3 de Decembro racha a trégua? Non é hora de procurar culpábeis, porque cada un é responsábel das propias decisións e ETA é das súas propias. Pero a súa nova postura conta coa inestimábel axuda do Goberno central. Aznar apoiou, cada vez que se producía un debate, as posturas imobilistas de Mayor Oreja, máis preocupado de afianzar electoralmente ao PP en Euskadi, que de chegar ao final dialogado con ETA. Máis de unha vez, Mayor Oreja afirmou con interlocutores doutros partidos que o terrorismo non era o problema que máis o preocupaba e que se podía seguir convivendo con el.

Esta liña de Mayor Oreja levou ao Goberno central a esquivar as decisións unánimes dos parlamentos español e basco que pedían o traslado dos presos. Mayor sempre racaneou o número, aínda que agora, a maioría dos medios pretenden presentar como "grandes cesións" na política penitenciaria, presentando mesmo aos excarcerados por cumprir a condena íntegra ou aos que morreron, como unha medida governamental.

Hai que recordar que, nos últimos tempos detiveron aos interlocutores e correos de ETA, significativamente Belén González e Jokin Etxebarria, despois da única conversa mantida na Suíza. Vixilan "aínda cando mexan", aos mediadores da Igrexa Católica como monseñor Uriarte, ao tempo que sacaban publicamente o seu nome á luz, queimándoo.

No Goberno Aznar gañou a posición daqueles que renegan da negociación porque pensan que, calquer cesión vai erosionar a "sagrada unidade de España". Son os mesmos que realizaron unha lectura totalmente errónea da tregua. Os mesmos que, despois de calificala unha e outra vez de "trampa" hai 14 meses, lérona como símbolo da rendición de ETA. Segundo esta lectura, é lóxica a posición de Mayor Oreja: non é necesario dar nengun paso, non sequer penitenciario. O seu fracaso político está claramente á vista.

A lectura errónea do MLNV

Pero tamén o MNLV e a propia ETA semella que realizaron unha lectura errónea da situación política. O novo contexto, pensaban, permitíalles dar os pasos que quixesen á marxe de Madrid, imprimindo unha dinámica política en Euskadi que levase, tan só dentro de dous anos, a proclamar a autodeterminación de Euskadi e a negociar con Madrid desde unha posición de forza, segundo se dese en cada momento os resultados electorais.

Esta lectura foi posíbel porque á trégua descansou na ambigüidade dos acordos de ETA co PNV e EA. ETA interpreta nas súas discusións, así o afirma no comunicado de fin de trégua, que foi traicionada polo nacionalistas ao negarse a cumprir os acordos. Arzallus e Garaiko-



O lehendakari Ibarretxe lanzou outravolta a consigan central de "Necesitamos a Paz".

etxea negan a existencia deses acordos tal e como os le ETA.

Duas son as principais causas políticas para que ETA (que realizou a trégua en función destes acordos e non da posición do goberno central), decidise abandonar o parón da súa actividade armada. Por unha parte a negativa do PNV e EA a secundar a abstención ás eleccións xerais, convocando, ao mesmo tempo unha especie de referendo en Euskadi sobre a autodeterminación. Unha consulta semellante á que Umberto Bossi ensaiou na Padania.

A outra foi que a Asemblea de Municipios Bascos, celebrada en Setembro, non superou o presente marco constitucional como quería ETA

Xabier Arzallus nega o acordo secreto nos termos expresados por ETA.



e como anunciaban os voceiros de EH. Así as cousas, tanto na ETA como en HB, impuxéronse as posturas que postulaban

que, ante o imobilismo (realmente existente) era necesario unha nova estratexia. A postura do goberno central era idéntica á que adoptou John Major na Grande Bretaña co IRA e sabíase, desde un comezo, que ETA podía reaccionar de idéntico xeito, voltando á loita armada. Pero os intentos, sobre todo do PNV e a liña máis dialogante de HB seguen para que ETA, na práctica, siga coa trégua. Nas dúas tréguas anteriores (Xaneiro de 1989 e Xuño de 1996) tardou quince e nove días respectivamente en perpetrar atentados. ♦

Mayor Oreja afirmou con interlocutores doutros partidos que o terrorismo non era o problema que máis o preocupa e que se podía seguir convivendo con el.

Aposta polo diálogo

Un reparto da culpa non xustifica un crime. Ninguén é máis responsábel dun crime que o propio criminal. Os pronunciamentos morais e as condenas da loita armada son óbvios neste momento para calquera que aposte pola paz, á par de ineficaces politicamente. O que é preciso atopar agora son solucións. Solucións políticas que impidan perpetuar a situación en Euskadi e no Estado español. Nestes catorce meses déronse avances notábeis non só no conxunto de Euskalherria, senón que foi posíbel un mínimo debate sobre a reformulación do Estado sen os fortes anatemas que caían antes sobre calquera que se aventurara a insinuar esa posibilidade.

Nesta situación é necesario seguir apostando pola *Via Lizarra*. A outra vía, a policial, seguida por un Goberno central que prefere a úlcera do terrorismo con satisfaccións electorais, que un diálogo ao que califican de cancro que pode erosionar a súa concepción *joseantoniana* da Unidade de España, está morta. Morta, aínda que ao PP e a parte do PSOE lle preocupen moito máis os nacionalismos periféricos e os réditos electorais que a convivencia pacífica e o asentamento dun Estado baseado na democracia e nas liberdades, individuais e colectivas. Morta porque ensaiaron, na ditadura e na democracia, todas as vías posíbeis, incluso o terrorismo de Estado, para acabar co "problema basco". Morta porque os que falaban, como Mayor Oreja, do descabezamento de ETA, atópanse con que, máis ás múltiples detencións da súa cúpula, esta segue tendo unha forte capacidade organizativa, cunha fracción de xuventude que está disposta a engrosar as súas fileiras. Morta porque é un problema político e non policial e ETA vai seguir existindo mentres non se chegue a un acordo sobre a reformulación do Estado.

Tamén para ETA está totalmente extinguida a vía da loita armada. Eles mesmos, nos seus documentos, recoñecen que son incapaces de vencer ao Estado español. A loita armada ten que ter unha saída política, negociada. ETA, todos os sectores do *abertzalismo*, sábeno millor ca ninguén. Si poden aguantar meses, anos. Si pode seguir sufrindo o povo basco, si poden seguir os mortos dun e doutro bando..., inutilmente.

Ollando o fracaso das outras vías, temos que contemplar a de Lizarra como a única posíbel, a única capaz de poñerlle fin a un proceso de enfrontamento. Primeiro porque se o enfrontamento é político, necesítase unha vía política, con solucións políticas, con diálogo político, con afouteza política.

Afouteza que tiveron os nacionalistas bascos, desde o PNV e EH, pasando por EA. Afouteza que tiveron os movementos sociais, cos sindicatos ELA e LAB á cabeza. Pero o Goberno central, no maior erro que se lle vai recordar a Aznar, como a John Major en Irlanda, negouse a explorar esa vía. Aínda está a tempo. As presións para que ETA deixe de matar teñen que ir conxugadas cos presións ao Goberno e ao PSOE, para que deixen de apostar por rachar Lizarra, por desfacer o Goberno de Ibarretxe, por arredar a HB dos demais nacionalistas. O pacto de Lizarra permitiulle, por vez primeira, ao MLNV entrar nunha batalla política normalizada, pero semella que aos partidos estatais lles molesta máis a perda de leiras de goberno que a perda de vidas humanas.

Despois de 14 meses de trégua, aínda que Aznar teime na súa postura, aínda que ETA volte ás andadas, xa nada será coma antes. Unha xeneración soubo o que era vivir sen violencia manifesta. O povo basco ollou como a solución era posíbel. Sábíase que o proceso non era fácil, que a violencia pode voltar, pero, sexa cal sexa agora o desenlace, o que é indubidábel é que o diálogo voltará ao cenário político. Voltará porque é a única saída, a que temos que reclamar desde unha posición democrática. ♦

A NOSA TERRA

O BNG láiasse do fin da trégua

A suspensión da trégua de ETA puxo en tensión a todas as forzas políticas. Na mesma mañá do domingo 28 de Novembro o Bloque Nacionalista Galego emitiu unha nota explicando a súa postura. "O fin da trégua é un paso atrás na consecución dunha vida pacífica e sen violencia no país Basco. Tanto a sociedade basca como os partidos, nacionalistas ou non, apostaron fortemente por unha vía de diálogo que propiciou esta trégua, valorada moi positivamente polo BNG no seu día".

Os nacionalistas galegos tamén valoran a responsabilidade do PP na nova situación, "o Goberno Central e o Partido Popular malogaron unha oportunidade histórica e única de acadar unha nova situación para o País Basco, desouvindo mesmo as declaracións institucionais producidas nos Parlamentos Basco e Español, que ían neste sentido".

A nota da frente nacionalista maniféstase esperanzada "agardamos que aínda se poidan retomar as conversas diri-

xidas a acadar a paz en Euskadi e que dunha vez por todas exista por parte do Goberno do Partido Popular unha verdadeira vontade política máis aló de meras declaracións de intencións cara a galería". Sinalan finalmente o contraponto que pon a situación de Irlanda, "non deixa de ser motivo de reflexión que o fracaso da política do goberno do PP a respeito da problemática de resolución da violencia no País Basco se produza o mesmo día no que se albisca un futuro distinto e sen violencia en Irlanda". ♦

Pésalle máis que España e Fráncia continuen 'co dominio, ocupación e ataques represivos'

ETA valora que se avanzou moito no 'camiño da liberdade'

A partires do 3 de Decembro ETA faralle saber "aos comandos operativos cando comezarán a realizar accións", segundo afirma no seu comunicado no que dá por rematada a trégua. Isto non quer dicir que comece xa ao momento as accións. En medios abertzales coméntase que ETA poderá agardar aínda un tempo para ollar a resposta do PNV e da sociedade basca en xeral. A discusión está en se a organización basca realizará un grande atentado á imaxe do IRA irlandés, ou se creará un clima de inestabilidade cara as eleccións xerais, de non darse unha definición dos pasos a dar en Lizarra.



ETA someteuse ás preguntas da axencia APS despois de anunciar o fin dos catorce meses da trégua.

Desde HB pensan que o camiño da ruptura da trégua pode ser aínda reversíbel "se se dan unhas novas condicións". Arnaldo Otegui afirmou que seguirán traballando nestes días para que ETA reconsidere a súa postura, aínda que saben que non depende da vontade deles sós. Neste orde de cousas, en HB néganse a condenar o comunicado de ETA, considerando que sería moito peor para o proceso de paz que se producise unha ruptura no MNLV.

Máila a que a noticia é considerada como conmocionadora, diversos analistas de Euskal Herria, tanto abertzales como helkides, ollan algun elemento positivo no comunicado de ETA. O principal é o seu recoñecemento de que, nos últimos anos Eus-

kal Herria avanzou moito "no camiño da liberdade". Pero a constatación principal é que "España e Fráncia continúan co seu dominio, ocupación e ataques represivos". Fonte a isto, as forzas nacionalistas non se terían activado abondo coma para facer fronte a este ataque "e avanzar no camiño da construción nacional".

A declaración de ETA comeza cun balanço do proceso aberto en Euskal Herria. Para ETA "no Setembro pasado (1998), Euskal Herria estaba ás portas dunha nova situación, xa que os diferentes instrumentos dispostos como obstáculos para a liberdade do noso povo tiñan fracasado".

Neste contexto, situa o feito de que "o Estatuto da Moncloa e o Amelloramento de Nafarroa non servían para fartar as ansias de liberdade dos cidadáns bascos". Asimesmo, ETA constata un desexo de recoñecemento institucional por parte doutros herrialdes como Lapurdi, Baxenafarroa e Zuberoa.

Dentro dos fracasos os estados español e francés situa tamén o da "estratexia da opresión", que non impediu "manter en pé a posibilidade dunha Euskal Herria libre". ETA considera, ademais, que, en Setembro de 1998 existía "o desexo dunha paz baseada nunha solución política xusta" poiso PNV, EA e ELA, "que se con-

formaran durante vinte anos coas migallas cedidas polo Estado español e francés", mostraban disposición para encarrar outra situación.

Nesta situación ETA asegura que viu a posibilidade de dar "un paso firme" para modificar o marco xurídico-político xurdido hai vinte anos desde a reforma da ditadura franquista e avanzar en Euskal Herria cara outro modelo

"baseado na democracia". Sería neste contexto cando ETA plantexa a súa proposta a PNV e máis EA. Segundo a organización armada chegaron ao acordo de dar pasos efectivos para "constituir unha estrutura institucional única e soberana" que recollese no seu seo a toda Euskal Herria.

No mesmo senso, afirma ETA, estas forzas terían adquirido "o compromiso de lograr os mínimos acordos a favor dos dereitos e intereses de Euskal Herria, así como das necesidades e intereses básicos dos cidadáns bascos". Este acordo é o que leva a ETA a decretar a trégua indefinida hai agora catorce meses. ♦

ETA agardou a coñecer as ponencias do PNV e EA

ETA culpa no seu comunicado a PNV e EA da ruptura da trégua, afirmando que ambas organizacións "dábanlle importancia á xestión habitual, xunguándose ao marco estatutario da Moncloa e non á iniciativa encamiñada a pór en marcha o novo marco político".

Ao ollar que non apoian ningunha proposta política nen unha estratexia concreta, é cando ETA lanza a súa alternativa nun comunicado de hai un mes: "que toda Euskal Herria elixa libre e democráticamente un parlamento constitucional soberano en circunscrición única. Isto é, que o voto de cada cidadán vala o mesmo en toda HESkal Herria". Esta era a condición para deixar a loita armada.

Pero, afirma ETA, nen PNV nen EA lle deron unha proposta concreta á súa chamada para chegar a un novo acordo que superase ao anterior. ETA agardou a que celebrasen ambos partidos os seus congresos, para ollar se tiñan unha proposta concreta. Pero o PNV recolle na súa ponencia unha crítica ao camiño de ETA afirmando que "non valen atallos, nen golpes de man, nen o voluntarismo". A ponencia do PNV calificaba estas propostas de "experimento de laboratorio que desvirtua o concepto de Euskal Herria". EA tampouco se alia coas propostas de ETA no seu congreso no que dimite un dos impulsores do acordo Karlos Garikoetxea.

HB prepara para a súa Asemblea a celebrar a fins deste mes, unha proposta política no senso das lanzadas por ETA, no medio dun forte debate interno e dos intentos de non atrapar á organización totalmente na estratexia da organización armada. Os debates entre "mills" e "polis mills", entre quen debe levar a iniciativa, seguen aínda latentes. Pero en medios abertzales considerase positivo que ETA veña a respaldar implícitamente o camiño escollido por HB, ao non criticalo como ten realizado noutras ocasións. ETA, que afirma que ante o atonamento do proceso "se olla na obriga de reactivar a loita armada", tamén manifesta que está a agardar novas iniciativas para poder discutilas, ao que se mostra disposta desde o comezo do seu comunicado.

SUBSCRÍBASE A A NOSA TERRA

Nome Apellidos

Enderezo

Cod. Postal Teléfono

Povoación N.I.F.

Provincia País.

Suscíbome a A Nosa Terra (incluídos os Cadernos de Pensamento e Cultura) por un ano/semestre ao prezo de:

Galiza/Estado/Portugal 9.000 pta./ano 4.500 pta./semestre

Europa 10.920

América e resto do mundo 13.080

a) Subscricións para o Estado español

- Talón bancario adxunto
 Reembolso (máis 130 pta.)

b) Para o resto do mundo

- Cheque bancario adxunto
 Xiro Internacional a nome de A NOSA TERRA. Apartado 1371 Vigo.

PAGO DOMICILIADO. COBRIR OS DADOS DO BOLETIN ADXUNTO.

Banco/Caixa de Aforros

Conta ou Libreta

Titular

..... Nº Sucursal


Povoación Provincia

Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra).

DATA

ATENTAMENTE (SINATURA)

A INFORMACIÓN QUE PAGA A PENA TER



Diz Guedes xa recebeu a citación xudicial polo encoro do Úmia

5

Tras argumentar que non recibira a citación xudicial a pasada semana, cando estaba chamado, Xan Miguel Diz Guedes, delegado do Goberno, acude o Xoves 2 de Decembro a declarar como imputado polas actuacións policiais nas obras do encoro do Úmia, nuns terreos ocupados de xeito ilegal, segundo o dictame do TSXG. Ás dez e media e co seu avogado, o delegado do Goberno ten que prestar declaración nos xulgados composteláns de Fontiñas. O pasado Xoves 25 facía o o mesmo o presidente de *Agua de Galicia*, Agustín Fernández. Por outra parte, o Goberno negou que Diz Guedes impedise a inspección dun barco de recreo dun amigo seu e ex concelleiro do PP por parte da Garda Civil o pasado 11 de Setembro. Respostando a unha pregunta de Guillermo Vázquez, o Goberno sinalou que Diz Guedes acudiu a embarcación tras unha chamada do xerente do Monte Real Club de lates de Baiona e que unha vez ali, a Garda Civil notificoulle que non había nengun problema coa embarcación do seu amigo. ♦

Dous funcionarios de Agricultura condenados por estafar á Xunta

A Audiencia Provincial de Pontevedra ven de condear a cinco anos de cadea e unha multa de 22.000 pesetas a dous funcionarios públicos xulgados por un caso de corrupción na Delegación Provincial de Agricultura. O Tribunal considera que Fernando Saenz, xefe do servizo de montes nos anos 1990 e 1991, e Xaquín Fernández, que estaba as súas ordes, son responsábeis dun delito continuado de falsidade de documento público e de estafa. Como xa denunciara *A Nosa Terra* no seu día, os dous empregados pasaban facturas por traballos non realizados, chegando incluso a sumar máis horas de xornada laboral que as que ten o día. Ao considerar o atenuante do arrepenimento, a pena imposta ficou reducida a un mes de cadea e unha multa de 200 pesetas diarias durante un período de dous meses. Pésie a condena, os acusados, maiores de sesenta anos, non terán que ingresar en prisión. ♦

Suprimen paradas do tren Santiago-Ourense 'pola nula demanda'

"Cambiose o servizo de trens rexional no corredor Ourense-Santiago polo servizo TRD suprimindo paradas, en función da nula afluencia de viaxeiros nas estacións de Maside, A Friela, Irixe, Ponte Taboada, Bandeira e Vedra-Ribadulla". Esa é a resposta que o Goberno deu ao deputado nacionalista Francisco Rodríguez, que denuncia que "non pode haber grande demanda cando os servizos que se ofertan son dous ao día e de escasa calidade". Tamén xustifica o Goberno en base á pouca demanda a supresión de paradas na liña A Coruña-Monforte. Asimesmo sinala que se atopan adxudicadas as obras de mellora de Betanzos-Ferrol e en fase de licitación as obras do traxecto Monforte-Sarria e Curtis-Betanzos. Rodríguez sinala que o Goberno non ten intención de ampliar os servizos no traxecto Ferrol-A Coruña, que dispoñen de dous servizos de tren lixeiro dotada cada un deles con cincuenta prazas. Xustifícase o Executivo de Madrid que "o número de servizos prestados resposta ao convenio realizado coa Xunta". ♦



Xosé Luis Iravedra estivo ao pé das urnas en Monforte. Non detectou que había 104 votos irregulares ao seu partido. ALBERTO/Voz Noticias

Papeletas non homologadas e visitas aos viciños na campaña popular Os votos impugnados en Monforte poden quitarlle a alcaldía a Nazário Pin

♦ A. ESTÉVEZ

O Domingo 28 de Novembro nas furnas de Monforte non só entraron as papeletas homologadas pola xunta eleitoral. O BNG detectou dous tipos de papeletas do Partido Popular que non se axustaban á legalidade: unha delas, con gralla incluída. Polo de agora, son 104 as impugnadas ante a Xunta Eleitoral Central que ten un prazo de dez días para pronunciarse. De declararlas nulas, os resultados variarían, perdendo o PP un concelleiro que iría parar á Convergencia Nacionalista Galega. A, até agora, oposición sumaría nove concelleiros fronte a oito do PP.

Os resultados provisórios da repetición da votación en sete mesas celebrada o Domingo manteñen os nove concelleiros do PP, os dous do BNG, restan un ao PSOE, que queda con dous, que vai para a CNG, con catro. Esta foi a única formación que saíu beneficiada. A estratexia do PSOE fíxolle perder un concelleiro, ao volcarse dirixentes destacados desta organización en facer campaña para Convergencia Nacionalista antes do 13 de Xuño.

Eran 3.823 eleitores os que estaban chamados a votar o día 28 tras ser impugnados os resultados do 13 de Xuño en sete mesas por 27 votos considerados nulos. A impugnación foi feita conxuntamente polas tres formacións até agora na oposición. Non estaba permitido facer campaña, tal como sentenciara o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que llo lembrou a todas as organizacións.

Así se comprometeron BNG, PSOE e CNG, e tamén en principio, o PP. Pero as visitas dos axentes populares eleitorais ás casas de Monforte foron unha práctica habitual nos días previos á repetición. Apresentábanse aos viciños como tales e solicitaban o voto para a candidatura de Nazário Pin.

O censo no local do PP

Os representantes do BNG insistiron na mañá do Domingo en que os viciños votasen na cabina. A insistencia chegou a ser tal que a un coléxio tiveron que acudir os representantes da xunta eleitoral de zona para clarexar que os votantes podían traer a papeleta de casa. "A xunta eleitoral de zona sinala que non hai ningunha norma legal que obrigara ao voto en cabina, pero entón nós insistimos en que constaran en acta as persoas que traían a papeleta de casa. Nengun dos partidos da oposición repartiu papeletas, só o PP, e sabendo que estaba prohibido polo Tribunal Superior", explica Xosé Lois Sotelo, responsábel comarcal da organización nacionalista.

Nos coléxios eleitorais apareceron papeletas do PP que non casaban coas institucionais. A diferenza estriba nun defecto de impresión do último suplente da lista, Xulio Vázquez Mourinho. Representantes do BNG, PSOE e CNG intentaron que se anularan xa no mesmo día, pero non foi aceptado pola presidencia das mesas. Agora as papeletas falsificadas, polo de agora 104, aínda que pode haber máis, están impugnadas diante da Xunta Eleitoral Central.

O PP acusou a militantes do BNG de tirar fotografías diante dos coléxios eleitorais, feito que Sotelo non só non nega, senón que considera lóxico. "Primeiro, calquer é libre de andar cunha cámara. Pero ademais a partir das catro da tarde comezamos a detectar movementos extraños entre os populares. Os representantes do PP recolleron o control de censo que tiñan na mesa eleitoral e foronse con el para o seu local. Ali comprobaron quen votara e quen non, e comezou o carrexo de viciños. Iso non o poden negar", sinala.

PSOE, CNG e BNG denuncian a manobra do coordinador provincial do PP, Xosé Luís Iravedra, de acusar á oposición de introducir papeletas falsas do PP nas cabinas. Iravedra, agora, sinala que vai acudir á xustiza "aínda que sen presa, coa fin de que a democracia non esté secuestrada".

A vitoria provisoria do PP non está tan clara como sinalaba o presidente da Deputación Francisco Cacharro Pardo, tras o recuento dos votos, cando sinalou a socialistas e nacionalistas de atacar ao PP "e sen embargo gañamos". Xosé Lois Sotelo explica o que pode acontecer. "Eles poden falar de tribunais, pero é a Xunta Eleitoral Central quen ten que decidir se esas papeletas valen ou non valen. Polo de agora, van 104, pero existen indicios de que hai máis papeletas falsificadas, o cal significa que se son consideradas nulas, non hai repetición de votación. O PP perde un concelleiro, que gaña CNG. Polo tanto, o panorama político de Monforte xa non é o mesmo". ♦



A. PANARO

Manifestación en contra dos baixos prezos do vacun

Convocados polo Sindicato Labrego Galego (SLG) o Venres 26 de Novembro ao redor de douscentos gadeiros manifestáronse durante a mañán diante da Consellería de Agricultura en Santiago para protestar contra os baixos prezos da carne de vacun, a nova Organización Común de Mercado e os criterios de reparto das axudas e primas porque discriminan ás explotacións galegas. Segundo explicou a secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, Galicia conta cun total de 226.000 vacas nodrizas e só recibe primas por 120.000, e dicer pouco máis do 50%. A mobilización estaba apoiado polo BNG. Ao tempo, na véspera, Xoves 26, a *Plataforma en Defensa da Carne do Vacun da Cornisa Cantábrica* criticou os acordos adoptados na Conferencia Sectorial do pasado 25 de Outubro en Madrid e exixiu a reforma dos criterios para o reparto de primas. ♦

OPINIÓN

O FUTURO DAS PENSIONÍS
A ALTERNATIVA DA RENDA BASICA

XOSÉ IGLÉSIAS FERNÁNDEZ

Convén lembrar como un dos obxectivos da *intervención pública* é que as políticas teñan unha función distributiva. En particular, aquelas relacionadas co benestar e a seguridade social da poboación, poñendo especial énfase no mantemento dos ingresos dos cidadáns. As prestacións sociais normalmente toman a forma de *subsídios* cando se tenta responder á caída de ingresos que as continxencias profesionais traen consigo, como son as situacións de paro, enfermidade profesional e accidentes laborais; toman forma de *pensionís*, cando é debido a continxencias comúns, como son a velez, a invalidez ou a viuvez; ou a de *rendas mínimas*, cando se trata da asistencia social, como poden ser a exclusión laboral, a diminución psicofísica, a drogodependencia, os desafiuzamentos, os maos tratos nas familias a mulleres e nenos, etc.

Nembargantes, a partir da crise económica dos anos 70, as políticas redistributivas que aplican os estados como piares necesarios para manter o ingreso dos cidadáns menos favorecidos, comezan a se poñer en cuestión. As políticas neoliberais que se establecen, e a debilidade do movemento obreiro que sucede á crise, fai que o Estado do benestar comece a ser contemplado polos poderes económicos coma unha rémora, unha excesiva presenza do sector público, unha aportación social esaxerada, que xera graves problemas financeiros, de custos laborais e déficit público... O resultado destas políticas é que todos os países que se distinguiron pola implantación dun modelo de protección social avanzado se atopan actualmente realizando un *proceso de desmantelamento* das prestacións sociais.

No Estado español, o debate actual sobre as pensionís forma parte dese proceso. Unha das propostas máis coñecidas para *desmantelar* gradualmente o sistema da Seguridade Social (SS) é o famoso documento coñecido como *Pacto de Toledo*. Aínda que este documento di querer reducir o crecente déficit do orzamento da SS, o obxectivo deste pacto queda ben claro: permitir a privatización do sistema de pensionís e reducir o déficit público, un dos fins fundamentais imposto polo Tratado de Maastricht. Para conseguir este último, non recorre, como podería, a aumentar os ingresos fiscais, senón que se centra na redución do gasto social, especialmente no recorte das pensionís.

Utilizando os datos da Tesourería Xeral da SS, confirmouse que non había tais déficits, nen que o argumento demográfico era tan significativo. O problema do financiamento da SS reside na escasa capacidade do mercado de traballo para criar emprego, máis que no envellecemento da poboación; que a maior volume de emprego, maior volume de afiliados e de cotizacións á modalidade contributiva. Curiosamente, un dos eslógans do goberno do PP nestas eleccións vindeiras é o feito de ter conseguido unha cifra récord de afiliados á SS mediante o aumento de emprego. Do que non presumen tanto é de que tal aumento conseguiuase a base de legalizar o emprego precario con saláries de subsistencia e condicións de traballo onde o índice de sinistralidade se está disparando.

■ A RENDA BÁSICA. EXEMPLO CANADENSE. Na súa definición xeral, a renda

básica é o dereito que ten cada cidadán a recibir uns ingresos periódicos, que aseguren a cobertura das súas necesidades materiais, e independentemente de cal sexa a súa situación dentro da esfera produtiva. Antes de pasar polo mercado de traballo en busca dun emprego asalariado, o cidadán ten que dispoñer dunha *renda de existencia* que lle permita decidir sobre a súa vida, por que camiños e con que medios debe buscar uns *ingresos pola súa actividade*, o salario correspondente á venda da forza de traballo. Esta é a cuestión de fondo. Que as persoas que desexen exercer o dereito ao traballo asalariado poidan practicalo, pero, para iso, téñense que eliminar todos os elementos que introduzan existencia, obrigatoriedade, que todo se convirta nunha imposición.

Pois ben, no Canadá, por agora, as persoas maiores non teñen por que "estar esperando un tranvía que xa non pasa". Neste país, o sistema público de pensionís caracterízase por dúas modalidades de prestacións. A primeira, ou *contributiva*, é o chamado Programa de Pensionís do Canadá. A finalidade deste programa é que todos os cidadáns que pasan polo mercado de traballo se aseguren unha *pensión*, para se protexeren, eles e as súas familias, da posíbel perda de ingresos nos casos de xubilación, doenzas, a invalidez ou incluso a morte. Como todos os programas contributivos, o seu financiamento depende das cotizacións dos empresarios, os traballadores asalariados, os traballadores autónomos e os intereses que xera o Fondo de Pensionís criado para

responder ao volume de pensionís que se han pagar. As achegas que se deben contribuir baséanse no nivel de saláries de cada beneficiario; o volume das prestacións que han percibir cada receptor depende dun cálculo bastante complexo que agora non vén ao caso.



Permitir a privatización do sistema de pensionís é reducir o déficit público, un dos fins fundamentais impostos por Maastrich

A segunda, *non contributiva*, desdóbrase en tres programas: o de índole *universal*, coñecido como a Lei de Seguridade para as Persoas Maiores (OAS); e outros dous *condicionais*, chamados Lei de Asistencia aos Maiores (GIS) e, establecido máis tarde, a Lei de Pensión aos Esposos. Estes tres programas teñen como finalidade asegurar o benestar das persoas maiores de 60 anos, incluíndo, en certos casos, tamén viúvos máis novos.

O OAS e o GIS aseguran os ingresos das persoas maiores á marxe dos avatares eleitorais e o oportunismo dos políticos. E parécenos que poderían moi ben servir de ilustración para instaurar sistemas parecidos no Estado español. As incertidumes e dependencias que afectan aos vellos poderían ser obviadas se o goberno español lexislase un programa de *Renda básica parcial* para os nosos maiores en liñas similares ás da experiencia canadense. O OAS págase a todos os cidadáns, sexan cales sexan os seus ingresos e o GIS tenta equilibrar as pensionís que perciben aqueles máis desprotexidos cos que teñen unha alta paga contributiva. ♦

XOSÉ IGLÉSIAS FERNÁNDEZ é economista e membro do colectivo *Baladre* de estudos sobre renda básica como alternativa ao capitalismo.

35 HORAS,
UNHA VISIÓN
DE XÉNERO

ISABEL SÁNCHEZ CORRAL

A redución da xornada de traballo asalariado significaría un avance para a sociedade, coa posibilidade de que máis persoas traballasen, diminuíndo o desemprego, aumentando o tempo de lecer e o tempo adicado a actividades de desenvolvemento persoal.

Pero a pregunta segue a ser cómo afecta isto ás mulleres e que medidas debemos tomar para que se produza un cambio organizativo que nos beneficie.

Para respostar isto nada máis temos que botar unha ollada á situación laboral na que nos atopamos as mulleres. Os problemas fundamentais aos que nos enfrentamos pasan polo paro real, (só unha cuarta parte das mulleres adultas ten emprego), a cuantiosa presenza de contratos a tempo parcial (tres de catro son firmados por mulleres), un mal intento de conciliar a vida laboral e a doméstica, onde a muller seguiría tendo unha "dobre presenza": no traballo familiar e no extrafamiliar. Non estamos a falar unicamente de dobre xornada, senón de que a muller exerce ambas responsabilidades todo o día. Rematando con esta serie de "perlas" que temos que sufrir, falar da "feminización da pobreza", onde tanto as viúvas, nais solteiras, separadas ou divorciadas, como as mulleres sóas sen autonomía e con fillos/as ao seu cargo son os colectivos de risco para caer na bolsa da pobreza e na exclusión social.

Se queremos acabar con isto debemos pór en marcha políticas activas como a reactivación das políticas de oferta de emprego no sector público que introduzan criterios de discriminación positiva. A transformación do emprego feminino precario (tempo parcial) a emprego estábel (35 horas). Estabelecer porcentaxes fixas estábeis en todos os subprogramas presupostarios adicados a accións de discriminación positiva (planos de igualdade); isto desde as administracións locais ata os ministerios, empresas e organismos públicos. Apoio ás iniciativas de economía social das mulleres e para as mulleres. Políticas de formación específica. Planos de emprego das administracións públicas que prioricen ás mulleres no acceso en condicións de igualdade de dereitos ao emprego. Reparto do traballo: redución da xornada, para que traballásemos todos e todas, eliminación das horas extraordinarias, quinta semana de vacacións, permisos para a formación e por razóns familiares, adiando da idade de xubilación. En canto aos contratos en precario, penalización dos contratos a tempo parcial.

Ademais destas medidas é imprescindible falar de reparto do traballo reprodutivo (o doméstico), non só do traballo produtivo. E para que dito reparto sexa posíbel hai que apelar á corresponsabilidade (responsabilidade compartida independentemente do xénero) entre homes e mulleres nas atencións familiares e no traballo doméstico. Implica isto tamén a corresponsabilidade da sociedade nestas tarefas, debendo desenvolver servizos socio-comunitarios públicos e de calidade (garderías 0-3 anos gratuítas, atención aos maiores e persoas enfermas, e un longo etcétera...) Aquí temos outro argumento máis para reivindicar a redución da xornada laboral de homes e mulleres: a corresponsabilidade. Porque as mulleres somos a metade da sociedade queremos traballar, participar e contribuir nela en pé de igualdade. ♦

ISABEL SÁNCHEZ CORRAL é Coordinadora Área da Muller de Galicia de EU-IU



O Consello Nacional aprobará os nomeamentos o próximo 18

O BNG repetirá os cabezas de lista ao Congreso dos Deputados

Os catro cabezas de lista que o BNG apresentou hai catro anos ao Congreso dos Deputados, repetirán nos mesmos postos nas eleccións a celebrar no próximo Marzo, segundo acordou a súa Comisión Permanente o 29 de Novembro. Francisco Rodríguez e Guillermo Vázquez, actuais deputados, encabezarán as listas da Coruña e Pontevedra, respectivamente. Anxo Quintana e Xosé Manuel Rodríguez serán os candidatos a sentarse por vez primeira como eleitos de Ourense e Lugo.

Esta proposta terá que ser referendada polo Consello Nacional, na reunión que celebrará o 18 de Decembro, despois dun proceso asembleario comarcal no que se discutirán as propostas. No comunicado de prensa no que se fai pública o acordo da permanente frentista, afirma-se que "todo apunta a que as persoas designadas sexan ratificadas polo máximo organismo". É inusual que a permanente do BNG faga público uns nomes antes de ser ratificados polo Consello Nacional, semella que quixeran cortar as especulacións mediáticas, máis ou menos interesadas, que se viñeron pro-



Guillermo Vázquez e Francisco Rodríguez, deputados en Madrid polo BNG.

ducindo nas últimas semanas.

A permanente do BNG, que tomou este acordo sen votos en contra, segundo o cabeceira de lista de Ourense, Anxo Quintana, presentarálle a próxima semana ás diferentes zonas as listas xa definitivas para o Congreso e o Senado. Desde o BNG néganse a comentar as listas, "mentres non sexan aprobadas definitivamente", aínda que parece existir xa un principio de acordo na permanente nas da

Coruña e Pontevedra, non dándolles aínda tempo de estudar completamente as de Lugo e Ourense. Desde o BNG só acederon a manifestar que as "especulacións xornalísticas destes días están erradas".

Diversos medios tamén informaron de que Esquerda Nacionalista se atopaba ríspida coas listas que se estaban a elaborar, agoirando que se ían opoñer no Consello Nacional ás propostas da Permanente e acusándoos

indirectamente de realizar as filtracións aos distintos medios.

O portavoz nacional de EN, Alberte R. Fexoo, saíu ao paso destas afirmacións, garantindo o apoio pleno desta formación ás candidaturas aprobadas pola permanente o día 29, votadas afirmativamente polos membros deste partido. Rodríguez Feixoo, negou a existencia de diferencias da súa formación co conxunto do BNG, afirmando que "Esquerda Nacionalista defenderá e apoiará como partido integrado no BNG as candidaturas aprobadas para lograr os obxectivos previstos".

Tamén Anxo Quintana negou diferencias a respecto das listas no BNG, e, aínda que se negou a valorar "especulacións que se fan desde fora do BNG", precisou que el non advirte "ningun desexo de control por parte da UPG" como se veu especulando, afirmando que lle parece "lóxico que se fale de desacordo cando non existe tal na nosa organización".

O secretario xeral, de Unidade Galega, Domingo Merino, tamén se pronunciou no mesmo sentido, negando calquer diferenza ou disputa nas listas. ♦

O Supremo confirma dous anos de prisión para Manuel Arnoya

A confirmación de dous anos de prisión para Manuel Vázquez, propietario das adegas Arnoya e Fin de siglo, e Pedro González Irigoien, xerente das mesmas, procedente do Tribunal Supremo chegará a Ourense nuns días. Máis o recurso ante o Constitucional ao que teñen dereito os condeados, a Audiencia Provincial de Ourense terá que decidir o ingreso en prisión dos dous implicados no fraude do viño de Ribeiro. Se se lles aplica o novo código penal, non entrarían no cárcere. Vázquez e González Irigoien xa entraron en prisión no mes de Xuño de 1995, sendo postos en liberdade días despois ao non considerar o xuíz que existira perigo de fuga. ♦

A recuperación do río en Allariz ten que aprobarse en Madrid

Aínda que foi aprobada por unanimidade a proposta do BNG para que Fomento licite as obras de recuperación do río Arnoia en Allariz, para o deputado Francisco Rodríguez "non deixa de ser estraño que sexa no Congreso onde se debatan cuestións relativas á rexeneración do río Arnoia". Este río é afluente do Miño, que pertence á Confederación Hidrográfica do Norte con sede en Oviedo. O deputado defendeu que "se trata dun problema competencial, político. Está claro que non ten menor lóxica que a Xunta, e por tanto, o Parlamento galego, non sexan competentes sobre toda a conca do Miño, e consecuentemente, sobre o Arnoia". Desde hai tres anos a Confederación Hidrográfica non dera ningún paso para licitar estas obras consensuadas entre Meio Ambiente e o concello de Allariz. A cantidade que ten que aportar o ministerio é de 126 millóns de pesetas. ♦

Emilio Pérez Touriño subliña que os alcaldes non serán candidatos 'sen excepcións'

Francisco Vázquez rexeita o réxime de incompatibilidades apelando 'ao que decidan as bases'

Carlos González Príncipe, tenente alcalde en Vigo e senador, e Xavier Gago, rexidor de Vilagarcía, non están preocupados por non entrar nas listas das vindeiras eleccións xerais. Quen xa amosou a súa contrariedade pola decisión do comité federal do partido, foi o alcalde da Coruña, Francisco Vázquez, quen apela ao seu tirón electoral para opoñerse á exclusión como número un pola provincia. A executiva do PSOE galego reuniuse o luns en Compostela e concluíu que "non vai haber excepcións no réxime de incompatibilidades aprobado en Madrid".

Emilio Pérez Touriño foi tallante ao respecto subliñando que o comité federal do PSOE, reunido en Madrid o 27 de Novembro, establecera as incompatibilidades de cara ás eleccións xerais. Os alcaldes non poderán ser candidatos. "Non hai que facer unha interpretación unipersonal, senón que é unha norma xeral", afirmou. Respeito ao caso concreto de Francisco Vázquez, apuntou que "é unha grande alcalde de Galiza, e pode xogar, e tentaremos que xogue, un papel na escena política máis alá do concello e na medida que el queira".

Vázquez non está de acordo, non se conforma co Senado e non ten reparos en calificar a de-



Francisco Vázquez.

PEPE FERRIN/Arquivo

cisión de excluílo de "tremendo erro". Sinalou que a exclusión era un castigo por ter liberdade de opinión máis que o réxime de incompatibilidades é xeralizado. Non dubidou en recurrir aos exemplos xa que en Franza boa parte dos alcaldes son tamén parlamentarios. Vázquez recibiu o apoio do parlamentario e concelleiro Xosé Luís Méndez Romeu quen dixo que era un "suicidio" retirar ao alcalde da Coruña das listas a Madrid. "Se as bases voltan escoller a Francisco Vázquez, o PSOE galego terá que optar por seguir a Ma-

dríd ou non", dixo. Certamente en Madrid recean do seu papel de deputado, ao ter "fallado" en votacións coma a da lei do aborto e dada á súa escasa iniciativa no Congreso.

Pero Vázquez non só recibe o apoio dos seus compañeiros de goberno municipal. Como xa non é a primeira vez, o concelleiro Xosé Cuiña amosou o seu apoio "pesie a non ser eu quen de meterme no funcionamento interno doutra organización política". Nunha visita realizada o Martes 30 á Coruña, Cuiña su-

blíou o tirón electoral do alcalde socialista. "Ao longo dos anos as cousas ben feitas, que en principio parece que non teñen repercusión, terminan por tela, e os erros tamén se pagan sempre en política", comentaba o concelleiro que, sen embargo, non quería inmiscuirse na vida interna do PSOE.

Tampouco os líderes da oposición

O réxime de incompatibilidades aprobada polo comité federal do PSOE proíbe ademais optar a Madrid aos cabezas de lista e portavoces da oposición. Están afectados por esta decisión Carlos Príncipe, de Vigo, Xavier Gago, de Vilagarcía, e Bonifacio Barreiros, de Ferrol. O tenente alcalde vigués sinala que non ten problema en acatar a decisión do partido e Gago prefire á alcaldía á súa inclusión, nas listas das xerais. Pérez Touriño non adiantou ningún nome na reunión do luns 29, de xeito que o único que semella ter a praza asegurada é Xosé Blanco, o número un por Lugo. En tres semanas teñen que estar esbozadas unhas listas que, segundo as resolucións de Madrid, atenderán ao lema PSOE-Progresistas, cun 40% de mulleres presentadas e cunha apertura cara aos non militantes. ♦

Levan ao Parlamento a negativa dun hospital a non practicar abortos legais

O PSOE, através da parlamentaria Isabel Salazar, vai pedir a comparecencia do concelleiro de Sanidade Xosé María Hernández Cochón, para que explique porque se denegou o aborto a dúas vítimas, de Burela e Viveiro respectivamente, máis cumprir os requisitos legais. Desde o Hospital da Costa de Burela, onde non todos os xinecólogos son obxectores de conciencia, enviáronse ás dúas pacientes a clínica "El Bosque" de Madrid cos gastos da intervención a conta do Sergas. Ambas as dúas mulleres presentaban fetos con malformacións graves. ♦

Reafirmase no éxito das *Declaracións de Barcelona, Gasteiz e Compostela* UG asume a necesidade de incrementar a base social do BNG no seu III Congreso

► PC.

Defender o "pluralismo político", mellorar as "canles de participación interna", criar "estratexias de implicación política da base militante", formar "novos cadros", "feminizar" a representación pública, artellar as estruturas de "traballo sectorial" e lograr unha máis acadaia conexión coas organizacións da sociedade civil, foron algúns dos compromisos aos que chegou a militancia de Unidade Galega no seu III Congreso, celebrado en Compostela, o pasado Sábado 27 de Novembro.



Un intre do III Congreso de Unidade Galega celebrado en Santiago o pasado Sábado.

Partindo dunha ponencia base na que se presentaba unha análise da situación política galega e estatal, o papel do BNG neste contexto e o de Unidade Galega dentro do fronte abríuse o debate entre a militancia asistente ao III Congreso.

Da diagnose da situación política galega, co PP no goberno, o BNG como segunda forza política e o PSOE perdendo posicións, unha advertencia, "a hexemonia do PP dista moito de se atopar fronte a unha fase política terminal", segundo os resultados das eleccións de Xuño. E unha interpretación da nova situación política xerada, "o que veñen significar é que apartir de agora a posición dos conservadores galegos é moito máis vulnerábel" porque, segundo UG, hai unha corrente de opinión "emerxente", que demanda "un radical cambio na dirección do noso autogoberno".

Xunto a estas matizacións a respecto da posición na que se atopan os populares, tamén se analizou a situación política na que se atopa o PSdG-PSOE. Desde a ponencia confirmábase un "importante triunfo político" ao manter a súa posición nas municipais e conseguir frear o descenso continuado verificado en anteriores comicios. Un freo que os responsábeis da ponencia explicaban en base a que "soubo promover e beneficiarse da bipolarización do xogo político estatal".

Sen embargo, esta interpretación, suscitou un intenso debate e algunhas matizacións. A conclusión á que se chegou foi que tampouco había que sobredimensionar eses resultados e que, en todo caso, tratábase de medidos atendendo ás especificidades dos comicios.

Asentamento do BNG

Loxicamente, a análise da actual situación do nacionalismo foi a que centrou o interese do congreso xunto coa análise da situación da propia UG no seo do BNG. Entre outros aspectos sinalouse o medre eleitoral experimentado nos últimos anos e a importancia de terse consolidado como alternativa de goberno e, sobre todo, a relevancia do traballo institucional, tanto a nivel galego como estatal e agora tamén europeo.

Unidade Galega entende funda...

mental incrementar a base militante do BNG para aparelala ao medre electoral. "Interesa integrar", aseguran, "a axentes sociais e políticos activos, con capacidade de iniciativa e mediación social, pero igualmente abrímos ao común dos cidadáns que simpatizan e apoian electoralmente ao BNG".

Ao tempo, estebelécese, de cara ao futuro, a necesidade de consolidar o papel dos militantes de UG e de ubicar a esta forza política no seo do BNG afortallando a súa posicións. Por unha banda deféndese o "pluralismo político da organización", pero pola outra, fáise referencia explícita aos esforzos por "participar na construción de maiorías".

Uns esforzos que non acadaron os resultados desexados por esta forza política e que deron como resultado que "o noso posicionamento actual non resulta colectivamente demasiado gratificante". Enténdese que para reforzar o seu posicionamento e acadar os seus obxectivos, poderíase "percurar a converxencia coa organización que se apre-

senta como máis afín, Esquerda Nacionalista". Sen embargo, considérase que non se pode chegar a ese común posicionamento porque "máa a existencia dunha componente ideolóxica común, as nosas prácticas internas teñen seguido, as máis das veces, camiños diverxentes".

Ao tempo, manteñen viventes as conclusións ás que se chegou no II Congreso, segundo as que "a posición central da UPG na articulación de maiorías dentro da organización, á par que outorga unha certa estabilidade, causa en moitas ocasións fortes tensións ao ir acompañado de comportamentos pouco respetuosos coa pluralidade interna". Unha interpretación que, de seguida se matiza subliñando que esa posición "central", fundamentase nunha "poderosa razón democrática: é a formación política maioritaria no sistema de partidos do BNG, o grupo que máis capacidade de interlocución ten cos outros colectivos ou partidos, é o Bloque histórico anterior ao BNG e aporta unha parte considerábel dos seus líderes históricos".



Máis de quince mil persoas acudiron á manifestación convocada o pasado Xoves 25 de Novembro en Ourense pola plataforma contra a suba dos impostos. Os participantes na protesta percorreron as principais ruas da cidade rematando a mesma na Praza Maior, non sen antes facer unha parada diante da casa do alcalde popular Manuel Cabezas. A plataforma, na que están integrados os partidos da oposición, sindicatos e dez asociacións veciñais, calificou de éxito a convocatoria, dirixida a protestar contra a suba das taxas municipais por riba do IPC. Para o Xoves 2 de Decembro está convocada unha concentración diante da casa do concello mentres se celebra un pleno ordinario, aínda que non sexa neste no que se van debatir os orzamentos. A plataforma solicita do concello que o pleno no que se traten o aumento das taxas, no mes de Decembro, sexa celebrado en horario non laborábel e nun local con máis capacidade que o salón de plenos.



Mil millóns para a Fundación Cela

Miguel Anxo Rodríguez presenta en TEMPOS NOVOS unha reportaxe sobre as subvencións percibidas pola Fundación Camilo Xosé Cela. "As máis importantes administracións políticas déronlle prioridade á Fundación Cela nas súas respectivas políticas culturais. O Ministerio e a Consellería de Cultura, por exemplo. Pero tamén as catro deputacións, que achegan partidas millonárias presionados os seus respectivos presidentes por Manuel Fraga, que é o máis decisivo protector do Premio Nobel de Padrón na Galiza (...) Cela preside o padroado e a súa muller, Marina Castaño ocupa a vicepresidencia (...) Estímase que o desembolso de fondos públicos desde o inicio achégase aos mil millóns, na súa maior parte para rehabilitar catro das oito casas dos Cóengos (...) A pesar da xenerosidade das fontes públicas, a Fundación rexistra unhas perdas acumuladas nos catro últimos anos de máis de 41 millóns de pesetas. No exercicio de 1998, as perdas multiplicáronse por dous, pasando de 6,4 millóns no 97 a 12,6 millóns no pasado exercicio".

As varas de medir da xustiza arxentina

O historiador arxentino Osvaldo Bayer arremeteu contra a dobre moral da xustiza do seu país no xornal PÁGINA 12. "Xa van cumprirse once anos desde que a nosa sociedade mantén presos aos mozos de La Tablada. Nunca talvez na miña vida me sentin tan violentado polo problema ético que significa vivir nun país onde todos os asasinados do sistema de desaparición de persoas que actuaron coas armas da Nación, os organismos da Nación e as institucións da Nación, dicir, desde arriba e con toda impunidade, pasean libres polas nosas cidades en virtude de leis outorgadas polos

governos dos dous partidos maioritarios, mentres que a uns mozos que intentaron ocupar o cuartel de La Tablada condenáronos de por vida na peor cadea do país, construída -vaia a ironía- polo ditador Videla. Dalgunha maneira se continuaba con outras formas a represión comezada en 1976. É dicir, para os de abaixo, aqueles que intentaban algo co risco das súas vidas e dando a cara, o castigo con todo o peso da lei; para os que en cambio o facían coa impunidad do poder, o descarado perdón público (...) Cando o Movemento "Todo por la patria" intenta entrar no cuartel, Alfonsín nomea represor ao xeneral Arrillaga, un dos piores verdugos do proceso videliano, nada menos que o autor da "noite das gravatas" en Mar del Plata. Arrillaga chega inmediatamente cos seus tanques e metralladoras e granadas de napalm a La Tablada. (Fíxese o lector: ante un golpe militar anterior enviase ao xeneral Alais a reprimir, que non chegaba nunca. En troques ante os civís da esquerda, enviase a un xeneral probado no método da desaparición de persoas, quen chega a La Tablada case antes cós atacantes.) (Outro detalle: ante o primeiro levantamento do carapintada Rico, o propio presidente Alfonsín voa en helicóptero até o cuartel para parlamentar co infame traidor á democracia, en tanto que a La Tablada, Alfonsín concorre xunto cando todo está acabado e fotografase sorrinte ao lado dos oficiais represores e ante o cadáver esmagado dun mozo guerrilleiro. Por que esa diferenza?).

O posibilismo de Daniel Ortega

O xornal de Manáguá EL NUEVO DIARIO fíxolle unha entrevista ao ex presidente nicaraguano Daniel Ortega para que explicase o seu intento de aliarse co goberno somocista. "A corrupción é parte consustancial do neoliberalismo, do capitalismo, aquí neste país instalouse a corrupción co proxecto neoliberal que gañou o poder en 1990, ou sexa que desde 1990 está avanzando a corrupción, establecéndose cos gobernos de dereita que temos no 90 e no 96, que son as mesmas forzas que se conxuraron no seu antisandinismo para apoiar a UNO no 90 e á Alianza Liberal no 96 (...) Pero o sandinismo, que podía facer, se o goberno obtivo unha votación maioritaria?, o povo votou por eles, aínda que despois non cumpriron todas as ofertas que lle fixeron ao povo, pois tiñamos que agardar ao próximo goberno, e o outro era buscar acordos con ese goberno en beneficio da poboación e nós tomamos múltiples acordos con eles".

Como analiza UG a sua situación no seo do BNG transcorridos cinco anos desde a sua integración?

Nós fixemos unha aposta no ano 1994 coherente e congruente co que era a nosa posición política. Daquela estabamos moi lonxe de pensar que nun curto espazo de tempo o BNG ia adquirir a dimensión que ten hoxe, cos resultados obtidos nos distintos procesos eleitorais nos que se foi medrando constantemente. A respeito do proceso interno, a situación actual de Unidade Galega é moi distinta tamén á de 1994. Isto reflexouse, tanto na viveza que tivo o Congreso, como nos debates ou na presenza de xente para integrar os distintos organismos. Logo do Congreso, UG saíu reforzada porque temos unha posición moi clara a propósito da situación política e dos retos do nacionalismo, sobre o seu pasado e con que medios podemos levalos adiante. Sempre entendido isto, tendo en conta que o noso reforzamento como organización non está rifado, nen moito menos, con eses debates que se teñen suscitado, da nosa man, sobre se é bon ou non que os partidos se disolvan nunha organización única sen colectivos internos. Xa dixemos que non queríamos prantexar este tema se non se partía dun mínimo consenso, para non criar dentro do BNG debates innecesarios, pero coído que é un tema importante compatíbel co noso reforzamento.

Cales foron os aspectos que máis debate suscitaron dentro do propio Congreso?

O fundamental é a opinión común de que UG non ten unha axenda diferente do BNG. E neste intre, temos en conta as necesidades políticas e organizativas do BNG, os procesos nos que o BNG está, o tema das relacións cos outros partidos nacionalistas do estado, o tema das eleccións xerais, a política interna, as relacións co PSOE e co PP. Todos eses foron elementos da ponencia e do debate. Tamén tivo bastante alcance o tema de como UG pode acadar unha maior eficiencia no seu traballo político, na aportación de xente ao BNG e tamén no mellor aproveitamento dos seus recursos internos, que pasan porque a xente teña unha mellor posición para o traballo político no BNG e tamén unha maior información e coordinación da nosa estrutura organizativa co obxecto de viabilizar e analizar as alternativas concretas.

O papel da militancia de UG no BNG foi debatido nos anteriores Congresos. Daquela falábase da necesidade de incrementar o traballo para poder participar máis na vida interna da frente. En que situación se atopa este debate?


Efeitivamente nós non podemos dicir unha cousa e actuar no senso contrario. Pedimos á xente máis compromiso interno no BNG, partindo dunha cuestión: o BNG é hoxe unha institución nacional e os nacionalistas temos unha ferramenta política como nunca antes tivo o nacionalismo. Sería unha irresponsabilidade non ter isto en conta e é un ben a preservar, polo que significa o Bloque Nacionalista Galego como punto de encontro dos nacionalistas, como alternativa e institución

Domingos Merino

'Na elaboración das listas houbo xenerosidade e acordo entre todos'

✦ PAULA CASTRO

UNIDADE GALEGA CELEBRABA, O PASADO SÁBADO 27 DE NOVEMBRO, O SEU III CONGRESO. DOMINGOS MERINO, SECRETARIO PORTAVOZ, ANALISA A SITUACIÓN INTERNA DESTA FORZA POLÍTICA INTEGRADA DENTRO DO B.N.G. E AS EXPECTATIVAS DO NACIONALISMO DE CARA ÁS PRÓXIMAS ELEIÇÕES. MERINO REITERA A "LEALDADE POLÍTICA" DOS MEMBROS DE U.G. NO SEO DA FRENTE NACIONALISTA E O COMPROMISO DOS SEUS MILITANTES DE INCREMENTAR OS ESFORZOS PARA AFORTALAR O B.N.G., AO QUE CALIFICA COMO "INSTITUCIÓN NACIONAL".



A. PANARO

nacional. Na nosa organización, no debate subxacente e no propio documento temos clara a necesidade de actuar en coherencia con isto. Xa cando entramos dixemos que entrabamos con lealdade e o tempo transcorrido, sobradamente acreditou esa posición. Nese sentido, seguimos mantendo esa lealdade, porque o proxecto

non é de ninguén e é de todos, dos que están dentro do BNG e do propio povo galego. Ese compromiso co proxecto e a alternativa que representa o BNG é unha obriga para todos. Trátase de corresponder a esa obriga, cada un na medida das súas posibilidades e cunhas tarefas concretas: ter unha actitude interna acorde con esa res-

ponsabilidade, manter esa lealdade e propiciar o debate das distintas posicións políticas coherentes con eso que emanen das nosas decisións congresuais.

Nos últimos tempos teñen transcendido certas diferencias internas a respecto de cuestións como a elaboración das listas...

Hai ocasións nas que é inevitábel que se susciten cuestións como as cuotas de partido. A nosa proposta de disolución dos partidos resolvería este problema ou, polo menos, non introduciría elementos que ás veces provocan tensións. En todo caso, hai un desexo externo de que aparezan problemas no seo do BNG para amplificalos e ter a escopeta preparada para calquera problema que apareza. Hai problemas noutras organizacións que sobardan, con moito, os do BNG que son relativamente insignificantes neste panorama e sen embargo hai esa tendencia a magnificalos. Agora estamos co tema das listas aínda que xa a permanente aprobou aos cabezas de lista. É unha proposta que saíu por unanimidade da comisión permanente e isto demonstra que as cousas fanse con sentido común, con lealdade e xenerosidade por parte de todos.

De cara ás próximas eleccións xerais, cales son as perspectivas que se lle albiscan ao nacionalismo?

O que lle convén á Galiza é que o BNG dispoña dun grupo parlamentar propio e, ao tempo, ter representación propia no Senado. O BNG neste anos no Congreso dos Deputados fixo un traballo fenomenal, un traballo importantísimo. Pero logo desto xa non estamos no punto de dicir simplemente: aquí estamos nós e deixar constancia de que quen defende os intereses do país somos os deputados do BNG no Congreso. Agora trátase de dispoñer dun grupo parlamentar que incida na política estatal con relación á Galiza como inciden outras comunidades. Sería moi importante porque o peso político de Galiza no estado aumentaría e por medio do BNG poderían defenderse iniciativas coa influencia necesaria para, cando menos, variar a situación actual, que é bastante discriminatória para o país. Ao remate do Congreso lembrei que o que se evidenciaba na situación actual é que esa vontade de ter un goberno novo en Madrid é un valor. A experiencia de ter un goberno amigo xa a vivimos e estase amosando como claramente negativa para Galiza. Por iso convén que a opinión pública vaia tomando nota, como se viu nos últimos anos. Daí derivaríanse condicións novas nos próximos anos para o país e para o BNG, como organización que defende precisamente eses intereses.

Logo da elección de Camilo Nogueira como eurodeputado, vostede entra no Parlamento galego para substituílo. Como avalía o tempo que leva traballando no grupo parlamentario?

O grupo parlamentario está a facer un moi bó traballo e o meu papel en concreto, na medida en que xa entro avanzada a lexislatura, cun esquema de traballo xa feito, por unha banda é máis cómodo pero pola outra é máis difícil. Máis cómodo porque me integro cando xa está todo en marcha, pero no plano persoal é máis complicado na medida en que xa as distintas áreas de actuación están designadas. Estou moi contento polo traballo que se fai no grupo e espero que a miña aportación poida ser máis produtiva a partir do próximo período de sesións. ♦

Miles de estudantes de ensino médio e universitário maniféstanse en contra da progresiva privatización do ensino público

Estudantes de ensino médio e universitário protagonizaron o Mércores 1 de Decembro mobilizacións nas cidades con campus universitário e en diferentes vilas do país convocados polos **Comités Abertos de Estudantes (CAE)** e polos **Comités Abertos de Escola e Facultade (CAEF)**.

As persoas participantes nas manifestacións rexeitan o decreto que reforma o *Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP)*, demandan unha subvención de cando menos un 30% do custe dos libros de texto nos tramos de ensino non obrigatórios e a súa gratuidade nos obrigatórios, ao tempo que exigen a transferencia da competencia en materia de bolsas a comunidade autónoma e que se cumpra o mínimo legalmente establecido dun 8% de prazas subvencionadas en residencias universitarias.

A manifestación máis numerosa foi a de Santiago, na que os estudantes aproveitaron para entregar no Parlamento máis de 5.000 sinaturas en contra da reforma do CAP. As organizacións convocantes explicaron que a maior parte das eivas, no caso das Universidades, solucionaríanse cunha Lei de Financiamento que recolla os fondos



Só en Santiago xuntáronse ao redor de 5.000 estudantes.

A. PANARO

necesarios para que as autoridades universitarias poidan cuestionar cun mínimo grao de autonomía este sector do ensino público.

A respecto dos libros de texto, os CAE lembran que o custe ascende até unha media de 35.000 pesetas por familia nos tramos obrigatórios e de 43.000,

nos bachelatos, ciclos formativos e na universidade, polo cal o dereito a recibir un ensino gratuito recollido na Constitución, "fica en papel mollado".

Para a organización da mocidade do BNG, *Galiza Nova*, a falta de solucións ante este tipo de demandas responde "á intención do goberno do Partido Popular de desmantelar todo atisbo de gratuidade, pulando claramente polo ensino privado".

A reforma do CAP

Cursar o CCP, *Curso de Cualificación Pedagóxica* antes coñecido como CAP, é obrigatorio para poder exercer como profesor de ensino médio. A reforma recollida no Real Decreto 1652 do ano 95, de aplicación inmediata, establece a implantación de numerosos clausus e a ampliación da súa duración dos 6 meses, a un período non inferior a 1 ano e que pode quedar en 2.

O estudantado non terá dereito a bolsa e o custe do curso -que segundo os CAF esta formulado para retardar o acceso ao mercado laboral e supón unha traba económica a maiores- estará entre as 80.000 e 130.000 pesetas, fronte ás 28.000 pesetas actuais.

A organización estudiantil valorou moi positivamente a resposta do estudantado e anunciou novas mobilizacións coas que exixir un diálogo por parte da Administración. ♦

35 anos da UPG ao servizo da Terra

Edición fac-símile do Terra e Tempo Nº 1 1965

Edición fac-símile Terra e Tempo número 1-1965

O NACEMENTO DA UPG.
Bieito Alonso Fernández
OS PRINCÍPIOS DA UPG (RESPOSTA A RAUL GRIEN).
Xoán Carlos Garrido Couceiro
A CONSTITUIZÓN EN PARTIDO COMO PRODUTO DUNHA DINÁMICA SOCIAL E NACIONAL.
Alfredo Suárez Canal
O NACIONALISMO GALEGO NOS ANOS DA TRANSICIÓN.
Bautista Álvarez Domínguez
ORANIZACIÓNS DE MASAS E CONFLITIVIDADE NA GALIZA.
Xesus Seixo Fernández
A DEFESA DA TERRA.
Emilio López Pérez

OS ANOS CRÍTICOS E DECISIVOS (1980-1982).
Lois Diéguez Vázquez
AUTODISOLUCIÓN DA AN-PG E NACEMENTO DO BNG.
María do Carme García Negro
FUNCIÓN DA UPG NA FRENTE NACIONALISTA BNG.
Francisco Rodríguez Sánchez

QUE É A UPG.
DEBATE SOBRE O XURAMENTO DA CONSTITUIZÓN.
A SITUACIÓN POLÍTICA NOS PAÍSES SOCIALISTAS EUROPEUS.

NUMEROS ATRASADOS:

- 1.- Galiza nun período histórico de seu.
- 2.- Colonialismo: un concepto en vixencia.
- 3.- O marxismo no contexto nacional.
- 4.- O neoliberalismo desde Galiza.
- 5.- Maastricht e nós. (Mais sempre fomos Europa).
- 6/7.- Xénero e Nación.
- 8.- Autodeterminación en movemento.
- 9/10.- Os non nacionalistas na Galiza.
- 11.- O papel da Igrexa na Galiza.
- 12.- 35 anos da UPG ao servizo da Terra.

NOVOS ENDEREZOS →

Páxina Web: www.uniondopovogalego.org

Correo Electrónico: terraetempo@uniondopovogalego.org

TERRA E TEMPO Á VENDA EN:

<p>O CARBALLIÑO Librería Epi</p> <p>CORCUBIÓN Quiosque Rosalia</p> <p>A CORUÑA Librería Couceiro Librería Lume</p>	<p>A ESTRADA Librería Alberte</p> <p>FERROL Librería Índice Galería Sargadelos</p> <p>LIBrería Limiar</p> <p>FOZ Librería Bahía</p>	<p>A GUARDA Quiosque Cocadas</p> <p>LUGO Galería Sargadelos Librería Souto</p> <p>LIBrería Biblos</p> <p>MELIDE Librería Parrado</p>	<p>NOIA Esenduría Nº 2</p> <p>OURENSE Librería Targa A.C. Auriense</p> <p>AS PONTES Librería Do neno</p>	<p>PONTEVEDRA Librería Paz</p> <p>REDONDELA Librería Retrinco</p> <p>RIBEIRA Librería Cousas</p> <p>SANTIAGO Librería Couceiro</p>	<p>Librería Pedreira Librería Fallas Novas Quiosque Ártico Sargadelos Librería Gallaecia Librería A palabra perdida Quiosque Raquel</p>	<p>YIGO Librería Ir Indo Librería Cartabán Librería A Caixa de Pandora Galería Sargadelos Prensa Mundial Quiosque Raquel</p>	<p>VILALBA Librería Segrel Librería Pergamino Librería Pergamino 2</p> <p>VILAGARCIA Librería Limiar</p>	<p>BARCELONA Galería Sargadelos</p> <p>MADRID Galería Sargadelos</p>	<p>EDICIÓNS</p>
---	---	--	---	--	---	---	--	--	-----------------

COMARCAS

Os socialistas propoñen os dous primeiros anos cun alcalde nacionalista PP, PSOE e BNG de Ponteareas están a negociar a moción de censura contra Castro

"Extrema discreción" e "situación excepcional" son os dous calificativos que emprega a oposición en Ponteareas para referirse á negociación da moción de censura contra o rexidor Xosé Castro. Tras máis de trinta anos no goberno municipal, BNG, PSOE e PP consideran que a única solución para que Xosé Castro deixe o concello é "política". Nos vindeiros días comezan as reunións para acordar os termos nos que se vai presentar a moción.

O PSOE ven de lanzar unha oferta de negociación da moción de censura. Nos preto de catro anos de lexislatura que restan, conformaríase un goberno progresista nos dous primeiros. O alcalde sería o nacionalista Roberto Mera, cuxa formación ten tres concelleiros fronte aos dous do PSOE. O resto da lexislatura o goberno estaría encabezado polo popular Salvador Gómez Solá, cuxa lista obtivo cinco representantes nos pasados comicios do 13 de Xuño. "Esta é unha proposta inicial para a negociación. Non ten porque ser a definitiva, estamos abertos ao debate", admite Carlos Losada, líder do PSOE ponteareán.

"De calquer xeito o que si sabemos os tres partidos da oposición é que a solución para rematar co goberno de Castro non pasa por indultos nen por xuízos, senon



Roberto Mera, portavoz do BNG, e Xosé Castro, Alcalde de Ponteareas.



por un acordo político. E nese sentido é moi salientábel que nos puxeramos de acordo para sentar nunha mesa e comezar a dialogar", engade. Losada reseña a importancia de que estas conversacións non saian á luz pública até que se chegue a un acordo.

Roberto Mera, concelleiro e cabeza de lista do BNG, coincide con Losada na discreción do proceso negociador. "Trátase dunha situación excepcional e non queremos confundir aos veciños", sinala. A asemblea local

xa enviou un informe á dirección nacional do BNG para explicar os termos nos que se pode actuar en Ponteareas e, nos vindeiros días, segundo explica Mera, darase unha rolda de prensa para dar a coñecer a postura dos nacionalistas. "En todo caso, nós queremos actuar con xenerosidade e estamos dispostos a chegar a un acordo político", reseña. Pola súa banda, o PP tampouco adianta os postulados cos que vai sentar na mesa coas outras dúas forzas da oposición e limitase a lembrar que o BNG

máis de trinta anos na casa do concello. Os votos de PSOE, BNG e PP xa serviron para aprobar unha medida —que partía dos nacionalistas— cunha forte carga simbólica para a vila: retirar o busto de Franco que preside a Praza Maior e substituír os nomes franquistas das ruas por outros máis acordos coa realidade democrática. Para o PP, oposto á medidas semellantes noutras vilas galegas, é un dos primeiros pasos de achegamento cara as forzas progresistas. ♦

non quer votar un alcalde popular. Da opinión da formación conservadora sobre a proposta do PSOE, non adiantan ren.

Primeiros acordos

A negociación entre as tres forzas da oposición é vista con bos ollos polo elixido oposto a Xosé Castro, que non entende como este con sete concelleiros fronte a 9 das outras formacións continua gobernando tras

O alcalde de Portomarín convoca un pleno para non ir declarar ao Xuzgado

O Martes 30 de Novembro, o alcalde de Portomarín, Eloi Rodríguez, convocou un pleno extraordinario para a mesma hora que tiña que ir declarar ao Xuzgado como imputado por un presunto delito de malversación de caudais públicos e falsedade documental. Rodríguez sinalou que non recebera ningunha citación, pero desde o BNG indican que o propio rexedor, através do procurador, enviou unha comunicación ao Xuzgado na que explicaba que non podía acudir por estar presidindo un pleno. É a primeira vez que en Portomarín se convoca un pleno para as dez da mañá, hora na que o alcalde tería que dar explicacións en Chantada a respeito dunhas supostas irregularidades cometidas na aprobación, certificación e pago de tres proxectos que afectan á piscina, campo de festas e refuxio municipais. ♦

Os alcaldes da Mancomunidade de Vigo asinan a Declaración de Soutomaior

Os alcaldes de Baiona, Fornelos, Gondomar, Nigrán, Porriño, Pazos de Borbén, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo veñen de asinar un documento no que se comprometen a criar na Mancomunidade de Vigo un área metropolitana e no que formulan o que vai ser o seu plano de acción até 2003. O documento, coñecido como *Declaración de Soutomaior*, recolle entre outras medidas a posta en marcha dun Plano Director de Infraestruturas, a coordinación de servizos e modos de transporte, a creación dun consorcio de auga e outro de turismo e o tratamento da problemática dos residuos sólidos urbanos ao nivel da área. ♦

Manifestación en contra do trazado da Autovia do Cantábrico

Ao redor de dous mil veciños de Galiza e Asturias, acudiron até Návia o Domingo 29 para manifestarse en contra de que a autovia do Cantábrico sexa construída a rentes da costa como pretende o Ministerio de Fomento. A mobilización estaba convocada pola *Plataforma de grupos pro trazado alternativo* que ten programada unha nova protesta para o día 16 de Decembro en Oviedo. No acto participou tamén a *Plataforma en Defensa da Ría* e diferentes asociacións veciñais. ♦

Ana Lois Navaza foi illada na casa das piscinas despois de ser eleita

O alcalde de Dozón abre un expediente disciplinar á delegada sindical no Concello

→ P.B.

O alcalde de Dozón, Adolfo Campos (PP), que impede aos funcionarios do Concello usar o teléfono, o fax e a fotocopiadora, ven de isolar a recén eleita delegada sindical pola CIG, Ana Lois Navaza, nunha casa ubicada dentro do recinto das piscinas municipais. O goberno municipal tamén lle comunicou o 19 de Novembro, unha vez celebradas as eleccións, a apertura dun expediente disciplinario por "desacreditar ao alcalde".

Ana Lois Navaza saliu eleita delegada sindical pola CIG o 3 de Novembro, unha vez que a central sindical acadou o 100% dos votos entre os traballadores do Concello. Dous semanas despois, comunicábaselle desde o goberno municipal a incoación dun expediente por unhas supostas declaracións aos medios de comunicación que "desacreditan ao alcalde". O caso é que dúas semanas antes, Ana Lois Navaza quedou pechada no Concello porque o alcalde e o secretario pasaron a chave da Casa Con-

sistorial ás dúas e media, péis a que a xornada laboral dos funcionarios remata ás tres da tarde. "Tentei abrir e decateime de que estaba encerrada —conta. Como as fiestras teñen reixas e non se nos deixa usar o teléfono, que está baixo chave, através do meu móbil chamei á Garda Civil para que me viñeran abrir. Despois apresentei unha denuncia no Xuzgado de Instrución porque isto vai en contra da lei de riscos laborais en materia de seguridade".

Os funcionarios sofren contínuos cambios do seu lugar de traballo e de horario. O 2 de Novembro, Ana Lois, foi ubicada nunha casa que está no recinto da piscina e que non está dotada do material laboral necesario. "Como premio ás eleccións sindicais metéronme nun caseto sen calefacción, teléfono, nen limpeza de oficina. O Venres 19, cando cheguei ás oito da mañá tampouco tiña luz. Tiven que ocuparme de buscar eu mesma o cadro de limitadores".

Os problemas co alcalde non son novos. A comezos de ano eliminou as domiciliacións ban-

caías dos soldos dos traballadores e decidiu pagalas mediante talóns bancarios. En Febreiro denegou quince días de vacacións a unha funcionaria e en Abril negouse a aceptar o plano dos traballadores para repartirse as feiras. O rexidor tamén decidiu illar aos funcionarios, separándoos en despachos diferentes e poñendo o teléfono, fax, fotocopiadora e arquivos baixo chave.

O Martes 23 de Novembro o secretario comarcal da CIG entregou na sede do PP en Madrid un dossier nos que se detalla a actividade política do alcalde de Dozón que segundo informou este xornal (ANT nº898) aproveita a condición de alcalde e a influencia sobre a economía local para impor as súas decisións sen permitir discusión.

Folga dos traballadores

Previamente, os días 4, 5 e 6 de Outubro os funcionarios de Dozón fixeron folga en protesta polo trato que reciben na Corporación. Así mesmo o día 4, delegados sindi-

cais da comarca acudiron até a vila para protagonizar unha concentración de solidariedade cos traballadores. Posteriormente desprazáronse até Lalin e presentaron un escrito ao alcalde e tamén secretario comarcal do PP, Xosé Crespo, que recollía as súas queixas. As protesta continuaron o día 6 na Deputación de Pontevedra, onde unha delegación da CIG mantivo unha reunión co seu vicepresidente, Rafael Louzán. "Nesta xuntanza o propio Louzán recoñeceu que Adolfo Campos cometera bastantes erros e que ia trasladar o caso a Xosé Crespo para que tomara algunha decisión ao respecto —explica Ana Lois Navaza. Non fixeron nada e agora agardamos a que o PP de Madrid, que se proclama tan centrista, tome algunha medida".

A CIG tamén denuncia que o tenente de alcalde, Xosé Adonis Rodríguez, tentou boicotear as eleccións sindicais. "Chegou a mesa electoral e quixo botar á xente fora do Concello, cando a lexislación establece que os comicios teñen que celebrarse no centro de traballo e en horario laboral",

A plataforma anti-peaxe convoca unha marcha a pé de Moaña a Rande Os galegos do PP votan no Congreso contra a gratuidade do tramo Rande-Vigo

⇨ P.C.

O 2 de Decembro, débatese no Parlamento galego a proposición non de lei sobre a gratuidade da autoestrada A-9 no tramo Rande-Vigo, a proposta do BNG. O goberno central aprobaba, o pasado 25 de Novembro, unha rebaixa da peaxe, pero ao entender dos nacionalistas, este desconto é insuficiente. O propio goberno galego, através do conselleiro de Política Territorial, Xosé Cuiña, anunciaba que se está a negociar coa empresa concesionaria un incremento desa rebaixa. O executivo pretende chegar a un acordo cos concellos afectados e coa deputación de Pontevedra, para que sexan estes quen asuman o pagamento de parte dos custos. A oposición dos nacionalistas a esta vía súmanse tamén os alcaldes de Cangas e Moaña, do PP e a propia deputación.


Logo de coñecerse a decisión adoptada polo goberno central, o conselleiro de Política Territorial saía ao paso das críticas asegurando que o goberno galego estaba a negociar para acadar unha solución. A vía pola que opta a consellería é a de conseguir un compromiso por parte dos concellos do Morrazo para que estes asuman, xunto coa Deputación de Pontevedra, o pagamento de parte da peaxe.

Segundo explica Bieito Lobeira, "esta só beneficiaría a aqueles usuarios que puideran demostrar que son habituais e á empresa concesionaria, Autopistas do Atlántico", que garantiría o seu nivel de ingresos coa única diferenza de que serían cartos públicos na vez de cartos dos viciños.

Desde a Plataforma Anti-peaxe xa se ten convocada unha marcha a pé pola estrada de Moaña a Rande para o próximo día 11 de Decembro. Para eles, igual que para os nacionalistas é necesario que o tramo sexa gratuito, unha demanda á que agora se tamén se suman os alcaldes populares de Cangas e Moaña. Os responsábeis municipais da comarca do Morrazo manifestaron a súa oposición a que sexan os concellos quen asuman a redución de custos que pretende negociar Cuiña.

A favor en Madrid

Paradoxicamente, os deputados galegos do PP no Congreso, votaron a favor da proposta presentada polo ministro de Fomento, Arias Salgado e, xa que logo, en contra do posicionamento defendido polos seus compañeiros de partido no parlamento galego. En todo caso, os representantes populares terán ocasión de validar a súa postura a respecto da peaxe Rande-Vigo no debate da proposición non



A supresión da peaxe na ponte de Rande é a principal reivindicación dos viciños. A.N.T.

de lei que presentará o deputado nacionalista Francisco Trigo.

O que se demanda através da proposición é que o parlamento inste ao goberno galego para este dirixirse ao goberno español para que se "estabeleza a gratuidade do tramo da autoestrada do Atlántico (A-9) comprendida entre a ponte de Rande e Vigo e viceversa, para os usuarios con entrada e saída na peaxe da estación do Morrazo".

O decreto-lei presentado por Arias Salgado limita a rebaixa das tarifas das autopistas de peaxe a un 7% pero declara a gratuidade de certos tramos en Catalunya, en base á súa declaración como tramos de utilidade pública. Para os socialistas tanto a rebaixa das peaxes como a gratuidade, é negativa. Por iso votaron en contra, argüindo que se favorece ás empresas concesionarias. Só se manifestaron favorábeis á gratuidade en aquelas autopistas nas que as estradas non garanten unha axeitada mobilidade.

"A favor de calquera decisión do goberno destinada a rebaixar as tarifas vixentes nas autopistas de peaxe" declaráronse os representantes do BNG no Congreso. Sen embargo, Guillermo Vázquez matizou esta afirmación indicando que, nos casos

dos tramos Rande-Vigo, Morrazo-Vigo e A Barcala, na Coruña, as rebaixas son insuficientes e é precisa a súa gratuidade.

Malia as explicacións dadas por este deputado, segundo as que o custe medio por quilómetro do tramo Pontevedra-Vigo supera á media europea e acada as 9-10 pesetas por quilómetro, ás demandas dos viciños afectados e as propias declaracións realizadas polos representantes do PP galego, os seus homónimos en Madrid aprobaron sen cuestionamento algún, o decreto-lei de Arias-Salgado.

Estas contradicións son aínda maiores se se ten en conta que as declaracións de utilidade pública de certos tramos en Catalunya realízanse en base a criterios semellantes aos expostos polos nacionalistas galegos a respecto do tramo Rande-Vigo. Os viciños do Morrazo "vense obrigados a utilizar a autopista por motivos de traballo, de estudos ou de saúde e carecen dunha alternativa gratuita por estrada", sinala Vázquez, quen engadía que "estes tramos, Rande-Vigo, por ser en realidade unha estrada de circunvalación, e o do Morrazo-Vigo, por non existir alternativa, deben ser liberados de peaxe, como tamén debe ser gratuito o tramo da Barcala na Coruña". ♦

Ponto de inflexión

MANUEL CAO

Hai que datar na chegada de J.M.^a Aznar á Moncloa un cambio importante na elaboración de estratexias e propostas políticas emanadas da Xunta de Galiza. Na primeira etapa de goberno de M. Fraga a posición política e institucional global das institucións autonómicas galegas tendía a arremedar á das nacionalidades históricas de Catalunya e País Basco. Diante da sorpresa xeneral o Presidente da Xunta virara cara un posicionamento fundamente autonomista equiparando a dinámica competencial e a categoría institucional da CCAA de Galiza ao seu máximo nivel. Aínda máis, realizáronse propostas como a da Administración única que deixaron aos estudosos do outrora Ministro franquista certamente abraiados e confundidos. O feito de contar na Moncloa cun goberno socialista facilitaba a reclamación continua de novos traspasos, a demanda de investimentos públicos e o exercicio pola Presidencia de iniciativas importantes de proxección interior e exterior que soergueron a posición e a percepción da nosa terra e das súas institucións diante do mundo político estatal. Son éxitos significativos, desta primeira etapa de M. Fraga a obtención de planos plurianuais en materia de infraestruturas e equipamentos diversos e o respecto acadado polo goberno de Madrid para as iniciativas emprendidas. Estas e outras propostas políticas, menores pero de certa transcendencia electoral, fixeron que a sociedade galega considerara que Galiza, tiña, por fin, un Presidente que era respectado, mandaba e decidía. Velai, por tanto, a asombrosa maioría acadada nas eleccións de 1993 deixando un PSOE destruído e só albiscándose a posíbel emerxencia dun nacionalismo unido e poderoso.

Mais a segunda lexislatura de M. Fraga ten xa pouco que ver coa anterior. A posición e a estratexia política da Xunta empeza a poñerse, basicamente, ao servizo da estratexia de acoso e derribo do goberno socialista que levará a Aznar ao poder. O Presidente da Xunta ten dous obxectivos declarados: concluir o que sería o seu último mandato como gobernante e colaborar decididamente a instalar en Madrid o que sería un novo goberno, un goberno amigo, que poñería en marcha a denominada segunda transición e que traería grandes beneficios para Galiza. Pois, ben, nengun destes obxectivos foi acadado con ben para o Presidente Fraga pois viuse forzado a recuncar como candidato e as vantaxes do goberno amigo tornáronse en recortes orzamentares e de transferencias e en novidosas e inusuais presións políticas no exercicio das propias competencias do PP en Galiza e do Executivo autonómico.



Fraga mudou de planteamento autonomista en canto chegou Aznar á presidencia. X. MARRA

‘Parece evidente que a posición da Galiza como CCAA está a bandear cara as CCAA do art. 143 e as uniprovinciais’

Agora, xa parece evidente que a posición de Galiza como CCAA está a bandear cara as CCAA do art. 143 e as uniprovinciais. Aznar espera de M. Fraga que alonxe a Galiza da reclamación de maiores cuotas de autogoberno incluíndo a nosa terra no pelotón de La Rioja ou Murcia. A alarmante inacción no exercicio de competencias contempladas no EAG e o desinterese explícito na demanda de novas transferencias permite concluir que o bandazo antiautonomista xa é efectivo. Corresponde á sociedade galega a xeración de alternativas que eviten a consolidación desta nova política. ♦

A denuncia vense repetindo sen que a Xunta tome medidas

O Consello de Contas

atopa irregularidades no funcionamento do MEDTEC

◆ P.C.

As irregularidades recollidas no informe de fiscalización de 1996, recién feito público polo Consello de Contas, volta pór de manifesto que as fundacións, lonxe de efectivizar o labor da administración pública introducen toda unha serie de irregularidades que fan cuestionar a súa viabilidade e mesmo a necesidade de reincorporalas ao sistema público. Un dos máis amplos apartados, o adicado a MEDTEC, fai referencia desde a ilegalidade dos métodos de contratación de persoal até a adxudicación de contratacións a diversas empresas sen cumprir os requisitos de publicidade e libre concorrência. A denuncia vense repetindo nestes anos sen que a administración tome medidas efectivas para correxir a demanda do Consello de Contas.

Ao sistema de selección de persoal do MEDTEC impúntanselle, no informe do Consello de Contas do ano 1996, deficiencias como a falla de sometimento aos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade para proceder ás contratacións. Censúrase o feito de que estas se realizaran através de empresas de selección de persoal, o que dificulta o control sobre o necesario cumprimento dos requisitos legais, e criticase que se recorra a ETTs para efectivizar estes contratos.

O Consello de Contas entende que, ao vulnerarse os principios de equidade e obxectividade, provócase unha situación de desigualdade entre o sistema público e esta fundación, tamén financiada con cartos públicos,



As alternativas privatizadoras de Romai son, ano tras ano, postas en cuestión polo Consello de Contas. A.N.T.

ao derivar en contratacións indefinidas de traballadores por métodos diferentes aos que se empregan no SERGAS.

Do mesmo xeito que non se xustifican as contratacións temporais para realizar traballos considerados como "normais" nos servizos sanitarios, tampouco se atopa xustificación a este tipo de contratacións para realizar labores de tipo administrativo, polo que se conclúe que "non está acreditada a natureza temporal" destes contratos. O propio informe considera, non só irregular a utilización dos sistemas de contratación temporal, senón "ilegal", apuntándose mesmo a posíbel existencia de "fraude de lei" en varios dos contratos realizados.

Ao tempo, sublíñanse as diferencias entre as retribucións recibidas polos directivos da entidade e o persoal en xeral e as recibidas por estes no seu conxunto a respecto das que se perciben no

SERGAS. Dentro deste apartado tamén se destacan os contiosos incentivos que, o Consello de Contas entende que "non aparecen claramente vencellados á consecución duns obxectivos".

Maiores custes

Estas irregularidades detectadas no sistema de funcionamento de MEDTEC poñen en cuestión, non só a legalidade das súas actuacións, senón mesmo a efectividade deste tipo de entidades. O Consello de Contas chega a pór en cuestionamento que a prestación de servizos por parte do MEDTEC ao SERGAS sexa eficiente, tendo en conta que estes teñen un maior custe que os dispensados por outras entidades "o que fai albergar dúbidas acerca da economicidade do gasto asumido polo SERGAS e conleva unha práctica aparentemente pouco respeitosa coa necesaria contención do gasto público".

Segundo o portavoz de Sanidade do BNG, Xosé Francisco Ferrero, as eivas recollidas no informe redundan nas críticas que veñen realizando desde hai tempo os colectivos profesionais, as forzas políticas e o propio Valedor do Povo e obriga a "reconsiderar todo o tema das fundacións e que volten á rede pública". Do mesmo xeito, desde o PSOE, enténdese que entra en cuestión o modelo defendido polo Partido Popular, avalado por MEDTEC, "o seu buque insígnia".

Críticas semellantes recóllense cando se presenta a fiscalización da Fundación Hospital Verin. O informe sinala que a conversión de contratos temporais en indefinidos realízase "sen procedemento obxectivo e público que garanta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade". Denúnciase que a fundación contrata directamente aos profesionais médicos e ATS baixo unha relación de servizos cualificada de "mercantil, cando o réxime de traballo no que estes profesionais desenvólven a súa actividade é propio dunha relación laboral común", cuestiónase a duplicidade salarial e laboral de facultativos que traballan para o SERGAS e para esta fundación e infórmase de que os contratos non se axustan ao convenio colectivo aprobado.

Ademais, advírtese da concentración contractual a respecto dos servizos de limpeza, lavandería e alimentación. Segundo o Consello de Contas, estes servizos foron adxudicados ás empresas *Maconsi, SL, Servimgal, SL e Gastronomía e Alimentación, SL*, nas que actúa como representante a mesma persoa, que tamén é sócio e administrador. ◆

A Fundación do Centro de Transfusións, fora dos orzamentos

Nos orzamentos galegos para o ano 2000 non figura o investimento que se vai adicar ao Centro de Transfusións de Galiza, 1.200 millóns de pesetas. Así o manifestou Xoán Miguel Antelo, secretario xeral de Sanidade en Comisións Obreiras. Segundo Antelo, durante os seis anos que leva traballando este centro, en nengun momento figuraron os seus gastos nos orzamentos, polo que se dá "unha situación de grave irregularidade". A nivel parlamentario descoñécese a orixe do diñeiro investido e a xestión escapa a calquer control democrático. "Se o Centro de transfusións non existe presupostariamente, o seu funcionamento é un segredo que dura xa seis anos", afirmou Antelo. ◆

Prosegue a expansión de Caixa Galicia

Ao mesmo tempo que Caixa Galicia anunciaba a apertura de novas oficinas en Valença do Minho, Porto, Lisboa e Buenos Aires, esta entidade facíase cun 1,5 por cento máis do capital de PULEVA e agora a participación desta caixa na empresa láctea alcanza o 5 por cento. Con esta compra, Caixa Galicia reforza o seu papel nos sectores estratéxicos da economía galega (PULEVA é a dona de Leyma). Actualmente esta caixa ten uns fondos propios de 55.000 millóns e posúe parte do Banco Pastor, Intelis, Telefónica Cable Galicia, Azkar, Unión Fenosa, Pescanova, Ence, Zeltia, Pharmamar, Repsol e Gas Galicia. ◆

Preocupación polo futuro das caixas

A Federación de Servizos Financeiros de Comisións Obreiras denunciou que se está xestando unha transición do modelo actual das caixas de aforros en Galiza cara a outro modelo co que desaparecerían tal e como se coñecen. Esta sospeita débese ás declaracións do director xeral de Caixa Galicia, Xosé Luís Méndez, que deixou entrever a decisión de emitir cotas participativas e modificar o estatuto da entidade crediticia. Segundo Comisións, este é o primeiro paso para converter as caixas en sociedades anónimas sen nengun elemento de control público sobre as súas actividades e o destino dos seus beneficios. ◆

RAMÓN MACEIRAS

Galiza en Seattle

Hai moitísimas razóns para que os galegos estexan atentos ao que acontece nun lugar tan lonxano como a cidade de Seattle, na costa estadounidense no Pacífico. Ali reúnese a conferencia de ministros da Organización Mundial de Comercio para definir a axenda da discusión sobre a globalización do comercio mundial na víspera do novo milénio.

A OMC funciona hoxe como un grande "senado virtual" no que un conxunto de señores que non foron eleitos por ninguén e non responden máis que aos seus amos, definen as regras polas que se rixe o intercambio de bens e servizos. Na sombra, os *lobbyistas* das empresas transnacionais cortan o bacallau, eliminan obstáculos ao seu poder, eliminan barreiras comerciais e poñen trabas ao desenvolvemento das empresas da competencia. A OMC é hoxe o instrumento ideal das transnacionais para entender a globalización e impoñer as regras a todas as actividades humanas definidas xa como "obxecto de comercio".

Os apóstolos do libre comercio andan encabuxados. A resistencia internacional impídulles impoñer recentemente o Acordo Multilateral de Investimentos (AMI). Agora van a tratar de impoñelo de feito na OMC.

Os galegos estamos desprotexidos nese debate. Van negociar por nós un conxunto de señores que non teñen a menor idea do que pasa neste país. Vamos ser obxecto de negociación sen poder participar en absoluto no proceso.

Os Estados Unidos arremeterán en Seattle contra o sistema europeo de axudas e subvencións á agricultura e á pesca. A confección galega e o naval xóganse moito en Seattle.

Estados Unidos tenta eliminar a Política Agraria Común de subsidios, que afectan na Galiza ao leite, a carne de vacun e ao viño. Tamén pretenden os norteamericanos a supresión das axudas públicas aos países con alta capacidade extractiva no sector da pesca. Queren "flexibilizar" as normas das denominacións de orixe.

A confección galega podería ser moeda de intercambio, xa que existe o fundado temor de que a Unión Europea compense a protección á agricultura ou á

'A confección galega podería ser moeda de intercambio, pois a UE podería compensar a protección á agricultura ou á pesca abrindo o mercado europeo da confección e do téxtil'

pesca abrindo o mercado europeo da confección e do téxtil. E no terreo da industria cultural (incipiente na Galiza), os Estados Unidos queren que se abran as fronteiras aos seus produtos "culturais". As grandes cadeas televisivas e as produtoras audiovisuais norteamericanas queren globalizar o mercado para os seus produtos e penetrar definitivamente en Europa.

Como se ve, non é pouco o que está en xogo, nen se trata dun debate entre especialistas ou intelectuais ociosos. A Xunta segue a durmir, Fraga a pasear polo mundo, mentres os peares da economía galega encontran-se noutra encrucillada. ◆

DA
TERRA
ASO BALLADA



Cursos no hospital Domínguez non acreditados polo Sergas

Comezaron a primeiros de Outubro os cursos dirixidos a auxiliares de clínica no hospital "Miguel Domínguez", de Pontevedra, unha serie de "cursos baremábeis para Sergas". Trátanse de catro cursos de cento dez horas cada un e das seguintes especialidades: Electrocardiografía, Urxencias Médicas, a UCI, e Auxiliar de Quirófano. As clases anunciábanse impartidas por especialistas do Hospital Provincial de Pontevedra.

Ao comezar os cursos, o Sindicato de Enfermería Satse dirixiuse á administración autonómica para interesarse por se os cursos estaban baremados ou non para as contratacións do Sergas. A Xunta respostou que non estaban acreditados. "Non se pode enganar á xente coa publicidade. Eles alegan que poden ser certificados a posteriori, pero o certo é que o pacto de contratacións está pechado e sería moi extraño que a Xunta acreditara estes cursos. Nós, neste caso, colaboramos coa Administración para que non se engane aos asistentes aos cursos", din no Sindicato de Enfermería.

O certo é que algúns dos asistentes xa se deron de baixa nos cursos tras ser advertidos de que non estaban acreditados para o Sergas. A todos devolvéronlle as trinta mil pesetas que custaba cada curso inmediatamente. Incluso un dos médicos especialistas que ía impartir os mesmos decidiu renunciar ao non estar clara a finalidade do curso.

O Satse, ademais de denunciar o caso do hospital Domínguez, rexeita que o Sergas impoña como requisito para facer prácticas tuteladas para as listas de contratación temporal. Sinalan que é un desprezo para as escolas de enfermería e para a formación universitaria. "Ameazan incluso con excluir das listas a aqueles profesionais que se neguen a pasar por isto, (palabras textuais)", din no sindicato. ♦

SOCIEDADE

O Benfica apaña a súa meirande derrota europea diante do Celta (7-0) Vigo despide con aplausos aos dez mil portugueses presentes en Balaídos

♦ CÉSAR LORENZO GIL

"Foram poucos. O Benfica deveu levar 10 golos para Lisboa. Isto é uma vergonha. Estes jogadores só pensam no dinheiro, não na camisa que defendem". Con palabras parecidas a estas saían os dez mil portugueses que assistiron o Xoves 25 de Novembro ao Estádio de Balaídos para presenciar o Celta-Benfica da Copa da Uefa. En calquer dos moitos grupos de benfiquistas que se formaron en todas as bancadas aparecía unha voz incomodada que se achegaba a un siareiro do Celta para confesarlle a súa admiración polo xogo vigués.

Duas horas antes do inicio do encontro, a colónia lusa xa tomara as suas posicións nos seus asentos. Un tercio do aforo de Balaídos presentaba o ton encarnado das cores do Benfica e comezaban a ouvirse, por parte dos siareiros máis radicais, os primeiros cánticos adicados a João Pinto e compañía. Nunha decisión moi acertada da organización da seguridade do partido, a penas se viu policía nas bancadas e galegos e portugueses mesturáronse en alegre harmonía, na que non fallaron mostras de irmandade, tais como fotografías de afezoados dunha e doutra equipa amosando os seus respectivos emblemas, benfiquistas que cambiaban a súa bufanda da águia pola da cruz de Santiago e conversas en alto nas que, logo de presumir das calidades de cada conxunto e da previ-

síbel vitória duns ou doutros, se acababa apostando unha cervexa entre dous perfectos descoñecidos até ese momento.

O campo do Celta viveu un dos momentos máis luminosos e interesantes nos prolegómenos deste encontro. O aspecto das bancadas era inmejorable, sen o máis mínimo espacio libre, cuns siareiros que constantemente animaron. Ademais, por primeira vez en moitos anos, o público recibeu con aplausos as dúas equipas e moitos celtistas berraron "Benfica!" cando o once lisboeta saudou desde o centro do céspede.

Os beneficios do choque dos líderes da liga española e portuguesa foron non só sociais, co achegamento e o recoñecimento de moitos puntos en común entre uns e outros, senón económicos. Antes de que o inglés Paul Durkin asubíase o comezo do xogo, o Celta xa ingresara ao redor de 250 millóns de pesetas, entre recadación da billeteira, dereitos de transmisión televisiva e venda de produtos oficiais nas suas tendas. O resto do comercio de Vigo e comarca facturou 150 millóns entre o Mércore e o Xoves e, por se todo isto fose pouco, até o tránsito foi máis fluído que antes de calquer partido amigábel en Balaídos.

Todos os portugueses que se achegaron a Galiza, algúns deles percorrendo máis de 500 quilómetros, ficaron maravillados do atendimento recibido e así o manifestaban publicamente á mini-

ma ocasión. E iso que no estrictamente futbolístico, a experiencia non puido ser máis traumática para os herdeiros de Eusébio. Ademais de colleitar un significativo 7-0, o Benfica navegou á deriva por entre un tifón de cor celeste que arrasou con todo e volveu asombrar a Europa co seu estilo de xogo desenvolto e vistoso. A noite do Celta-Benfica foi a dos arxentinos Turdó e Gustavo López que, xunto ao xénio dos rusos Mostovoi e Karpin e ao saber estar de Giovannela e Makelele, converteron Balaídos nun fervedoiro onde volveu soar 'A rianxeira' e o 'Levo un andar miudiño', banda sonora dunha "onda" á que o público portugués non asistiu por razóns óbvias. Co 7-0 xa fraguado, o celtismo, cun moito de tenrura e un pouco de indiscutíbel autosuficiencia, coreou ánsimos para o Benfica, ante o estupor dunha afeición lusa que xa estaba preparando os reproches aos seus xogadores.

"São do Boavista"

Ao remate do partido, os siareiros portugueses sairon beliscándose e dirixindo a vista e a palabra ás sorridentes facianas dos viguéses. "Não é possível, isto não é certo. Quatro horas de carro para isto, não acredito, pa". As beiras da saída de vestiários foise formando unha gran nube de benfiquistas indignados que pedían insistentemente a demisión do presidente do club, José Vale e Azevedo. Ao saír este, choveron bufandas e bolas de papel sobre a súa cabeza, mentres atendía os

moitos meios de comunicación que se lle botaron enriba. Logo, sen se inmutar pola fortísima requesta recibida, dirixiuse aos ali presentes e pediulles desculpas, co ar populista que caracteriza aos mandatários do fútbol.

No outro bando a penas houbo celebración porque cadaquén pensou que o próprio 7-0 era festa abonda e non facía falla botarse á rua. No fondo, moita xente consideraba excesivo o castigo que recibiran os viciños do sul. "Boh, non deixin de ser amigos nosos e é duro volver para a casa con sete goles ás costas", díciulle un xornalista vigués ao seu xefe de Madrid por teléfono.

Os xogadores, que tardaron moitísimo en saír das duchas, tiveron que sofrer o maior pau do seu público. "Vocês são do Boavista, não têm amor nenhum pelo escudo que defendem!" Os futbolistas, coa cabeza gacha, entraron no autobús entre berros de "vergonha, vergonha, vergonha!"

A derrota vai ser difícil de esquecer en Portugal, onde o Benfica é o clube máis querido desde os tempos en que o mozambicano Eusébio sorprende a Europa vestido de vermello, cunha águia no peito. Mais os portugueses que se achegaron a Galiza lembrarán este partido tamén positivamente. Moitos descubriron que Vigo ofrece algo máis que as compras do Corte Inglés e que a hospitalidade galega é case que única no mundo. ♦

GALIZA CONTRA A CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA POLO DEREITO DE AUTODETERMINACIÓN

Pedro José Alonso Igreja
Emilio Araújo
Anunciação Arias Arias
Iago Bañobre Couce
María Carmen Bergantinos López
Xosé Bermudez Fernández
Iria del Bosque Fernández
Rosal Bagullo Lago
Iria Calvello Pumar
Manuel Anxo Camacho Fandiño
Eugenio Caride Ocaría
Lecóns de Carlos
Xosé María Casal Mestas
Xosé Cebreiro Martínez
Xosé Cid Cabido
Iris Cochón
Sabela Coelho Fuentes
Estevo Creus Andrade
María Jesús Delgado Núñez
Marco Antonio Díaz Branco
Edelmiro Domínguez Vilas
Xesus Domínguez
Xavier Duram
Xosé María Facal Abeledo
Federación Estudiantil Revolucionaria
Carlos Fernández Novoa
Jesús Fernández Albea
Xulio Fernández Alonso
Noélla Fernández Marques
Henrique Fernández Oliveira
Cebal Fernández Sanmartín
Cristóbal Fernández Vázquez
Estrela Ferreiro Garcia
Ramona Fuentes Arias
Alexandre Furelos Guillén
Xosé Manuel García Crego
Domínguez Antonio García Fernández
Antón García Freire
Silvia García Rubim
Luís González Paradelo
Fco. Manrique González Rodríguez
Alberto Gonçalves Herero
Cándido Gonçalves Herero
Vigo
Gnapo musical SKARNIO
Ricardo de la Iglesia López
Manuel Iglesias Rodríguez
José Luis Jimenes Fuentes
Ricardo Lagares
Emma Lizaro Rodríguez
Claudina López López
Marta López López
Marcos López Martins
José Francisco López
Aurora Lorenzo Barciela

Membro de ERVA
Escritor
Xubilada
Estudiante
Auxiliar Psiquiátrica
Estudiante
Estudiante/FER Vigo
Profesor
Estudiante/AMI-EI
CUT
Ensinante
Profesor
Auxiliar de biblioteca
Profesor
Técnico editorial
Profesora
Estudiante
Pscólogo
Auxiliar de biblioteca
Administrativo
Obreiro
Protésico
Estudiante/FER A Coruña
Profesor
Vigo
Ensinante
Administrativo
Obreiro
Trabalhadora social do Comité Anti-Sida
Operario
Animador de vellos
Profesor
Administrativa
Ensinante
Coordenador
Técnico editorial
Ensinante
Fotógrafo
Estudiante
Profesor
Mestre/ANÁ-ANOC
Obreiro
Asalariado
Vigo
Prateiro
Profesor
Autónomo
Odeólogo
Ensinante
Hosteleira
Estudiante
Advogado/CC de Primeira Linha (MLN)
Subalterno
Obreira

Daniel Lourenço Miram
Igor Lugiá
Xubilada
José Ramón Martínez Casal
M. Henrique Martínez Ferrández
Jacobe Martins Gándara
Rebeca Martins Gándara
X. L. Méndez Ferrín
Orina Méndez Fuentes
Xosé Francisco Miranda Vino
Xusto Molejón Valoria
Alberte Mozo Quintela
Carlos Morais
Mireya Oliveira Vilela
Rafael Oliveira Vilela
Rebeca Oliveira Vilela
Xosé Lois Otero Pérez
Sivia Pardo Galdó
Claudio Luis Pato Díaz
María Xesús Pato Díaz
José Francisco Paz López
Carme Pena Torres
Mario Pereira Fernández
Alexandre Peres Fernandes
Denís Fexegueiro Doval
José Ramón Pichel Campos
João Picos Mendes
Anxo Ramos Oliveira
Daniel Raposeiras Vieites
Alfonso Ribas Fraga
Noa Ríos Bergantinos
Silvia Ríos Bergantinos
Jesus Ríos Gomes
Mariana Rodrigues Calvino
João Rodrigues Dias
Blanca Rodríguez Huerta
Xosé Luís Romero Falque
Manuel Rosales Cereijo
Daniel Salgado Garcia
Santiago Sánchez Camino
Xesus Sanmartín Xuncal
Beatri Sánchez Blanco
Séchu Serde
André Secane Anzelo
María Silva Barcala
Manuel Serodio Costas
Mara Belén Ures Vilar
Iago Unguay Serantes
Alexandre Valcarlos Sánchez
Pilar Veiga Rodríguez
Manuel Vidal Villaverde
María Rosa Villamarín González
Aureliano Villanovo Carril
Xosé Carlos Viqueo González

Responsável FER Compostela
Comité Executivo Primeira Linha (MLN)
Desenhadora
Estudiante
Caldeireiro
Responsável FER Vigo
Comité Central Primeira Linha (MLN)
Ensinante
Estudiante
Obreiro
Trabalhador
Primeira Linha (MLN) Vigo
Secretario Geral Primeira Linha (MLN)
Estudiante/FER A Coruña
Comité Central Primeira Linha (MLN)
Desempregado
Biólogo de Grado
Estudiante/FER A Coruña
Carreiro
Profesora
Desempregado
Padeira
Profesor
Desempregado
Estudiante
Enxerheiro informático
Estudiante/FER A Coruña
Xornalista
Taberneiro
Editor
Estudiante/FER Compostela
Estudiante/CAMAE
Estudiante/FER A Coruña
Estudiante/FER Compostela
Lavrador
Dona de casa
Mestre
Ensinante
Estudiante/ANÁ-ANOC Compostela
Administrativo
Escritor
Acricis-Manipuladora
Profesor de Secundaria
Responsável ANÁ-ANOC Compostela
Azafata de Congressos
Taberneiro
Estudiante/FER Compostela
Estudiante
Estudiante/FER Compostela
Mestra
Xornalista
Ensinante
Escultor-ceramista
Profesor

- Galiza é unha nación que carece de soberanía política porque sofre unha opresión nacional por parte do Estado español.
- Galiza necesita por mera supervivencia poder exercer o lexítimo dereito de autodeterminación nacional, pero a Constitución española de 1978 néganos este dereito democrático, recollido na inmensa maioría dos acordos e tratados internacionais paradoxalmente asinados polo Estado español.
- @s abaixo asinantes, cidadáns e cidadás galeg@s, apoiamos a campaña unitaria que as organizacións políticas da esquerda independentista -AMI, FPG e Primeira Linha (MLN)- están a realizar a prol do recoñecemento deste dereito, como primeiro paso para que o noso país recupere a soberanía conculcada desde hai máis de 500 anos polo Estado español.

manifestación nacional
Sábado, 11 de Decembro, ás 5
da tarde na Alameda de Compostela

- actos políticos**
- Cangas - 2 de Decembro. Com Mariano Abalo, Maurício Castro e Miguel García Ourense - 2 de Decembro. Com Igor Lugiá e Marcos López
 - Ribadavia - 4 de Decembro. Com Miguel García e Carlos Morais
 - Monforte - 9 de Decembro. Com Miguel García e Pedro Vila
 - Vigo - 9 de Decembro. Com X.M. García Crego, Carlos Morais e Paulo Tobio
 - Ferrol - 10 de Decembro. Com Miguel García, X.L. Méndez Ferrín e Carlos Morais
 - Ponte-Areas - 10 de Decembro. Com Marcos López Martins e Ester Marinho



Na Primeira División hai oito clubes con estadio propio e doce que o usan de balde

As sociedades anónimas non eliminaron as axudas públicas ao fútbol

➔ CÉSAR LORENZO GIL

Das vinte equipas da Primeira División só hai oito, das cales cinco son sociedades anónimas, totalmente privadas e con capital e patrimonio suficiente, con estadio e campos de adestramento propios. Entre os 12 restantes están o Deportivo e o Celta. Os clubes galegos non teñen nen campos de adestramento propios. Mentres que Augusto César Lendoiro exerce de presidente profesional e pensa incluso en colocar as accións do Deportivo na Bolsa, é significativo que parta coa vantaxe de aforrarse varios miles de millóns mercé ao uso que a administración pública lle permite.



Presentación dunha equipa do Deportivo da Coruña no Estádio Municipal de Riazor.

As equipas galegas, após a reconversión, que tivo moitas dificultades, non variaron o sistema de relación coa administración. Deportivo e Celta seguiron utilizando Riazor e Balaídos, construídos polos concellos da Coruña e de Vigo, respectivamente, nas mesmas condicións, aínda que estes clubes actualmente corren con todos os gastos de mantemento e teñen que cumprir certas contrapartidas coas corporacións locais, como o reparto de entradas e o acondicionamento para a celebración doutros espectáculos nesas instalacións.

A hora de acometer reformas nestes estádios ou ampliar as instalacións dispoñíbeis, Deportivo e Celta actuaron de diferente xeito. Mentres que o clube que preside Lendoiro investiu diñeiro propio no aumento do aforo de Riazor e, ao mesmo tempo, está utilizando terreos cedidos polo concello de Abegondo para a súa titánica cidade deportiva, o presidente do Celta, Horacio Gómez, reclamou para a reforma de Balaídos e as melloras na Madroa investimentos públicos do concello e da Xunta.

A situación no resto do Estado ten, ademais, outros matices e diferentes tipos de relación entre administración e fútbol profesional e privado. Entre as equipas que manteñen lazos coa res pública parecidos aos dos clubes galegos están o Oviedo, que paga unha cantidade simbólica por usar o Carlos Tartiere, igual có Málaga, o Mallorca, o Racing de Santander, o Numancia e o Alavés. Destes, o caso máis curioso é o do Estádio de La Rosaleda, en Málaga. Este campo foi propiedade do

Málaga até a súa desaparición con motivo da chegada da Lei de Sociedades Anónimas, mais logo, a Junta de Andalucía, a Deputación e o Concello compráronlo ao Banco Hipotecario, para que puidese xogar ali a refundada equipa de fútbol. O campo de Los Pajaritos foi reconstruído con motivo do ascenso do clube á Segunda División. A pesar de que o Concello cedeu os terreos, dos 1.500 millóns que se investiron na reforma, só 420 correron ao cargo das arcas públicas.

Outros clubes teñen que pagar un canon fixo, ben anual ou global por utilizar os campos públicos. A cantidade pode ser importante, como no caso do Valladolid, que debe pagar 30 millóns por temporada e cumprir outras contrapartidas, comúns aos clubes que utilizan os estádios de balde. Na mesma situación está o Zaragoza. O Espanyol de Barcelona alugou o Estádio Olímpic de Montjuïc nas mesmas condicións que outras institucións, como a equipa de rugby dos Dragóns. Ademais, este clube paga por usar os campos de adestramento do Parc de Migdia e mais do Centro de Alto Rendemento de Sant Cugat. A Real Sociedad cubriu a súa cota de "uso preferente" de Anoeta pagando 500 millóns de pesetas para utilizalo durante 40 anos. ♦

Oito equipas autosuficientes

O resto dos clubes da Primeira División posúen instalacións propias, que pertencen, ben aos accionistas, ben á masa de sócios - no caso de Athletic de Bilbo, Barcelona e Real Madrid-. O Valencia, Rayo Vallecano, Betis e Atlético de Madrid utilizan os seus respectivos estádios, de titularidade totalmente privada. Normalmente, estes clubes construíron as súas instalacións denantes de converterse en sociedades anónimas e os seus posteriores donos criaron os seus impérios mediáticos co engadido dunha campo no que poder facer o que quixesen. Este foi o caso de Lopera e Teresa Rivero -esposa de Ruiz Mateos- no Betis e no Rayo, respectivamente (que incluso rebautiza-

ron os campos das súas equipas co seu propio nome) ou de Gil, no Atlético de Madrid.

Mención á parte merece o Sevilla. A pesar de dispoñer dun campo propio, o Sánchez Pizjuán, o clube andaluz está negociando co concello a posibilidade de xogar varios partidos ao ano no Estádio Olímpico de La Cartuja, unha magnífica construción adicada só aos Mundiais de atletismo deste ano. A entidade sevillista pretende conseguir a cambio da revitalización desta obra a recualificación da súa cidade deportiva e utilizar ese diñeiro para sanear a súa economía, moi danada polos fracasos deportivos. ♦

PUCHEIRO

Alteración da competencia

Nos próximos anos pode darse a curiosa situación de que a clasificación das ligas de fútbol dependan dos tribunais. A UE, na súa política liberalizadora, é moi mirrada coas axudas e subvencións e máis se están sen regular. Os que antes eran clubes de fútbol, hoxe son Sociedades Anónimas, con algunhas cotizando en bolsa e outras que o farán moi pronto. Como tales, son empresas que obteñen beneficios e que compiten nun mercado, no do espectáculo. Os seus ingresos e beneficios veñen determinados polos resultados. Uns resultados deportivos que prexudican a outras SA. Existen empresas, coma Celta e Deportivo, que reciben do erario público aportacións que a lexislación comunitaria actual considera irregulares, aínda que este pagamento sexa en especie, como a cesión dos estádios ou campos de adestramento, locais, ou as axudas das Deputacións. Este feito prexudica a outras equipas, que invisten o diñeiro en instalacións, tanto na súa construción como conservación. De non mudar a normativa comunitaria adaptándoa a esta especificidade, estas axudas son ilegais. Agora xa só falta que alguén denuncie a alteración das regras da competencia. ♦

Reivindican unha política agraria propia na homenaxe de Sobredo

A carballeira de San Xosé, en Guillarei, Tui, acolleu o Domingo 28 de Novembro o homenaxe aos mártires de Sobredo, coa participación dos veciños, do fiscal da Audiencia Provincial, Carlos Varela, e do alcalde de Tui, Feliciano Fernández Rocha. Lembrábase a morte hai 77 anos de Candida Rodríguez, Xaquín Estévez e Venancio González, asasinados polas forzas da orde cando intentaban impedir o embargo das terras a un veciño que se negaba a pagar os foros agrarios. As súas mortes tiveron moita repercusión e incidiron na abolición deste imposto. No seu discurso, Carlos Varela, sinalou que Galicia perderá a metade dos seus empregos no agro nos últimos oito anos e que "a defensa dos nosos sectores estratéxicos produtivos, no marco da UE, ven ser hoxe o emblema que substitúe á loita antiforalista de principios de século". A homenaxe está organizada pola confederación de asociacións veciñais "Rosalia de Castro" e pola Organización Galega de Montes en Man Común. ♦

Denuncian

a 'incontrolada eucalitzación' no

Día do Bosque Autóctono

Adega aproveitou a celebración o Luns 29 de Novembro do Día Mundial do Bosque Autóctono para denunciar a "incontrolada eucalitzación que está ocupando carballeiras, bosques de ribeira, prados, hortas, terras de labor e mesmo pazos de indudábel valor natural". Sinalan que este non é só un problema ecolóxico senón un problema social e económico ao reducir o solo das explotacións agrarias e apostar por unha madeira barata e de baixa calidade. ♦

Crian unha comisión para o vindeiro 8 de Marzo

Celebrouse nos últimos días un debate sobre a violéncia de xénero no que participaron as organizacións feministas Alecrin, Asemblea de Mulleres de Pontevedra, Feministas Independentes Galegas, Mulheres Livres e Mulheres Nacionalistas Galegas. Deste foro saiu o acordo de criar unha comisión para preparar de xeito unitario o vindeiro 8 de Marzo, Día da Muller Traballadora. Tamén se dermandou da administración que se crie "servizos públicos específicos para mulleres, dotados de recursos non só materiais, senón de persoal formado baixo dous eixos fundamentais: a profesionalización e a perspectiva de xénero". ♦

Uso de instalacións deportivas públicas por parte das equipas de Primeira División

Deportivo	Estadio de Riazor, campo da Greña, da Torre e Abegondo.
Celta	Estadio de Balaídos, campos de adestramento da Madroa.
Zaragoza	Estadio da Romareda.
Rayo	Nengunha. Clube pertencente a Rumasa.
Barcelona*	Nengunha.
Mallorca	Estadio de Son Moix, campo dos Príncipes de España.
Betis	Nengunha. Proprietario: Manuel Ruiz de Lopera.
Ath. Bilbo*	Nengunha.
Racing	Campo de El Sardinero.
Alavés	Estadio de Mendizorroza.
R.Madrid*	Nengunha.
Málaga	Estadio de La Rosaleda, campos de adestramento anexos.
R.Sociedad	Estadio de Anoeta.
Numancia	Estadio de Los Pajaritos. Campos de adestramento anexos.
Valencia	Nengunha. Propiedade de varias sociedades
Espanyol	Estadio Olímpic de Montjuïc. Campos do Parc de Migdia.
At.Madrid	Nengunha. Propiedade de Jesús Gil Gil.
Oviedo	Estadio Carlos Tartiere.
Valladolid	Estadio José Zorrilla. Campos de preparación anexos.
Sevilla	Nengunha. Varios propietarios.

(*) Clubes que non precisaron converterse en sociedade anónimas.

Os seus pais desapareceron despois do golpe militar arxentino.

En Arxentina eu era avogada de presos políticos e sindicalistas e a raíz destas actuacións e de pertencer ao movemento estudantil da Facultade de Dereito tiven problemas coas autoridades. Cando a Xunta Militar asumiu o Goberno, no 1976, desatouse unha represión indiscriminada que consistía basicamente en facer desaparecer, torturar e meter na cadea á maioría dos grupos da oposición. Foi o que moito máis tarde se convertería nun verdadeiro xenocidio no país. Aos meus pais secuestráronos o 6 de Outubro de 1976 e apartir dese momento non vivimos ter noticias deles. Eran persoas de 55 anos, galegos emigrantes que non desenvolveran nengun tipo de actividade política. Eu xa estaba vivindo no Estado español e pésie a ter recurrido a todas as autoridades que estaban no Ministerio de Asuntos Exteriores ningun tomou medida algunha. Tiveron que pasar moitos anos para que realmente se atenderan, pésie ás denuncias que temos feito nas Nacións Unidas e en *Amnistía Internacional*, e se fixese caso ás nosas peticións. Por iso é tan importante o xuízo que se está seguindo no Xuzgado Central número 5 da Audiencia Nacional. Cando o fiscal Carlos Castresana, en Marzo de 1996, denuncia os feitos, moitos dos que éramos parentes de cidadáns españois desaparecidos sentimos que despois de vinte anos, finalmente se escoitaban os nosos reclamos.

Este proceso non só afecta aos españois desaparecidos.

É moi importante destacar que implica a todas aquelas persoas que foron brutalmente reprimidas, torturadas e asasinadas. A súa característica principal é que non ten precedentes históricos. Non é froito da decisión dun goberno ou dos partidos políticos, nasce da acción das vítimas. Até este momento, incluso despois do holocausto nazi, o famoso xuízo de Nuremberg, foron os vencedores os que xulgaron aos vencidos. Desta volta somos os vencidos os que estamos sentando na bancada dos acusados aos vencedores. Este procedemento nutriuse das testemuñas das vítimas que desde todos os lugares do mundo chegaron a Madrid para sinalar aos responsábeis deste xenocidio, os lugares de tortura, a metodoloxía empregada. Provocamos un movemento en defensa dos dereitos humanos que non ten volta atrás.

Na súa última resolución, o xuíz Baltasar Garzón procesa a 98 militares arxentinos.

Agora estanse tramitando as órdenes de busca e captura e esperamos que o Goberno arxentino, que vai tomar posesión o 10 de Decembro, teña unha resposta legal, que non tivo o Goberno de Menem. O anterior Executivo asinou un tratado de cooperación xudicial co Estado español, pero non só non o cumpriu senón que ditou un decreto polo que ordenaba aos maxistrados arxentinos que non prestaran atención a nengun dos requerimen-



A.N.T.

→ PAULA BERGANTIÑOS

OS SEUS PAIS, GALEGOS, CON CINCUENTA E CINCO ANOS E SEN ACTIVIDADE POLÍTICA ALGUNHA, FORON VÍTIMAS DO XENOCÍDIO PROGRAMADO NA ARXENTINA DESPOIS DO GOLPE DE ESTADO DE 1976. A AVOGADA SUSANA GARCIA, QUE LEVA MÁIS DE DUAS DÉCADAS VIVINDO NO ESTADO ESPAÑOL, EXPLICA QUE, PARA SENTAR AS BASES DUN ESTADO DE DIREITO, O NOVO GOVERNO TEN QUE COLABORAR COA XUSTIZA ESPAÑOLA NO PROCEDIMENTO ABERTO POLO XUIZ BALTASAR GARZON, QUE VEN DE PROCESAR A 98 MILITARES.

tos do xuíz Garzón por consideralo como unha invasión da soberanía nacional.

Agardan un cambio de política por parte do novo Goberno?

De non ser así seguiremos insistindo nunha idea que é fundamental: xa cada vez son

'A Igrexa alentou o xenocidio'

Hai pouco Menem sinalaba que o Papa aprobaba os indultos, un dado que apunta ao papel desempeñado pola Igrexa.

Cando falamos de Igrexa temos que facer unha distinción importante. Unha cousa é a cúpula eclesíastica e outra os curas da Liberación ou obreiros. Aqueles que interpretaron a doutrina cristiana e se puxeron a loitar xunto ao povo foron vítimas de asasinatos, torturas e desaparicións. A cúpula eclesí-

ástica desempeñou un papel non só de complicidade cos militares senón que participou activamente no exterminio dándolles alento e consolándolos para que non dubidaran e non se sentiran culpábeis por cometer aquelas atrocidades. Scilingo, que está en liberdade condicional, declarou que nos voos da morte, cando tiraban desde os avións aos detidos narcotizados, sempre había un capelán que lles daba ánimo. Concretamente o primo de Jorge Acosta, que era o xefe do

campo de concentración da Escola Mecánica da Armada, que tamén está preso por participar nas adopcións ilegais. No auto de procesamento dos 98 militares encóntrase moitas declaracións públicas da cúpula eclesíastica que proban todo isto. Monseñor Bonamin, por exemplo, é un ser siniestro que chegou a dicir que os curas da Liberación interpretaban mal a Cristo cando di que hai que estar cos pobres. Seguindo el esta doutrina refírese aos pobres de espírito non de

máis os países que consideran que hai leis e tratados internacionais suficientes como para poder aplicar o principio de xustiza universal para determinados delitos contra a humanidade, como é o de xenocidio, o terrorismo de Estado e torturas. Non só o ten dito o Estado español nunha histórica resolución do 4 de Novembro de 1998, senón que se recoñeceu nas dúas sentencias dos lores ingleses a respecto do tema de Pinochet e o xuíz Bartler cando se pronunciou sobre a procedencia da extradición do ditador chileno.

Temos base legal dabondo, temos tratados internacionais de cooperación xudicial e polo tanto o Goberno arxentino, se quer construír un Estado de dereito e non violar a lei, ten que xulgalos alí ou conceder a extradición cando Garzón a pida. Non esperamos un esforzo extraordinario, simplemente que apliquen a lei que lles corresponde e que asinaron.

Que alcance ten isto na sociedade arxentina?

O que aparece nos xornais a respecto de que os arxentinos creen que isto é unha acción imperialista ou unha invasión da soberanía nacional é o discurso dos gobernantes, non o da poboación. O povo arxentino con maior ou menor participación ve con simpatía estes xuízos, que finalmente estexan detidos e se persiga aos responsábeis de tantas atrocidades. Centos de persoas de todos os estamentos viaxaron para dar o seu testemuño e impulsar o procedemento, é a proba máis clara de que existen expectativas e de que a xente ten esperanza. Ademais non existe nengun tipo de axuda económica. Todo se costea grácias á vontade dos protagonistas.

Por outra banda a xente sabe que a raíz da causa que comezou se abriu Madrid houbo moitos xuíces arxentinos que cambiaron de atitude. Ese cambio levounos a, por exemplo, xulgar aos responsábeis da apropiación ilegal de nenos. Era práctica habitual e parte da operación de exterminio que tiñan os militares, deixar vivas ás mulleres que estaban preñadas até o momento do nacemento dos bebés, para entregalos en adopción a familias do seu entorno para que lles deran unha boa educación. Agora están detidos e en prisión nove militares, Videla, Massera, Nicolaidis e outros que son menos coñecidos pero non menos responsábeis.

Persoas como vostede, que perderon aos seus pais, agrúperonse na asociación Hijos.

Actúan en Arxentina e no Estado español. É moi emocionante, un canto de esperanza, son persoas ás que lles arrebataron os seus pais e a vida normal que calquera neste mundo debe ter. Estes rapaces, toman o relevo da xeneración anterior, queren saber cal foi o destino dos seus familiares e facer chegar o seu discurso aos arxentinos máis novos e ao resto do mundo para que isto non volva suceder nunca. Son unha testemuña viva a apoiar e alentar. ♦

ALEXANDRE BÓVEDA



CONCESIÓN DA
MEDALLA DE OURO
E NOMEAMENTO DE
FILLO ADOPTIVO
DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

PAZO DE CULTURA, SÁBADO 11 DE DECEMBRO ÁS 13 HORAS



CONCELLO DE PONTEVEDRA

A alcaldesa de València, Rita Barberá, consegue apoios de aliados do PSOE

A diplomacia de salón permítelle ao PP facerse coa Federación de Municipios

A alcaldesa de València, a popular Rita Barberá foi reelixida presidenta da Federación de Municipios e Provincias de España (FEMP) o pasado Sábado 27 de Novembro en Madrid logo dunha asemblea que resultou ser a máis traumática e escandalosa dos sete anos que ten esta organización. Por primeira vez utilizouse o voto electrónico, que lle concedeu a Barberá o 52 por cento dos votos, fronte ao candidato socialista Antoni Siurana, alcalde de Lleida.

O triunfo de Barberá foi moi traballado e serviu de colofón a unhas reunións da FEMP caracterizadas pola crispación, os insultos e a tensión e os reproches entre as moitas organizacións políticas ali presentes. Antes do Sábado pensouse incluso na defunción da organización e en moitísimas propostas para reformala. Outra característica da reunión de Madrid foi o caos organizativo, que se estendeu até a hora da votación final, efectuada mediante un novidoso sistema informático que ao final se colapsou e demorou aínda máis os resultados finais.

A xuntanza da FEMP foi cenario dun gran xogo de diplomacia de salón, onde se negociou até minutos antes para conseguir alianzas decisivas coas que vencer. As dúas fronteas principais, a de Barberá e a de Siurana, loitaron por convencer ás demais formacións para que se lles unisen. O socialista acadou o compromiso de apoio de Izquierda Unida, que colocou á alcaldesa de Córdoba, Rosa Aguilar, como número dous. Esta lista progresista comezou os contactos cos seus socios circunstanciais nos diferentes concellos para acadar a maioría e privarlle ao PP da presidencia. Mais ao PSOE traizoárono o Partido Aragonés Regionalista (PAR), co que goberna en Aragón e mais o Partido Andalucista, que votou a prol da investidura de Manuel Chaves.

Estes dous partidos lograron colocar algunhas das suas te-



A alcaldesa de València (PP), Rita Barberá, é felicitada polo seu oponente socialista Antoni Siurana.

ses no programa da valenciana, unidos a Coalición Canaria, sócio do PP e a unha gran parte dos representantes de CiU, que asistía por primeira vez á asemblea desta organización (até o de agora non o fixera por considerar que non representaba a pluralidade do Estado español, como aínda hoxendia fan os partidos nacionalistas bascos).

As únicas formacións autonómicas que estiveron coa fronte progresista foron o BNG e Iniciativa per Catalunya. Por parte do Bloque asistiron o alcalde de Ferrol, Xaime Bello, o concelleiro vigués Xaquín de Acosta e a edil pontevedresa Anxos Riveiro. Segundo esta, a vontade nacionalista á hora de apoiar a Siurana tiña como obxectivo impedir que "o PP voltase gover-

nar. Nada máis. O maior interese do BNG está na FEGAMP". Aínda grazas a estes apoios, a lista progresista obtivo 11.940 votos, 1.334 menos cá lista centrodireitista.

Logo de saír escolleita, a alcaldesa de València quixo chamar á calma e deu unha imaxe de impotencia diante das moitas dúbidas que levantou esta última asemblea. Máis que repetiu continuamente a súa vontade de unidade e de consenso nos temas máis espíñentos, o certo é que ninguén cre que esta organización poida cumprir dous dos seus obxectivos básicos para os próximos catro anos: reformar os seus estatutos, que ficaron totalmente obsoletos, e crear un consello territorial onde teñan representación as autonomías.

Xustamente, o secretario de política municipal socialista, Alfonso Perales, queixouse de que a maior parte dos membros de CiU se decantase pola lista de Barberá "mentres que os progresistas tiñan entre os seus principios o desenvolvemento desa nova asemblea". Este ponto, considerado vital tamén polos nacionalistas cataláns, nunca poderá ser aprobado nesta lexislatura, xa que precisa dun apoio das tres quintas partes da asemblea e o PP anunciou que se absterá.

Na nova executiva da FEMP só haberá dous galegos, o alcalde de Lugo, o socialista Xosé López Orozco e o alcalde de Ourense, Manuel Cabezas, do PP. Até agora, o alcalde coruñés Francisco Vázquez ocupaba a vicepresidencia. ♦

Confirmadas as prácticas ilegais do alcalde de Oviedo

Gabino de Lorenzo, alcalde de Oviedo e membro do Partido Popular, contratou obras e demais servizos para o Concello ilegalmente, durante os anos 1994 e 1995, segundo probou o Tribunal de Contas. De Lorenzo, que goberna Oviedo desde 1991 está implicado en graves irregularidades en diferentes construcións, como a do cemiterio municipal e tamén na concesión de fondos aos empregados do consistorio non recollidos na Lei da Función Pública. En relación a este caso de posíbel corrupción, Manuel Meleiro, apoderado da construtora asturiana Sardalla, acusou xudicialmente ao propio Concello de Oviedo de lle ter exixido comisións para poder acceder a un concurso público para a contratación dunhas obras. ♦

Pujol non falará da súa sucesión até o 2002

O presidente da Generalitat de Cataluña, Jordi Pujol, negouse a comentar nengun aspecto da súa sucesión na cúpula de Convergència i Unió até o 2002, xustamente un ano antes das vindeiras eleccións catalanas. Para Pujol, ese tema só ten un factor aclarado, o feito de que el non se vai volver presentar á reelección, pero nada máis, polo que é excusado facer comentarios e cábalas sobre o nome do seu delfín. Máis estas declaracións, parece que son dous os candidatos a pelexar con Pasqual Maragall nos comicios do 2003. Por unha parte estaría Josep Antoni Durán, líder de Unió e conseller de Gobernación e Artur Mas, dirixente de Convergència e responsábel de Economía. ♦

A Lexión vixia a fronteira con Marrocos

Mentres que o Partido Popular intenta adiar indefinidamente a aprobación da nova Lei de Extranxería no Senado, o Goberno Aznar ordenoulle á Lexión que se ocupe das tarefas de vixilancia na liña fronteiriza entre Marrocos e Ceuta. Esta medida responde, segundo o ministro do Interior, Jaime Mayor, ao desbordamento da situación migratoria e á incapacidade que teñen os 300 axentes da Garda Civil destinados na zona para evitar que se traspase ilegalmente o valado divisório. Interior pretende tamén blindar este paso con muros metálicos de 3,20 metros. ♦

XOSÉ MEXUTO

Cesións de soberanía

Pode un Parlamento ceder parcelas de soberanía sen que se inteire a opinión pública? Pode un Goberno obviar o Parlamento e entregar a autonomía de decisión a instancias supraestatais? Pode-se estar configurando un poder omnímodo de abano cuase planetario e sen nengun control minimamente democrático? Pode por máis tempo aturar a democracia parlamentaria o seu valeiramento sen que iso produza unha mutación tamén na forma dos réximes políticos que nos gobernan?

O Parlamento español non foi informado polo Executivo das conversas previas á negociación en Seattle da Organización Mundial do Comercio. A operación enceta-se coa cesión de soberanía á Unión Europea, que ne-


gócia no canto dos Estados comunitarios pretensamente soberanos. Agachamento e oscurantismo. Transferido o poder decisório, o Parlamento fica convertido nunha idea virtual, no cenario onde o ator-presidente Trillo larga as suas brincadeiras, o amigo do presidente de Telefónica defende intereses privados e o pretense líder sólido dos que se autotitulan como socialdemócratas tenta convencer ao público de que é posíbel vivir á sombra consentida de González. É responsabilidade do PP ter devaluado até límites pre-democráticos o órgano de representación dos cidadáns españois (xa que non das nazóns que compoñen o Estado). E é unha responsabilidade partillada por boa parte das formacións da oposición, a hexemónica á cabeza, incapaci-

des de empregaren o Parlamento para falar do que verdadeiramente se xoga sobre o relvado.

Foron os nacionalistas galegos os que abriron o debate do PDR no Congreso e son os nacionalistas galegos os que rexistaron as primeiras iniciativas para que a cámara fale e se informe sobre o futuro do comercio mundial.

E non é casual que for o nacionalismo galego o autor de tal iniciativa: é congruente coa representación dun país que non está para perder o tempo en ideas virtuais, que precisa o corpo, a materia e o concreto, o tanxíbel, como auga de maio.

Por puro instinto de supervivencia. ♦




A arte na Catedral de Santiago

- Impresa a cinco tintas en seis idiomas
- Con marcador e acabamento en coiro rexenerado
- Papel verxurado, 100 gr crema
- Tamaño: 22 x 26,5 cm.
- Precio de venda: 3.500 pta.

OFERTA DE LANZAMENTO,
para os nosos leitores:

2.000 pta



AXENDA CASTELAO

- Axenda conmemorativa do Ano Castelao
- Impresa a cor en seis idiomas
- Con marcador e acabamento en coiro rexenerado
- Papel verxurado, 100 gr crema
- Tamaño: 17,5 x 25 cm.
- Precio de venda: 1.900 pta.

OFERTA DE LANZAMENTO,
para os nosos leitores:

1.200 pta



Plato conmemorativo Ano Castelao

- Plato en cerámica de Sargadelos conmemorativo do *Ano Castelao*, en edición exclusiva para *A Nosa Terra*.
- Existencias limitadas.

OFERTA DE LANZAMENTO,
para os nosos leitores:

1.800 pta

A xendas 2000

Nome Apellidos

Enderezo

Código Postal Teléfono

N.I.F. Povoación

Provincia

Desexo recibir axenda(s).


PAGAMENTO DOMICILIADO

Banco / Caixa de Aforros Conta ou libreta

Titular Sucursal Poboación N.I.F.

Sírvanse tomar nota, e atender con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas [A NOSA TERRA].

Data / / Sinatura



Últimas novidades


O mintireiro
O paxaro de ouro
Xaniño espido, pelica de ovella

A serpe da fonte
O neno que bagoaba perlas
Os demachiños




As fillas do zapateiro
O vello do monte
A princesa e o xigante

colección **Contos Populares**



Caciquismo e eleccións na Galiza da II República



O outro lado da música, a poesía



Historia do teatro galego

colección **Campus**

colección **Historia de Galicia**



colección

Historia da Arte Galega

Fascículo 13: A Producción metálica dos castrexos

Fascículo 14: Ourivaría castrexa

Fascículo 15: Cerámica castrexa decorada

A NOSA TERRA

A direita gaña por só 160.000 votos

Os conservadores reteñen a presidencia do Uruguai pero as dúas cámaras terán maioría de esquerdas

♦ G. LUCA

A dereita avisou un terremoto se gañaba o goberno reformista de esquerdas e adiantou na segunda volta electoral do Uruguai. Jorge Batllé do partido Colorado arrastrou os votos dos *Blancos* (Partido Nacional) e puido recadar o 51,6% nun remate de campaña apocalíptico. O *Frente Amplio* que lidera Tabaré Vázquez será con todo o primeiro grupo parlamentario de Uruguai por número de deputados e senadores. Terá unha decisiva intervención no Tribunal Electoral, no Tribunal Supremo e na Fiscalía de Contas.

Na primeira volta do 31 de Outubro nen os partidos oficialistas, *Colorado* e *Blanco*, nen a coalición *Encuentro Progresista-Frente Amplio* do socialista Tabaré Vázquez superaron o 50% máis un dos votos válidos e, como prescrebe a lei reformada de a pouco, os dous máis votados tiñan que pasar por un novo recuento, copiado do sistema de reconsideración francés, con tres semanas de meditación entre as dúas consultas.

A fórmula do *ballotage*, traducida no Uruguai como *balotaje*, recibe a interpretación universal dun invento da dereita por extender a campaña, con avantaxe de recursos de propaganda, e cambiar en última instancia a tendencia que transmitían con insistencia os inquiritos para unha maioría de esquerdas.

Como se lembrará (ANT de 5 de Novembro pasado), o *Frente Amplio* de Tabaré sumara na primeira volta 861.202 votos, ou o 40,1% contra o 32,7 do *Partido Colorado* e o 22,3 do *Partido Blanco* (Nacional). Ao resultado da esquerda na primeira había de sumarse o 4,5% do *Nuevo Espacio* de Michelini (fillo do sasinado Zelmar Michelini, un dos fundadores do *Frente Amplio*), o que significaba a máis grande vitoria de todos os tempos da esquerda en Uruguai, con maioría en distritos fundamentais do país coma Montevideo (con máis do 50%), Maldonado, Paysandú e Canelones. O *Frente Amplio* convertíase en segunda forza no interior do país, nomeadamente en departa-



Vázquez, candidato da coalición *Encuentro Progresista-Frente Amplio*, á entrada nun coléxio electoral.

mentos que foran eidos conservadores por tempo inmemorial.

A esquerda domina o parlamento

E máis importante: a fronte de esquerdas levantaba a representación parlamentaria máis importante, con 40 deputados e 12 senadores. Co abalo dos votos da coalición de esquerdas volvían ao pazo lexislativo Marina Arismendi, do partido Comunista e José Mujica e Eleuterio Fernández Huidobro do MPP-MLN (Tupamaros).

Á voz de parar á esquerda produciuse a coalición previsíbel (para iso se inventara o *balotaje*) dos *blancos* e os *colorados* (hoxe no goberno) que sumaban unha previsión conxunta do 52% dos votos. Finalmente acadaron só o 51,6%. Por médio, quedou o barullo de rifas históricas das dúas formacións burguesas. O importante era evitar un goberno vermello. O Partido Nacional deulle forma de orde á decisión de cambiar de traña e remar con toda na que fora na primeira volta, e durante moitos anos, a súa competidora inmediata, a embarcación do *Partido Colorado*. Non faltaron as protestas de verdais das fileiras brancas, coma Juan Andrés Ramírez ou Jorge Machiñena que animaron ao electorado a votar o que lles petase. O Partido Nacional abreu o baúl dos espantos e a cisma cos

colorados estivera a pique de cambiar o sentido da campaña.

Ao final formouse o partido *Colorado*.

A traballada peregrinación da fronte de esquerda ao centro do electorado frustrouse polas velas fórmulas de prometer a perda dos aforros, o aumento dos impostos para rañar as rendas dos que menos gañan, o pánico dos pantasmais investimentos extranxeiros e a desaparición dos subsidios á xubilación. A coalición da esquerda contou cunha baza importantísima que foron os pequenos comerciantes (na maioría inmigrantes e en boa parte galegos) mallados polas grandes plantas e as transnacionais da compra directa, as modernidades defendidas pola burguesía que condenan á ruína ao empresariado familiar.

A dereita recomposta para deter a *revolución* tiña respostas: o Uruguai non podería pagar a débeda

externa, entraría na lista negra dos norteamericanos e volverían os tempos da violencia. "O medo ao socialismo serve para socializar o medo -escrebe Eduardo Galeano- A fronte de esquerda perde a segunda volta das eleccións de Uruguai derrotada polo medo. Á hora da verdade, o medo impideu que se movera á esquerda a man dos votantes indecisos que resolveron a elección".

A fronte de esquerdas contou cunha baza que foron os pequenos comerciantes (a maioría inmigrantes e boa parte galegos) mallados polas grandes transnacionais da compra directa

En Maio haberá elección para os concellos. O *Partido Colorado* continuará no goberno de Uruguai como xa é costume desde os anos 20. Tabaré definía a situación así na véspera da segunda votación:

"O día 28 a cidadanía debe decidir: Tabaré presidente e cambio á uruguia ou cinco anos do mesmo, máis do mesmo, máis do mesmo". No final de campaña, a dereita renunciou a defender moitos aspectos en discusión do seu programa e confiou no ruído mediático da propaganda ben pagada. ♦

O partido de Kohl tiña unha contabilidade oculta

O ex canceller alemán Helmut Kohl recoñeceu publicamente que o seu partido, a Unión Cristiá Democrática (CDU), de centro-dereita, mantivo durante varios anos unha contabilidade paralela que se destinou a canalizar donativos á organización, que deste xeito non se declaraban á Facenda. Tras este escándalo, a CDU, ademais de ter que devolver todo o roubado, enfrontase a unha das súas maiores crises. Kohl asumiu todas as responsabilidades políticas e manifestou que aceptará calquera decisión xudicial. O máis seguro, máis todo, é que os demais partidos, comandados polo Partido Socialdemócrata, tentarán minimizar a investigación, que xa se advertiu que non rematará até o 2001. ♦

Comeza a funcionar o Goberno de Irlanda do Norte

O 29 de Novembro formouse o primeiro goberno autonómico de Irlanda do Norte. No primeiro gabinete, presidido polo protestante David Trimble, están presentes dous membros do Sinn Féin. O ex comandante do IRA Martin McGuinness ocupará a carteira de Educación e Birbre de Braum será responsábel da de Sanidade, Servizos Sociais e Seguridade Pública. O Partido Socialdemócrata Laborista, do tamén católico John Hume terá catro ministerios, dos que destaca o posto de viceministro principal, na figura de Seamus Mallon. ♦

Estados Unidos abandona Panamá

A base norteamericana de Clayton, en Panamá, foi abandonada o Martes 30 de Novembro polo Exército dos Estados Unidos. Con este feche, as autoridades militares dependentes de Washington retíranse definitivamente do pequeno estado centroamericano, un mes antes da entrega da Canle ao goberno panameño, en cumprimento do tratado que asinaron o presidente panameño Omar Torrijos e o daquela presidente norteamericano Jimmy Carter, datado en 1977. Durante o período de administración conxunta, os Estados Unidos mantiveron unha tropa de 10.000 homes na zona e incluso invadiron o país no ano 89. Na base de Clayton, de 870 hectáreas de terreo, o goberno da presidenta Mireya Moscoso pretende criar unha cidade-xardin. ♦

G. LUCA

Contratos para os pobres

Polo visto, o perigo verdadeiro para o comercio mundial non é a musculatura desproporcionada das empresas transnacionais senon os cativos escravos do Nepal, os nenos das rúas do Brasil e as costureiras das comarcas de montaña de Galiza e a rexión de entre Douro e Miño.

Estes traballadores marxinais dinque son a competencia desleal do comercio xusto. Pasan enriba da máquina ou nas canteiras 15 ou 18 horas diárias e teñen un seguro trampedo ou nengunha clase de protección. Son unha competencia inadmisíbel para o comer-

cio xusto. Quen o di é Norteamérica, tan tolerante cos manifestantes diante das cámaras de televisión á porta da xuntanza da Organización Mundial do Comercio en Seattle, e tan implacábel co código da compravenda.

Claro que hai que solucionar a explotación e o traballo marxinal pero este obxectivo só se atinxirá nun mundo sen o abuso do Norte sobre o Sul. O código de comercio xusticialista, que promoven os países ricos na OMC, non ten en conta o endebedamento externo (eterno), o embargo, o comercio de armas

apresentado como axuda aos necesitados, a imposibilidade real de competir.

Que os poderosos dentro OMC non tapen cunha pequena verdade (o traballo marxinal e a súa influencia na formación de prezos) o feito de que no mundo existen países demasiado ben pagados e países que comen cando poden. A imposición da liberdade de comercio está dinamitando o que lles queda de produción propia. Indígnanse cando escoitan que a solución do mundo pasa por facerlles contratos aos pobres. ♦

Tiñamos un problema e xa está solucionado

J. M. Aznar

Titular do Diario de Pontevedra: "Fraga inaugura un ascensor na Casa das Aparicións".

Leyma non podía seguir sendo galega. Pola contra é preciso parar a venda da Holzmann porque a empresa bávara é algo máis que un problema económico, como di Gerhard Schroöder. Tamén os estaleiros de Mecklenburgo non eran coma os do Ferrol, para Helmut Kohl. Para Mecklenburgo había cheques do Estado alemán e da UE, pero en Ferrol tiñamos que ser realistas e liquidar capacidade. Sonche as forzas do Mercado (Común Europeu).

A Policia descobre que o teléfono do Fiscal Anti-Corrupción estaba pinchado. A brillante operación rematou polo drástico desenchufado da conexión na mesa

En defensa de Bar Bóo

No semanal d'A Nosa Terra, con data do 18 de Novembro do 99 e formando parte do artigo "A diferenza entre construción e cultura", firmado por P. Bergantiños e C. Vidal, no apartado "Casas coma cogumelos", faise unha desafortunada referencia ao arquitecto Xosé Bar Bóo.

É o único nome que se cita —mal citado Barbó—, como paradigma do profesional ao servizo de intereses especulativos. Isto é tan ridículo que non merecería unha contestación. Mais, desgrazadamente, neste país carente de todo rigor, así se escribe a historia: un indocumentado escribe algo e unha serie de indocumentados repiten até a saturación.

Non vou entrar nos eloxios vertidos sobre a figura de Bar Bóo, non son eu a persoa indicada, pero, por respecto á memoria do meu marido e do seu periódico, aportarei uns cantos dados históricos:

Xosé Bar Bóo exerceu a profesión de arquitecto na cidade de Vigo de 1957 a 1994, en plena expansión da cidade, e foi o profesional que deixou menos obras construídas. Durante toda a súa vida, renunciou a dirixir numerosas edificacións porque os construtores negábanse a cumprir coas súas esixencias de calidade na edificación e dos materiais a empregar. Este ético comportamento criou fama de incómodo, caro e esixente, pero tamén fixo felices aos inquilinos das súas vivendas.

A torre de Toralla —mal chamada no seu artigo "edificio Barbó"— foille adjudicada por concurso restrinxido entre arquitectos de Vigo ao que, ben recordo, acudiron todos. O volume e a planta en forma de Y grego era condición indiscutíbel. Cando a construción superou o nivel de cimentación, a propiedade pretendeu impoñerlle o uso de materiais de construción sen homologación. Parou a obra e foise a preito que, naturalmente perdeu Bar Bóo. A profesión en pleno de toda España estivo a carón de Pepe Bar, e houbo dificultades para substituílo na dirección da obra⁽¹⁾. Sería facer ficción supoñer como sería a torre se a tivese rematado Bar Bóo. Non sería o mesmo. A súa teima era desmasificala con transparencias que a alixearan, naturalmente, o volume e a planta en Y grego tan desabalados íanse manter.

A dirección da torre, fora da cimentación, é responsabilidade de Agustín Pérez Bellas, a el pertence o seu aspecto formal e os materiais construtivos.

Pepe Bar Bóo está lonxe das mesquindades e ninguén ten xa o poder de devolverlle o corazón ou de partírllo. E, pola miña parte, non hai quen poda privarme do privilexio de ter compartido a miña vida cun home excepcional. ♦

(1) Teño documentos que valan todo o relatado a disposición de quen o solicite.

MACAMEN BLANCO GRACIA
VIUVA DE XOSÉ BAR BÓO



Con respecto ao editorial de ANT nº 909 do 18 de novembro, titulado "Casas coma cogumelos", quero facer varias pantoalizaciones:

1. Parece insólito que unha publicación viguesa, á que se lle supón informada das actividades dun dos arquitectos máis singulares da súa cidade, inclúa o nome de Bar Bóo entre os "arquitectos que viven de prestar servizo aos construtores que forman parte interesada nos mecanismos especulativos que atentan contra o noso patrimonio...", cando precisamente a súa ética profesional e o seu rigor á hora de defender a calidade dos proxectos provocoulle en ocasións a mingua da súa actividade.

2. O arquitecto Xosé Bar Bóo, non foi o responsable do proxecto final do edificio que actualmente se coñece polo nome da Torre de Toralla, senón Agustín Pérez Bellas, polo que resulta incorrecto, por non dicir tendencioso, pórle o nome de "edificio Barbó", como figura no editorial de ANT.

3. Calquer que estivera en contacto co legado de Pepe Bar: profesionais da arquitectura, alunado da Escola d'A Coruña, estudios@s da súa obra ou clientes, saben que no ideario artístico descrito ao longo da súa carreira, subxace, precisamente, o respecto ao entorno medio-ambiental e a coherencia urbanística. Bar Bóo soubo compaxinar o emprego de ele-

mentos arquitectónicos tradicionais, como o granito, harmonizando coa calidade dos edificios modernistas de Vigo, coas formas de vangarda, colisionando coa vulgaridade da arquitectura seriada, abundante nesta cidade; pero, de ningún xeito, estivo ao "servizo dos intereses que atentan contra o noso patrimonio", segundo o expresado por vostedes.

4. Saiban, tamén, que a obra de Pepe Bar figura en enciclopédias, publicacións especializadas en toda Europa e en teses doutorais (véxase a de Alicia Garrido, reseñada na Festa da Palabra Silenciada nº 14); e, aínda que foi apenas, ou en absoluto, amparada polas institucións deste país, podémola admirar con satisfacción en lugares privilexiados, con bons cimentos sobre a terra, cos aleiros saíndo entre o arume, no meio dos montes, mirando os solpores da Ría de Vigo ou nas portas das cidades galegas. Podería ter sido moitísimo máis extensa, xa se sabe, pero non máis honesta. ♦

MONICA BAR CENDÓN

Con pasmo e cunha infinda tristura leo a publicación no periódico "A Nosa Terra" dun artigo onde se fai unha afirmación insultante para o excepcional home e profesional Xosé Bar Bóo.

A indignación que me produciu a afirmación vertida no artigo foi tanta que nen son quen de calificar. A referencia que se fai "ao edificio Barbó na illa de Toralla"

dentro da separata "Casas coma cogumelos" advirtindo que "por ser doado exemplo contra os intereses que atentan a cotío contra o noso patrimonio..." só pode partir da máis absoluta ignorancia: se neste mundo houbo alguén preocupado por ampliar o noso patrimonio sen lesionalo —porque o mimou— ese foi Bar Bóo.

Xa que non foron capaces de nomealo para a súa loubanza ben merecida, polo menos deberían de ter a honestidade de dar unha información veraz sobre o edificio da Illa de Toralla. Denominárono "Barbó", descoñecendo non só os apelidos do personaxe, senón tamen que o tal edificio sómente foi proxectado por el de xeito moi diferente ao resultado final.

Pepe Bar foi o arquitecto de contadísimas obras, que serán para sempre un exemplo de anovación arquitectónica, resultado dunha imaxinación portentosa ao servizo da máis rigorosa técnica. Como arquitecto foi un artista. E coma persoa foi un ser apaixonado polas causas xustas.

Só, repito, desde a ignorancia máis absoluta pode agravarse tanto a memoria dun home da súa categoría humana e profesional. ♦

MARITA VÁZQUEZ DE LA CRUZ
(VIGO)

Mais sobre a Gaceta Universitaria

"No son, no existen, mienten y razonan para seguir, sin existir, cobrando".

PABLO NERUDA

O debate sobre a ética xornalística nuns tempos onde a globalización neo-liberal está a destruír todos aqueles meios, ou bem contestatarios, ou bem que nom se adequam aos grandes monopólios de información, é hoje necessário. Vozes como as de Vázquez Montalbán ou Noam Chomsky (por falar de nomes bem conhecidos) já se levantaram contra este estado de cousas na comunicação mundial. Obviamente todo o intento de combater, ou simplesmente contrarrestar o monopólio na información dá de frente com um monstro que deambula pola noite do mundo: a razom de estado, palabras de Jean Ziederg que mostram claramente como a autonomia dos meios de comunicación é mais bem umha farsa imposta desde instancias de poder bem determinadas.

A polémica aparecida nestas últimas semanas nos meios de comunicación sobre o "seqüestro" da Gaceta Universitaria na Universidade de Compostela, vem de introducir um debate

desvirtuado por todos os meios informativos, que certamente non queren enfrentar a discusión principal, neste caso: a ética informativa.

Esta publicación (GU) está adscrita, como já quase todo o mundo sabe, ao grupo financeiro Recoletos. Estes profetas do estado liberal, estas penas dignas dum romantismo caduco, andam magoados porque a eles se lhes coarctou a liberdade de expressom. Como se Recoletos nom tivesse já "El Mundo", parte de Antena 3, revistas de todo o tipo e publicacións de "píjeria madrileña" para se expresar livremente, aínda que isto é umha média verdade, já que está claro que nestes tempos, onde se promulga a grandes vozes o fim das ideologías, só pode expressarse quem dispom de medios para o fazer. Se partimos desta última afirmación, a pretendida liberdade de expressom é só umha infúndia, umha farsa imposta desde um poder que instrumentaliza a imprensa para os seus beneficios político-económicos.

Todos os jornais galegos, sem essa excepción lógica que sempre aguardámos e que nunca chega, raudos fórom ao qualificar o acosso a este panfleto universitário. Como próprio de fascistas. Coitadinhos os redactores da *Gaceta Universitaria*! Tenho a certeza de que se Monsenhor Escrivá de Balaguer levantasse a cabeça se sentiria (nom podería ser doutra forma) aflito e desconsolado e nom podería senom arranjar a sua aflição com umhas quantas jornadas de adoraçom nocturna. Os redactores deste semanário (ou o que seja) muito habituados a mítins com gaivotas e confesionário obscuro reclamam-se adalides da democracia, contra as "camisas pardas", o fascismo mais puro e duro, que nom é o de Franco nem o de Hitler senom do fantasma mais recorrente na história recente espanhola: "o contubérnio judeumasonico".

Um dos jornalistas que mais se tem destacado na verborrea fácil e no insulto explícito é o senhor Xavier Carrio, articulista de "El Correo Gallego" que como todos sabemos tamém é um jornal que brilha pola sua autonomia informativa. Bem, ao que íamos, este tal senhor Carrio declara-se de talante conciliador aínda que tem dous grandes monstros que lhe andam rondando a cabeça (o comunismo e o nacionalismo) e nom duvida em misturar o nome de Beiras para estabelecer umha comunhom entre todos os "pretendidos fascistas" da Galiza. É curioso comprobar, como den-

tro do seu mundo onírico-castigador o senhor Carrio afirma com o peito finchado a ignorância de Estudantes Independentistas, aínda que poda ser verdade que esta organizaçom seja convertida num terrível acceso de fé num passado nom longínquo, nuns "rojos come-niños" e que recuperemos de volta toda aquela prosa digna do pós-modernismo que afirmava a desaparición do ouro de Negrín. A culpa sempre é do perdedor, do discrepante do "rojo come-niños que se llevó el oro a Rusia", e aínda que a historiografía tem melhorado nos últimos tempos e a apologética tem deixado de ser pilar de ciência, o senhor Carrio segue educado em toda aquela estupenda tradiçom dos livros Vicens-Vives.

Outro dos implicados neste cruzamento de posiçoms é o senhor Clavero, director da GU (Macbeth, algum dia será rei), que se magoa, e aflito choromica sobre a necessidade de informar, mas o que el sabe perfectamente (home de poderes fácticos que está aí com certeza pola sua brilhante pena) é que rondam boatos consistentes sobre a necessidade que o Partido Popular tinha de entrar no sector universitário e para isso a criaçom dum semanário, plataforma de mediocres e empresários, para arrabunhar esses votos últimos que os acheguem a Moncloa. O que sim sabe Clavero é que a globalizaçom está acabando com a ética jornalística, destruindo os meios de informaçom humildes, recriando tamém outra forma de fascismo.

Algum dia pode que no Estado espanhol chegue um juiz e proiba um jornal e umha rádio (cousa claro está, impensável num estado de direito) mas nom me resisto a afirmar que o seu semanário é o exemplo mais claro de falta de autonomia jornalística, de potenciaçom de competitividade e de ensino privado, de falta de respeito à cultura galega e de plataforma eleitoral do "centrismo" aznariano, e isso senhor Clavero tamém é, fascismo. ♦

R. GONÇALVES GONÇALVES
(LUGO)

Polémica sen conclusión

Con certa perplexidade asisto á vella e nunca concluída polémica sobre a normativizaçom do galego. Cos ollos de alguén que vive fora do "mundiño" cultural galego, e por tanto alleo aos intereses editoriais, de grupiños político-intelectuais ou de calquer outro tipo, e que só pretende achegarse ao problema cunha visión lingüística e histórica, gostaríame terciar na polémica para se cadra deixar claro unhas cantas verdades, que coído nídias e irrefutáveis:

1.- O galego é umha língua, codialecto ou dialecto (que cada quen elixa a denominación que lle pete) claramente distinguíbel do portugués, evidentemente en moita maior medida que o brasileiro ou que as variantes luso-africanas, tanto na sua fonética, coma en menor medida na sua morfosintaxe ou no seu léxico; e estas grandes (para uns) ou mínimas (para outros) diferenzas deben agromar en certo grao na sua ortografía. O galego nunca deberá seguir o exemplo do inglés, onde a correspondência entre escrita e fala é case anecdótica.

2.- A actual normativa do galego non é máis ca umha pobre cópia do español, que obvia os estudos lingüísticos que, sen excepción nengunha, ligan ao galego co portugués no mesmo sistema lingüístico: o iberorromânico ocidental. Xa que logo, se o galego debe servirse dun modelo normativo, este só pode ser o portugués. O contrário, e vixente, é unicamente un intento, con perfidia ou por ineptitude, de criar un "patois" do español.

3.- O trazo máis salientábel para calquer leitor de libros actuais en galego e que coñeza a literatura máis antiga é a desgalguizaçom do idioma, e por conseguinte a sua castellanizaçom. Na fase literária, non tan vella, dos excesos hiperenxeristas o actual presidente da RAG recomendaba, apropiadamente, a consulta dun dicioná-

rio portugués para refugalos (así nunca aparecerían "cadeirádegos", "ambentes" ou "ámetos"), pero ende mal xamais se recomendou esta mesma consulta para evitar os castellanismos, quizais estes non deturpan a nosa lingua?

4.- A vixente normativa fracasou como modelo de estandarizaçom, evidentemente, porque senón non habería polémica ortográfica. O seu seguimento patolóxico do español (non recoñecemento dos dígrafos "ch" ou "ll" como tais até que o fixo a academia española ou a falta de lóxica e explicación polo uso do dígrafo "gu" nun galego onde nunca se dá a secuencia "g-e" ou "g+i") e os contínuos cambios e incoerências no tratamento dos sufixos ou grupos consonánticos (as masivas coincidências co español son, ao menos, sospeitosas) son mostras da sua incapacidade. Por que se deben recuperar algunhas vellas palabras desaparecidas do galego vivo e suplantadas por castellanismos (coma "Deus", "galego" ou "igreja") en canto outras son irrecuperáveis (caso de "Galiza", "perfeito", ou o sufixo "-çon")? Por que son mellores os calcos do castelán, camuflados como cultismos ou neologismos, que os do portugués?

5.- Cando se defende por certos lingüistas que o único galego puro é o conservado polos paisanos, ocúltase a mantenta que eses mesmos paisanos non saben maioritariamente escrever nen ler na sua fala e que teñen como modelo de língua culta o español, do que tiran de contínuo vocabulário. Que estándar culto fixo nunca sobre umha língua depauperada e marxinalada polos seus mesmos falantes?

6.- Umha língua existe de seu, teña ou non ortografía e imite esta ou non á doutra língua, os exemplos de línguas que non teñen escrita son moitos (especialmente en África, América, Ásia ou Oceanía) e os de línguas que basean a sua ortografía na doutras línguas máis ou menos próximas é a regra. Se escribo a seguinte frase na actual norma: "O carballo é umha árbore", soará cando se pronúncia distintamente da que se pronúncia cando se escribe con ortografía portuguesa: "O carvalho é umha árvore"? Se por circunstancias históricas usásemos outro alfabeto, coma o croata e o serbo, falaríamos distintas línguas? A elección ortográfica é, sobre todo, umha escolla de coerência cultural e de utilidade ou deberia.

7.- E por último, se escrever con ortografía portuguesa nos lusifica, escrever con ortografía española non nos castellaniza? Que intereses se agochan na falta dese acordo ortográfico que remate co problema e xun-

de escoitas da Policia.

Castelao chamara á Universidade ama de cria do caciquismo. No primeiro congreso que lle adican (o "Simposio sobre Castelao na Galiza do Século XX"), os participantes son xerarquizados pola seguinte orde: a)profesores doutores, b)doutores de honra, c)doutores, d)licenciados, e)grea de revoltos. De estar aqui, Castelao quereria mellor participar coa **gandalla**, no papel de cego-pintamonas.

Querendo facer dano ao PP, umha man criminal sementou Monforte de papeletas do Partido Popular. Como explica Xose Luis Iravedra, secretario dos conservadores en Lugo, estes experimentos de espallar votos á rapañota atentan contra a democracia. Hai que facelo conforme á **Lei**: repartir as papeletas de man en man.

Os mellores da arte rupestre



européia viron visitar os petroglifos de Campo Lameiro, pero atopáronos cubertos polas silvas, cun vertedoiro á beira ou unha pista cementada no médio deles. Os cartos de Cultura van para retellar igrexas. (Nos confesionários recomentan votar por Fraga).

A tregua da ETA foi tamén un descanso para os lectores: os columnistas da *Fiel Infanteria* (a nómina do *CESID*) estiveran de permiso. Regresan cos superlativos niquelados.

Na versión española da biografía de Franco por Paul Preston censuraron o nome da nai de Carme Diaz de Rivera, que si aparece na edición inglesa. Preston contaba que esta dona fora amante de Ramón Serrano Suñer, ministro de exteriores de Franco no tempo en que este copiaba a Hitler. A mención foi suprimida. Carme Diaz de Rivera fora secretaria de Adolfo Suárez e faleceu na terza feira. ♦

te esforzos cara á revitalización do idioma? Unha vez acadado o acordo, os lusistas recalci-trantes sempre poderían escribir en portugués normativo, pois este debe ser admitido como unha variante próxima (o que en realidade é), e os antilusistas pertinaces seguir os pasos do Nobel. C.J. Cela e usar o galego como graciosa nota castiza dentro da máis pura normativa cervantina. En fin, que algun día alguén terá que dar moitas explicacións. ♦

L.C. CARBALLAL
(MADRID)

Transporte Escolar e Ensino Público

A Xunta Directiva da APA "Monte da Guía" do IES "A Guía" quer denunciar o mal funcionamento do Transporte Escolar, tanto por parte das empresas adjudicatárias do mesmo (Abalo e Benito Garcia) coma por parte da Administración (Sr. Roura e Sr. Laredo).

Desde o comezo do curso estánse a dar unha serie de deficiencias coma as que a continuación expoñemos: Por mor da adscripción de centros, os alumnos da ESO (de 12 a 16 anos), de Sampaio, do Parai-xal, de Zamáns, e daqueles que teñan o seu domicilio a máis de dous quilómetros do Centro asignado, e que estudan no IES da Guía, teñen dereito ao transporte escolar que a Administración lles ten que proporcionar. Un transporte que sexa seguro, no que os alumnos vaian todos sentados, e que os leve e os devolva o máis perto posíbel dos seus domicilios.

Pois ben, desde o comezo do curso, poucas veces se cumpre isto, xa que as empresas antes sinaladas, envían vehículos con menos capacidade das necesidades reais, dando lugar a que non haxa prazas sentadas para todos, e polo tanto algúns van de pé, incumpríndose así a normativa sobre seguridade no transporte escolar, e ademais das correspondentes de tránsito. Isto no mellor dos casos. Porque xa se deron varios casos de os condutores, xa pola súa iniciativa e, polo tanto, irresponsabilidade, ou pola dos seus xefes, porque non teñen os vehículos axeitados, ou por quererem gañar máis (irresponsábeis, egoístas, que só pensan nos gaños ou na produtividade a conta das persoas, e neste caso dos máis febles: os nenos), deixan a algúns alumnos fora, isto é, como non hai prazas, en canto está cheo o vehículo, vaise, sen esperar os que faltan ou comprobar se están todos os que teñen que ir. É dicir, déixanos fora, lonxe das súas casas, e a unha hora 14:45 (as clases rematan ás 14:40) na que non collen o autobús, ou non os deixan subir, quedan nunha zona no que sómentes hai unha liña de transporte público, a 17, quedando sós e indefensos (lembramos que xa deixaron nenos de 12 anos sen levalos de volta) polo que non é a primeira vez, que algun profesor, pola súa conta, lles pagou un taxi. Asimesmo, xa se deu o caso, de que os autobuses non os levan onde os teñen que levar, e obríganos a baixar antes.

Isto nalgunha ocasión agravouse aínda máis, cando polo mal tempo (cousa habitual na nosa terra e na época na que estamos), os alumnos non teñen onde se gardar, xa que na zona onde está o Instituto, sómentes hai unha marquesina cunha capacidade limitada, que apenas chega para os usuarios do transporte público que a utiliza.

E por outra parte, tamén responsabilizamos á Administración, sobre o que está a ocorrer, xa que é ela responsábel última de que se cumpra a normativa, e de vixiar ou comprobar as empresas do transporte escolar, de se se está a levar a cabo con toda normalidade ou están xurdindo problemas tan graves coma os que denunciámos.

A Dirección do Centro, e máis a APA do mesmo, así como os pais dos nenos afectados, estamos fartos de falar coa Administración, cos encargados das empresas mencionadas e cos condutores. Estamos fartos, de os membros da Xunta Directiva da APA facermos de investigadores ou detectives, e de informarmos a Administración e de que non se nos faga caso.

Instamos á Administración, que é a que ten a responsabilidade dos nosos fillos e fillas estean a pasear por isto, a que solución os problemas, que non teña que quedar nengun alumno sen o transporte que por dereito lles corresponde, a que poña os medios necesarios para que non volva a ocorrer os problemas antes denunciados, e a que se cumpra as normativas de seguridade no transporte escolar. Isto é un exemplo de cómo está a funcionar o Ensino Público! Queremos accións concretas, solucións aos problemas, non palabras.

Aos condutores, tamén lles decimos que se algunha vez, pola

causa que sexa, os alumnos se retrasan na saída das clases (cousa que poucas veces ocorre, pero ocorre) teñen que esperar por eles, non os poden deixar abandonados; que teñan en conta que hai nenos e nenos que 12 anos, e que se non o facedes así sodes en parte responsábeis do que lles poda ocorrer, xa que toda persoa ou persoas que toman conciencia dunha situación inxusta —própria ou da dos demais—, e non fai nada para solucionar, faise cómplice da mesma. Non esquezaades que en parte as vidas e a seguridade dos nosos fillos están nas vosas mans.

Empresários do transporte escolar, tendes que ter en conta, que os médios teñen que estar a disposición das persoas, e non ao contrario. Tendes nas vosas mans a responsabilidade da vida dos nosos fillos, de nenos e nenos, que son os máis febles desta sociedade, e que para nós, pais e nais, é todo o que temos, polo que loitamos nesta vida, así que non nos veñades cos vosos intereses mercantilistas, o primeiro é o primeiro: os nenos e nenos que confiadamente, por orde administrativa, poñemos nas vosas mans. ♦

D. BERNARDEZ VALEIRAS
PRESIDENTE DA APA
"MONTE DA GUÍA"

Uma institución cobixada

O 17 de Maio de 1976, Alexandre Castro-Morgadas e Bernaldo Souto assinaron un contrato a respeito da tradución e edición do *Martim Ferro*. (Em abril José Abreira pedira-lhe a Castro-Morgadas que colaborasse con Souto na tradución. O pedido, amistoso e respeitoso, foi afeito, nom obstante o já incipiente cuestionamento do conteúdo do libro por Alexandre⁽¹⁾.)

Na distribución de tarefas, quedou-lhe a Souto traballar no manuscrito e a Castro-Morgadas a revisión e corrección, lograr que una persoa de "A Pampa" o tipiasse, a redacción de cartas e cartões para a súa presentación na SADE, conseguir o encosto duma institución galega, etc. Souto figuraría como tradutor e Castro-Morgadas como colaborador. Os beneficios que produciría a tradución serían distribuídos así: o 70% para Souto e o 30% para Castro-Morgadas (que estaba en condicións de perceber o 50%, mas, num gesto de generosidade e para favorecer o Souto, aparentemente mais necesitado, ele mesmo propujo só o 30%).

Em 1975, com o obxecto de dispor duma institución para a defensa da lingua galega na Argentina, Castro-Morgadas fundara *Amigos do Idioma Galego*. O acto da fundación, com um grupo de persoas⁽²⁾, realizou-se o 25 de Julho. Esta entidade auspiciaria a tradución, e foi ela a que patrocinou os actos que com tal motivo se efectuaron. (Supunha-se que isto figuraría no libro, mas nom sucedeu así). Para nom expor muito o seu endereço, o colaborador conveo com Abreira que, duran-

te três meses, receberia-se no domicilio deste a correspondência dirigida a *Amigos do Idioma Galego*. (Só o período considerado conveniente ao redor da data do evento).

O contrato determinava que os direitos de tradución nom poderían ser inferiores ao 10% do valor total da edición. E, se o 31 de dezembro de 1979 nom estivesse editado o libro, fariase cargo de todo Edições Aleleo.

Nessa época o país sofria, desde o 24 de março de 1976, a tirania mais sangrenta da sua história neste século, com um resultado final de trinta mil seqüestrados-torturados-assassinados-desaparecidos⁽³⁾. Ser un intelectual progressista era perigosísimo, polo que, ao comezar 1979, Castro-Morgadas decidiu trasladar-se à Galiza com a sua familia. Durante esse ano veu a Comissom Interamericana de Direitos Humanos e, com tal motivo, os facinorosos desmantelaron os campos de concentración.

A meados de 1980, Castro-Morgadas retornou a Bons Ares. O libro fora editado (um individuo comprara a edición), mas com muitos erros, equívocos, olvidos e "esquecimentos". Non era o convidado. Um espanholeiro puxera um prólogo em castrapo; a capa e as primeiras páginas foram cambiadas, o nome do colaborador desaparecera; agradecimentos fora de lugar, *Amigos do Idioma Galego* mesmo ignorada; etc. O colaborador queixou-se e Souto pediu-lhe desculpas ao tempo que prometia nom repetir a falta.

Agora (nom sabemos se pola acción dalgun avesso "informador", talvez devido ao envio dalguma gazetilha errónea, ou simplemente por repetición) seja como for, no número 906 de *A Nosa Terra*, onde se informa sobre a homenagem que lhe faria *Galiza Nova*, aparece o Souto como fundador de *Amigos do Idioma Galego*. Um verdadeiro disparate.

Para que nom fiquem dúbidas, resumimos todo numa dúzia de palabras: *Amigos do Idioma Galego* foi fundada, o 25/7/1975, por Alexandre Castro-Morgadas. ♦

LEONOR SILVA
SECRETÁRIA DA ASSOCIAÇÃO
CULTURAL GALEGA "A PAMPA"
(BONS ARES- ARGENTINA)

(1) O abominável *Martim Ferro*, exaltado polo fascismo, é uma "versada" racista (antiíndia e antinegra), uma palhada de cegos, sem valor algum, uma bobice para analfabetos. O autor, José Hernández, fascistoide e mentiroso, apoiou em geral o monstruoso genocídio dos povos ameindios e, particularmente, a horrenda matança de mapuches (superior em número à realizada pola tirania do assassino Videla) que os genocidas, invasores e espoliadores denominaron "Conquista do deserto". O resgate de gado, que os ameindios mapuches iam buscar às estâncias de quem se apoderaram das suas terras, converteu-se numa complexa empresa colectiva.

(2) Entre as persoas do grupo que participou na fundación de *Amigos do Idioma Galego* nom se achava o Souto.

(3) O "Processo". Terrorismo de Estado, abjección criminal dos militares genocidas argentinos com a supervisión de Washington (24/3/1976-10/12/1983). Antes, a tirania mais terrífica e sanguinária fora a do degolador e restaurador das leis coloniais, o fascista e assassino maçoarogueiro Rozas, mais conhecido como "Rosas" (1835-1852).

A ALDEA GLOBAL

está aberta ás vosas colaboracións, débense incluír o nome e apelidos.

Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Agora tamén pode dirixir os envíos para esta sección polo correo electrónico: antpcg@arrakis.es

Envíos a:
A ALDEA GLOBAL
A NOSA TERRA

Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através do Fax:
(986) 22 31 01


EL CATÓN

COMPOSTELANO.

DISCURSO PRELIMINAR.

Recti apud nos lacum tenet error, ubi publicus
factus est. Senec. Ep. 123.

Nada puede ser mas lisonjero, ni mas glorioso á quien disfrutando de la paz del retiro repasa escrupulosamente por la memoria los desvarios de su vida pasada, para reformarse en todo con el estudio de la verdad, que el manifestar á todo el Mundo los escollos en que nuestra fragilidad se bate miserablemente todos los dias. Pero ¿será posible, que no habiéndolo quien hable mal de mi vaya ahora á turbar mi sosiego, siendo el juguete de las visitas y concurrencias, y excitando bullas y disputas entre unos que me alaban, y otros que me desprecian? Sin deseos ni temores, y á cubierto



EL RECREO COMPOSTELANO.

N.º 1. Enero 11. 1842.

Introducción.

El editor del presente periódico, convencido de que el saber es el talismán de la libertad, y la libertad el talismán del pueblo; i que esta libertad i este saber deben consagrarse á todos; no ha dudado un momento en presentar á sus paisanos un periódico ameno i equitativo que les instruya. Los autores generalmente no escriben mas que para individuos, formulando una teoría, abriendo nuevo campo á su ciencia; el que escribe para muchos, debe hacer mas. Debe tratar de los intereses de una sociedad que orgullosa á veces, engulle á sus propios hijos como Saturno, debe tratar de los que yacen cubiertos con el sudario de muchos siglos, contem-

El Catón Compostelano inaugura a prensa galega o 1 de Maio de 1800. Arriba, portadas de El Catón Compostelano, El Idólatra de Galicia e El Recreo Compostelano, do século XIX.

A prensa cumpre douscentos anos na Galiza

O bicentenario pasa desapercibido para as institucións culturais

⇒ C.V.

Comezaba o século XIX e en Compostela nacia o primeiro xornal que se ia imprimir na Galiza. *El Catón Compostelano* via a lus o primeiro de Maio de 1800 na capital galega, promovido, segundo noticia de Murguía, por Francisco del Valle Inclán, catedrático e bibliotecario da Universidade compostelán. Cúmrese así dous séculos de prensa na Galiza e a data serve para que os investigadores continúen reclamando unha hemeroteca nacional, prometida desde o primeiro goberno Fraga. *El Catón Compostelano* non se pode consultar completo en ningunha biblioteca galega. Pese á extraordinaria relevancia histórica, a data está a pasar desapercibida para as institucións culturais.

O traballo de investigación de Pablo Pérez Constanti *Historia del periodismo santiagués*, elaborado a comezos deste século (1905) dá idea dos avatares do nacemento da prensa na Galiza. De *El Catón Compostelano* di Pérez Constanti que a súa publicación cesou aos poucos números e lembra o ideario do xornal: "O noso século, e aínda máis, a nosa nación, ten moita necesidade de ser desengañados dunha infinidade de erros e falsas preocupacións que se fan todos os días máis e máis dominantes". De carácter doctrinario, o xornal bateu desde o comezo coa intransixencia das autoridades eclesiásticas provocando mesmo a publicación dunha volandeira titulada "Desagravio do clero latino insultado nas súas propias barbas polo *Catón Compostelano*".

Xosé Luis Cabo editou a comezos desta década a obra de Pérez Constanti (Edicións do Castro, 1992). Considera que a tal altura non se cuestiona que o nacemento do *Catón* supón a

aparición da prensa editada no país e menta que no 1º Congreso de xornalistas galegos celebrado no 1985, o investigador Antón Odreizola coincidiría na data mesmo citando o proxecto en 1789 dun xornal chamado *el Curioso Hercúleo* que, á fin, non chegou a aparecer. Intentando

localizar os exemplares desta publicación decana da prensa, Cabo deu cos números 1 e 2 na Academia Galega, do 1 ao 16 atópanse na Biblioteca Nacional de Madrid e a colección privada dos herdeiros de Ramón Vázquez Salgado, en Ourense, conta cos números que van do 1 ao 21. Entende Cabo que "é elemental que se celebra a data. A prensa reflexa a sociedade de cada época e a súa relevancia e cómpre na Galiza unha maior sistematización da súa historia. Chama a atención, como acontece con *El Catón*, as dificultades de localización e é por iso que a conmemoración pode servir para continuar reclamando unha hemeroteca que recolla os fondos de prensa galega".

O investigador e profesor da Facultade de Historia, Xosé Ramón Barreiro tamén quere relacionar o bicentenario da prensa coa demanda da hemeroteca nacional. Na súa idea está conseguir que a Academia Galega publique unha edición facsimilar de *El Catón Compostelano*, pero el mesmo apercibe das dificultades para atopar a colección completa da publicación. Barreiro coída que sería atinado celebrar a conmemoración e sin-

alar a fasquia daquel primeiro xornal, preñado de longos discursos que tanto incomodaron ao arcebispado compostelán. O investigador atopou mesmo a prohibición da Inquisición á altura de 1814, cando xa non se editaba nen o tribunal eclesiástico coñecía a súa feitura. Xosé Ramón

Barreiro recoñece o carácter iniciático da data pero fala tamén da anterior edición a cargo dun galego de *El censor* en Madrid.

"A riqueza da prensa galega é extraordinaria. Podemos falar de máis de 5000 cabeceiras pero o grande problema é que aínda non hai unha hemeroteca nacional. Dalgúñas cabeceiras como *El Obrero Galaico* ou *La Boina* só que-

da un exemplar e calculo que, se se pon empeño, poderíamos conseguir reunir un 20% do editado" comenta. De comezo, Barreiro sinala que o proxecto de dotar a unha hemeroteca nacional tería que iniciarse coa aplicación das novas tecnoloxías para traer ao país exemplares que non existen en ningún centro de documentación. Como investigador destaca a Hemeroteca Municipal de Madrid como o centro privilexiado en prensa galega da primeira época e ao que se tería que remitir calquer institución que tivese como fin elaborar o proxecto de hemeroteca aínda que tamén fala da necesidade de dirixirse a arquivos privados para conseguir números de publicacións que non existen en ningunha entidade pública.

Prensa contra a censura

Investigador da prensa e xornalista, Gustavo Luca de Tena destaca a "vocación de promover as liberdades coa que nace a prensa na Galiza. *El Catón* quere criticar o poder da Igrexa e derrubar o que aínda queda de Antigo Rexime na Galiza e, nese sentido, enlaza coa tradición xurdida coa Revolución Francesa. Nace, pois, con ese sentido político que chega até hoxe e sofre a reacción das forzas apegadas ao vampiro do rexime anterior como a igrexa ou o caciquismo que queren cegar esa nova lus. *El Catón* é así simbólico polo seu nacemento e tamén polo que significa o seu pronto peche". Ao seu ver, a conmemoración sería acaida tanto por "lembrar o pulo máis libertario da primeira prensa e denunciar ao tempo a censura que sigue imperando e tamén para reclamar a memoria histórica do país que semella molestar como se ve no incumprimento da promesa de Fraga de creación da hemeroteca nacional".

"Hoxe non debería haber problemas para conseguir un grande centro con fondos de prensa se se poñen a dispor investimentos e as novas tecnoloxías. No proxecto *Cidade da Cultura* aparece unha hemeroteca e só queda que queiran tirar dela" comenta a profesora e investigadora en prensa Mª Carme Pérez Pais quen aventura que a conmemoración da data ben podería dar na celebración dalgun congreso arredor da prensa na Galiza, pero non ten coñecemento de que se esté a organizar. Para Pérez Pais, fóra das facilidades da dixitalización e da rede, é preciso un "centro como referencia ao que se dirixan os investigadores. A prensa traballouse de forma descriptiva pero queda aínda moito que facer no seu estudo e interpretación".

Palabras para Carme

LOIS DIÉGUEZ

Querida Carme vai-se agachando o Mera no bafo da néboa. Despois sobe ela de vagar até facer do sol un círculo na barriga do Musgallón. A luz, en Orbazai, baixou, súbita, e o silencio entrou con grande bruido na miña cabeza. Quizá siga aí, roendo, roendo. Tamén o Tor deixou de ladrar e mira-me con estes novos ollos así como toldados, en fite, e eu non podo aturar a súa mirada de acusación. Mais non sei onde pousá-la, a mirada, tan orfa agora e tan valeira e fría. As miradas nosas perderon o brillo que lles daba alegría. Que cousa tan estraña, a alegría.


Orden as imaxes tan seguido, como abourando-me, as tuas, o rosto como alumeado, e tamén a luz dourada do teu pelo. Levas unhas pezas de roupa ao lavadoiro e chamas polo Tor con leves asobios. Logo apareces na cocina para preparar a compota coas peras que seguen aí tal como as deixache aínda onte. Aínda onte... Cantas cousas poden mudar nun segundo, e o mundo pasa do azul ao negro sen que un poda facer nada. Odiar tanto a pasividade, a impotencia, e agora... Agora respiro como as plantas e intento desterrar estas imaxes, pero volven, volven. Quixera descansar, aínda que fose uns minutos. Doenme tanto os ollos, e as xenxivas, tanto. No teu cuarto mantén-se o perfume entre doce e acedo que anegaba o coche cada mañá, cando saíamos para o traballo. Non sabía que tiveses dadas as cartas do Adrián. Tampouco pudeche consumir aquela alegría que te volveu moza outra vez. Desfrutaba eu vendovos así, como dous adolescentes. Que ti te sentises feliz sempre foi unha obsesión para min. Sabía que eras como un cristal, así de fráxil, e iso non se tolera nunha sociedade agresiva e deshumanizada como a que aturamos. Non valen nada as persoas humildes, desinteresadas, unha miga inocentes ou mesmo inxenuas. Sabíamolo os dous e dalgún xeito refuxiábamonos en todo iso, acaso como vinganza.

Aí enreda no seu cuarto na procura das cousas que nunca lle aparecen. Cando se acorda de ti fala da Lucita, e di que estaredes, agora, xuntas. É un consolo que eu non podo ter. E os demais, Marisa, Tareixa, Ismael, Hermínia, Manolo, sentan á mesa e quedan calados, ou rin ás veces, para matar o silencio. Cando se vaian quedarei no xelo novodas nosas cousas. Quixera, Carme, manter as imaxes que máis nos uniron e agradaron, e non podo. Só vexo o coche buscando-te con ira, rompendo as tuas fráxiles asas de volvoreta alegre. A máquina odiosa manda sobre nós e máta-nos cada día, mais eles seguen construíndo-as para encheren as súas arcas e desfacer-se dos que sobramos, e as vítimas roen a dor, pero calan. Mais volvo á casa de Orbazai que construímos xuntos con tanta ilusión e recebeme ela nun mundo de orfandade. As cousas mudaron, Carme, e tamén eu, eu que debín estar ali no momento para protexer-te. Pasas as bandas de cebra como se tiveses asas, e a máquina da morte cruza por baixo e segue na súa carreira cara ao inferno. Chegas ao traballo, como sempre, e volvo-te recoller ás tres, como sempre. Como non puden protexer-te?

■ A voz da memória, salón do libro infantil en Pontevedra

Apresentan o Venres 3 de Decembro o I Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, que se desenvolve do 13 ao 19 de Decembro e que leva como título "A voz da memoria". Contacontos, talleres, exposicións, conferencias e mesas redondas inclúense no programa organizado pola AS-PPG, a asociación "Maio Longo", o concello de Pontevedra e o Pazo de Cultura. Escritores como Fina Casalderrei, David Otero, Xosé Miranda e Xosé Antón Neira

Cruz, contacontos, entre os que se atopan Tim Boyles, Paula Carballeira, Casilda Regueiro e Quico Cadaval, e debuxantes como Pepe Carreiro, Kiko Dasilva e Óscar Villán participan neste salón, que conta coa colaboración dunha chea de editoriais, librerías e outras empresas culturais. As exposicións instalaranse no Pazo da Cultura; entre estas atópanse a de *Libros para soñar*, da editorial Kalandraka, e *Debúxame un conto*, da Fundación Caixa Galicia e Galix. ♦



■ Homenaxe a Blanco Amor en Vigo no 20 aniversario da morte

Galiza Nova organiza unha homenaxe a Eduardo Blanco Amor, cando se cumpren este mes vinte anos da súa morte en Vigo. Precisamente nesta cidade é onde se levan a cabo os actos preparados polos mozos nacionalistas, que comezan ás sete da tarde cunha concentración na rua do Príncipe polos dereitos dos e das homosexuais. Seguirán cunha mesa redonda no hotel Cidade de Vigo sobre a figura do autor de *A Esmorga* e *Os biosbardos* na que participan Francisco Rodríguez, Pilar García Negro e Xosé M^a Dobarro. E non é todo; as dez e media celébrase unha festa no pub *A Gaita Grileira*, coa actuación do cantor Roi Ribeira. ♦

■ Propoñen que se adique a Carvalho Calero o Día das Letras do 2001

O feito de se cumpriren no ano 2000 dez anos da morte de Ricardo Carvalho Calero é un dos motivos argumentados pola Fundación "Artábria" de Ferrol para presentar no concello unha proposta de cara a que se adique o Día das Letras do 2001 ao lingüista. Os membros de "Artábria", fundación que preside Maurício Castro, queren que o concello, que ten preparadas actividades na memoria do ferrolán, faga esta solicitude á Real Academia Galega, aproveitando a visita que van facer a Ferrol o Domingo 5 de Decembro. Lembran en "Artábria" "a súa meritória traxectoria intelectual e humana sempre ao servizo da normalización lingüística e cultural do noso povo, desde a súa militancia xuvenil nas Mocidades do Partido Galeguista, até a presidencia dese partido na cidade de Ferrol durante a década dos trinta". Subliñan a

extensa bibliografía que produciu Carvalho Calero, nacido en 1910, e a realización dunha gramática pioneira. ♦

■ dEfecto 2000, reunión dos novos poetas

Unha escolma que reúne a un amplo abano dos xóvenes escritores galegos que viron publicada a súa primeira obra poética na década dos noventa será presentada o Venres 3 de Decembro no café-bar Rua Nova de Compostela. *dEfecto 2000* é o título desta escolma que edita Letras da Cal e que "quer amosar a pluralidade de voces e de estéticas que se viñeron configurando na poesía galega contemporánea por parte das autoras e autores máis novos". Alguns dos vinteun autores escollidos son María do Cebreiro, Xabier Cordal, Lupe Gómez, Enma Couceiro, Iolanda Castaño, Olga Novo, María Lado, Sechu Sen de e Isolda Santiago. ♦



■ Iturralde presenta o disco *Pelegrinaxe musical a Compostela. Etnofonías*

Pedro Iturralde está a presentar o traballo discográfico *Pelegrinaxe musical a Compostela. Etnofonías*, gravado en vivo o pasado mes de Marzo no pub "Dado-Dadá" de Compostela. O coñecido saxofonista acompañouse do seu grupo *Pedro Iturralde Quartet* na interpretación dos temas que compoñen o seu novo disco, entre os que se atopa o *Negra Sombra* de Xoán Montes sobre o poema de Rosalía de Castro. En *Etnofonías*, Iturralde inclúe asimismo a *Balada Galaica*, da súa composición, criada sobre un motivo popular galego, unha milonga e a canción portuguesa *Solidão*. ♦

■ Un poema a Silvia Plath gaña o certame Rosalía de Castro

Trece anos ten xa o certame de poesía en lingua galega "Rosalía de Castro", que organiza a asociación cultural do mesmo nome en Cornellá, Barcelona, e ven de entregar os premios o Sábado 27 de Novembro. "Pétalas frias onda Silvia Plath" é o título do poema gañador das 120.000 pesetas do primeiro premio. O autor é Carlos Penela Martín, de Cangas do Morrazo. O segundo premio foi concedido a Xosé Emilio Vicente Caneda, polo poema *Noite*, e o terceiro entregouse a *Alexandria en cinco actos*, de Xurxo Alonso, de Vila-garcía de Arousa. ♦

■ Convocan en Compostela o concurso Ánxel Casal

O concurso literario "Ánxel Casal" chega a súa quinta edición, convocado polo concello de Santiago, que recollera no ano 1996 a proposta do instituto Arcebispo Xelmírez lembrando ao que fora o último alcalde republicano de Compostela. Está dirixido a alumnos e alunas de ensino secundario a partir de catorce anos. Os traballos deben ter un mínimo de cen versos na modalidade de poesía e de dez páxinas, na de conto. O prazo de admisión remata a finais de Abril do vindeiro ano e o primeiro premio está dotado de 150.000 pesetas mentres que o segundo é de 100.000 pesetas. ♦

■ Recoñecen a laboura de normalización de Rádio Estrada e Galaxia

Na Estrada tivo lugar a entrega dos premios "San Martiño" á normalización lingüística e cultural da Galiza, que recairon, no ámbito da comarca, na panadería A Fogaza, cuxo logotipo di "Na dozura dos tempos novos", e na Rádio Estrada, coa emisión as vinte e catro horas en galego así como a publicidade. No ámbito galego, o galardón recaiu na editorial Galaxia, "polo seu medio século de compromiso coa cultura". O premio a toda unha vida foi para Francisco Fernández del Riego. ♦

■ O cinema do finés Kaurismäki na Coruña

Iniciouse o Sábado 27 un ciclo retrospectivo do cineasta finés Aki Kaurismäki, no que se van

proxectar todas as súas longametraxes, ademais das curtas e documentais. Os filmes inéditos proxectaranse durante o mes de Decembro, fundamentalmente os da súa primeira etapa. Reservanse para Xaneiro as fitas do último período, incluídas seis estreadas no cinema comercial, así como *Juha*, presentada recentemente nos festivais de Berlín e Valladolid. Iniciouse o ciclo con *Total Balalaika Show*, un documental sobre a xira rusa dos *The Leningrad Cowboys*, e a película *Agarra o pano, Tatiana*. ♦

■ Remata o prazo para as caricaturas de Ourense

Lembran na *Casa da Xuventude* de Ourense que o 15 de Decembro remata o prazo para presentarse ao Concurso Galego de Caricaturistas Noveis, dirixido a persoas entre 14 e 30 anos. Está establecido un premio para á mellor colección de seis caricaturas, dotado con cen mil pesetas, e catro premios de vinte e cinco mil pesetas individuais. Farase ademais unha selección de obras que se expoñeran durante o mes de Marzo. O concurso chega a súa quinta edición e entre os premiados en anteriores anos están Fernando Ruibal, Suso Sanmartín, Manuel Lareo, Roberto Argüelles, Xoán Carlos Abraldes e Santiago Gutiérrez. ♦



Marilar Aleixandre.

■ Marilar Aleixandre recibe o Lazarillo de literatura xuvenil

O Xoves 2 de Decembro entregouse o premio Lazarillo, que convoca a *Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil*, co patrocinio do Ministerio de Educación, e que recaiu na escritora Marilar Aleixandre. A *banda sen futuro* é o título da obra que se fixo merecedora do galardón, o mesmo que gañara noutra edición Agustín Fernández Paz. A autora considera importante o premio "en canto é un novo empurrón para a literatura galega". Está dotado con un millón de pesetas. ♦

Leituras

Nen pan nen compango

Título: Por tras dos meus ollos.

Autor: Nacho Taibo

Edita: Sotelo Blanco.

Tempos de Pedro Madruga, dos Fonseca, de Fernando e Isabel, de Xoana "A Tola", de Pardo de Cela, das Irmandades. Moito hai que contar. É, o tema este, un dos menos tratados na literatura. Curiosamente, que por falta de coñecementos non será. Imaxinen, só citamos uns nomes e tantísimos avatares evoca a a nosa incompleta memoria. Ai, Diego de Lemos, e o Lanzós... A nosa memoria negra. Comeza o declive da sociedade galega, de Galicia, comeza a *Doma e Castración do Reino de Galicia*, dese lugar apartado habitado por arroutada xente, belicosos nobres que hai que segregar. Comeza a eterna diáspora e con ela a disolución das esperanzas de poder propio a que podía aspirar o povo galego. Comeza a colonización. É o que hai que facer, unha vez que ao povo lle roubamos toda posibilidade de contar con líderes, unha vez amansado hai que castralo para que nunca se arrepoña, e unha vez castrado é preciso que sexa anulado, alienado, polo tanto hai que facer que se sinta alleo a si mesmo, que perda o amor propio, o orgullo. É, sen dúbida un dos momentos clave na historia da Galiza, pero tanta transcendencia non conleva que sexa tema ben tratado, polo menos suficientemente, na literatura, ese espello. Unha oportunidade máis que perdemos de chamarlle o que merece a quen o merece, é tan didáctico...

Nacho Taibo escolleu, pois, un



Nacho Taibo nunha foto retrospectiva.

tema ben atractivo para a súa última entrega. Un tema que independentemente das virtudes estéticas do discurso, xa chama a lelo. Unha novela que foi finalista no *Eixo Atlántico* de Narrativa Galega e Portuguesa do 98. E un entende que o xurado debeu entender que era unha boa oportunidade para chamar a atención sobre a Idade Média e a urxente necesidade de irmos recuperando a historia que tanto se nos ocultou. Xa sabemos que a literatura no é unha ciencia. Pero a literatura é a vara máxica que crea afectos; sexa exacta ou non, a literatura ten o poder de achegarnos afectivamente a nós mesmos... hai cinco séculos. Que hai que tomar partido, ou non se será ningún.

Nacho Taibo é un autor que a un sempre o sorprende, ou por aquí ou por alá. E agora a primeira sorpresa é que se venda *Por tras dos meus ollos* como algo que non é novela histórica. Difícil tarefa; con este tema, moito máis difícil que facer novela histórica. Así comezaremos

a lectura, co reto presente. E comeza a vella dama a contarnos da súa vida e do que sabe das demais. E imos pasando páxinas e as cousas van caendo polo seu peso. En só 127 páxinas, a verdade é que non hai moito para contar de vagar. Esa vertice narrativa, esperamos, por algo será. Pero, en realidade, esperamos inutilmente. E chega a decepción. As cousas pasan con tanta celeridade

que as personaxes se volven só nomes, a acción é tan rápida que pouco tempo teñen para acadaren unha configuración que as faga ricas. E iso é moi grave, entenderíamos que a narradora, que tamén é personaxe, non tivera tempo, que fora unha personaxe totalmente plana. Entenderíamolo ben porque hai outras personaxes que só han ser complexas. Pero, lamentablemente, a narradora destas memorias é torpe e pasa demasiado tempo xustificando a súa propia vida, que é a que menos interesa. Memorias é o xenero que mellor lle cadra, pero non ten a suficiente entidade para ser crónica, adoece da necesaria seriedade. E memorias moi "sui generis", memorias, memorizadas. Porque se algunha característica define á narradora é a súa excelente memoria. Tanta ten que xa nen se acorda de xustificar os seus saberes aida que estes sexan ben pouco verosímiles. Porque o discurso está inzado de expresións

A novela melloraria con calquera revisión, e moito máis se o autor se decidira a darlle máis dimensión á historia.

coloquiais de hoxe, desde a "concepción siciliana da familia" (páx 13) ao "after-shave" -xustificase que coñeza o termo, pero é inxustificábel que o use, hai que ter en conta o destinatario- (páx. 65), as "armas de alta tecnoloxía" (páx. 50), ou a "sesión continua" (páx. 74); si, é unha dama e, se cadra, culta, pero se é culta porque ten tan pobre sintaxe? Mais, con ter tan boa memoria, debe botar man de esquemas, si curioso, pero o discurso, aló pola páxina 39 tómasse puro esquema.

Definitivo, xa non se sabe se é a historia interna da dama o que importa ou o que importa máis é a historia externa que ela nos conta. Poida que se quixeran conxugar ambas. Con resultados curiosos. Porque non é moi fácil entender que esta santa muller se leve ben con Pedro Madruga, co Fonseca, coa Irmandade... con todos. E que quen peor parado sae é Pardo de Cela. Pero tamén, tamén se atopará un cn Pedro Madruga que case semella un neno traste e inxenioso. Mira que se nos convenceu de que tiña un plan, o Madruga, ben artellado e ambicioso, e despois resulta que aparece a personaxe e compórtase como un traste e inocente cativo.

E acabamos mal merendados, o compango non chega e o pan é pouco. A historia ten eivas na súa concepción. E o estilo non abonda, tamén é pobre. Sentído ben, diremos que deixala como finalista foi o peor favor que se lle puido facer a esta novela, con certeza melloraria con calquera revisión, e moito máis se o autor se decidira a darlle máis dimensión á historia. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

conta de libros




Tres xeracións, tres poetas

Tres novos títulos para a colección Espiral Maior de poesía, e os tres protagonizados por mulleres pertencentes a distintas xeracións. *Poemas sen resposta* é o título dos novos versos de María do Carme Kruckenberg quen, ollando o Miño, fai toda unha homenaxe á memoria, á súa, á colectiva. Máis nova, aínda que galardoada e prolífica, a escritora nacida en Becerreá, Helena Villar Janeiro, presenta *Album de fotos*, un paseo polos anos transcorridos nos que a figura da nai cobra vida. Pola súa parte, Medos Romero, nacida en 1959, a poeta que ven "das maus escravas da terra do centeo", publica *Ámome en por min*, a súa segunda obra, tras autoeditar *Rendéome no tempo*, o pasado ano. ♦

Beiras e Abel López analisan a demografía

Abel López completou coa súa tese de doutoramento sobre a poboación galega durante o período 1960-1991, a tarefa encetada por Xosé Manuel Beiras no ano 1970 en *Estrutura e problemas da poboación galega*, no que analizaba se centraba nos anos transcorridos entre 1900 e 1960. A poboación galega no século XX, editada por Laiovento, é unha síntese destes dous traballos, accesible para todos os lectores e na que se enfrentan aos problemas de estancamento da poboación, emigración, avellentamento e caída da natalidade e espallamento do hábitat, entre outros factores. ♦




Máis novelas de Manuel de Pedrolo

O escritor catalán Manuel de Pedrolo, finado no ano 1980, é o autor de *Círculo vicioso* e *Xogo sucio*, que edita Galaxia na colección Costa Oeste. A primeira é unha novela negra ambientada no meio urbano; a segunda combina o enigma co amor. Pedrolo, unha das figuras máis salientábeis da literatura catalana, estivo internado nun campo de concentración ao remate da guerra do 36. Está traducido por Leandro García Bugarín. ♦

O pensamento de Murguía

De como os mitos celtas e as ideas progresistas conformaron os seus estudos históricos trata *O pensamento de Murguía*, de Ramón Máiz. Nesta edición de peto de Xerais explicanse de xeito resumido as claves polas que *Historia de Galicia*, de Murguía, aparecida no ano 1865, marcou un punto e aparte na andaina até aquel momento do pensamento galeguista. ♦



UNIVERSITARIA



HOMO PEREGRINUS

Antón Álvarez Sousa (Dir.)



HOMO PEREGRINUS

Antón Álvarez Sousa (Dir.)

No presente volume recóllese o resultado da investigación, dirixida polo profesor Álvarez Sousa, sobre as compoñentes sociolóxicas das peregrinacións xacobeas. Estúdanse as razóns manifestas para face-lo camiño, o comportamento dos peregrinos, o xeito de organizar a súa viaxe, as súas motivacións, etc.

Unha historia centenaria, esquecida constitúe unha obxectiva e novidosa achega sobre a experiencia histórica doutros crentes galegos non católicos.

Un libro que estudia a xénese e a difusión do protestantismo en terras galegas, e mais os factores que incidiron no seu desenvolvemento histórico.

O PROTESTANSIMO EN GALICIA

Benito González Raposo



O PROTESTANTISMO EN GALICIA

Unha historia centenaria, esquecida

Benito González Raposo



XERAIS

Cinema

Entre a
realidade e
a memoriaXXV Festival de Cine
Iberoamericano
de Huelva

Do 20 ao 27 de Novembro celebrou as súas bodas de prata o festival de cine Iberoamericano de Huelva. Un festival marcado pola grandilocuencia, con preto de 160 películas en 12 sesións, e a calidade, perdida pola cantidade de films mediocres na sección oficial a concurso. Nesta edición botáronse a faltar as imprescindibles curtametraxes a concurso, recollidas nunha olvidada e pouco vista sección informativa. As súas vodas de prata recordáranse polo homenaxe e entrega da estatuíña *Ciudad de Huelva* ao *alma mater* e fundador do festival: José Luis Ruiz, que cosechou a maior ovación na gala de clausura. Tamén deixaron orfa a sección *Visión Europa*, na que puidemos adentrarnos no cinema francés, con *Tedio* (excelente análise da falta de ilusión e de perspectivas dun home) de Cedric Kahn e *Los que me quieren cojerán el tren* de Patrice Chereau (desquiciante e desquiciada disección da familia) aparte de catro títulos máis, de desigual factura e distinta procedencia. Homenaxearon a *Angela Molina*, *Gerardo Herrero* e *Miguel Littin* coa concesión e entrega das correspondentes estatuíñas *Ciudad de Huelva* e prestouse atención ao novo cinema emerxente arxentino que agrupado baixo o título *Cine Argentino dos Noventa* agrupou unha serie de películas dos xoves directores arxentinos, *Mundo Grua* (cun estilo preto ao documental, falanos da perda dos soños e da dificultade de reconstruír a vida a partir dos 40) de Pablo Trapero; *El Armario* de Gustavo Corrado; *Río Escondido* de Mercedes García Guevara; *Silvia Prieto* de Martin Retjman ou *Camino a Santa Fe* de Gustavo Postiglione.

O cinema arxentino converteuse no gran vencedor desta edición, con dúas películas de temáticas diferentes. Unha traenos o recordo dos anos da ditadura e a outra mergúllanos nas fontes da amizade e da cultura como elementos imprescindibles das persoas, acadou sete premios entre eles o *Colón de Ouro* e o importantísimo premio do público. A outra cinematografía vencedora foi a ecuatoriana con dous premios acadados (entre eles o recen instituído *Premio ao mellor Actor*).

Aproveitouse esta edición para a presentación da Fundación Audiovisual de Andalucía e a firma dun convenio de colaboración con *Asociación de escritores cinematográficos de Andalucía* (ASECAM) para o desenvolvemento de diversas iniciativas cinematográficas e culturais. Así mesmo creouse a Asociación de Festivales de Cine

Iberoamericano (AFCI), integrado por 20 festivais entre outros: Huelva (España), Valdivia (Chile), Miami (EEUU), Huesca (España), Gramado (Brasil), Londres (G.B.), Toulouse (Francia), Troia (Portugal), Viña del Mar (Chile), Bogota (Colombia),... ♦

FRAN ÁLVAREZ

Duas fitas
arxentinas
copan
premios

O filme arxentino, *Garage Olimpo*, gañador do Colón de Ouro á Mellor Película, conxuntamente con *Yepeto*, produción da mesma nacionalidade, fixo-se coa maioría dos galardóns non oficiais, nunha edición marcada por significativos cambios que, sen dúbida, han ter notábeis resultados en vindeiras convocatorias.

A intelixente ollada de Marco Bechis, director chileno afincado en Buenos Aires, sobre a convulsa realidade arxentina dos 70, convenceu ao Xúri Oficial desta edición (os directores, Enrique Gabriel, Sergio Cabrera, Vicente Aranda e Pilar Távora; a actriz, Ruth Gabriel; Mario Aguñaga, Director de Promoción Cultural Cinematográfica de México, e José Vargas, produtor e director do Festival de Cine Latino de Chicago) e obtivo para a súa terceira longametraxe, *Garage Olimpo*, o máximo galardón do certame, o Colón de Ouro, e para si o Colón de Prata ao Mellor Director. Cunha cámara, sempre situada á distancia precisa, Be-



Garage Olimpo, gañadora do Colón de Ouro á mellor película, xunto con Yepeto.

chis realiza un achegamento ao tebroso e estarrecedor mundo dos "desaparecidos", através da xove María, para mostrar os criminais procedementos de secostro, retención e tortura practicados polos militares e os seus sicários contra un sennúmero de persoas sospeitosas de non concordar coa ditadura militar da época.

O Colón de Prata ao Mellor Actor obtivo-o o xove ecuatoriano Carlos Valencia, polo seu magnífico traballo en *Ratas*, *Ratones*, *Rateros*, primeira longametraxe de Sebastián Cordero. O filme, tamén galardoado co Premio Especial do Xúri á Mellor "Ópera prima", constitúe unha vertixinosa e conmovedora viaxe ao mundo da delincuencia xuvenil, através da relación de dous curmáns: un principiante inxénuo e un desnortado antisocial.

O galardón homólogo á Mellor Actriz foi para a Evelina Fernández, polo seu bonfacer na produción norteamericana *Luminarias*, de José Luis Valenzuela, unha comedia amábel sobre certos aspectos da comunidade chicana en Los Angeles, que, ben se centra nas interrelación

raciais, pon de manifesto (se cadra, involuntariamente) a colonización lingüística de que son obxecto estes nortamericanos de segunda categoría.

Non oficiais

Dentro dos premios non oficiais, foi a mencionada *Garage Olimpo*, a que, conxuntamente coa tamén arxentina *Yepeto*, de Eduardo Calcagno, conseguiu o maior número de galardóns. Así, entretanto a primeira obtivo o recoñecemento do Xuri da Crítica Internacional e o Premio Radio Exterior de España, a segunda recibiu o Premio ASECAN da Asociación de Escritores Cinematográficos de Andalucía, o Premio "Manuel Barba" ao Mellor Guión, concedido pola Asociación da Prensa de Huelva, e o Premio do Público. Tirada da peza teatral homónima de Roberto Cossa (tamén autor do guión), *Yepeto* é unha fermosa historia de amor e amizade, dos encontros e desencontros dun vello profesor de literatura cunha parella de estudantes (ela alumna del), na que a solidariedade, a intelixencia, a ironía, o humor e a ternura son principais protagonistas.

conta de discos



De lixo, garaxe e punk

Título: Killer lixo. Remexendo no lixo assassino.
Grupo: Vários.
Edita: Lixo Urbano.


Con esta compilación, o selo compostelán "Lixo Urbano" chega ao número dez do seu catálogo tras cinco anos editando maquetas e organizando concertos, sobre todo, de grupos punk-hard core. Xa no ano pasado pegaron un chimp, das maquetas aos compactos, cos discos de *Fame Negra* e *Fulsomes*. Agora son catorce as bandas incluídas neste traballo. Encabezan a lista os *Fame Negra*, composteláns que levan xa nove anos dando concertos e que aportan a este *Killer Lixo* os temas *Onde estam?* e *Nom hai nada mais*; membros de *High Time* e *Mandrágoras* formaron *Thee Virus*, cuxos temas *Imagine her shot* e *Iron Man* nutren o compilatorio e cuxo único LP veñen de editar exclusiva-

mente en vinilo; os ourensáns *Los Morta* non están desaparecidos tras unha década de traballo e versionan hoxendia a *Eastern Dark - Johnny and Dee Dee* - e aos neioirquinos *Dictators - I'm right* - neste compacto; os reestruturados en cuarteto *Foggy Mental Breakdown*, de Vigo, inclúen os cortes *Dirty rage* e *(If you see it's over) Walk your way*; desde Compostela tamén chegan *Fulsomes*, que extraen *Quentin's Bollocks*, do seu CD *Media circus*, e pechan o *Killer Lixo*, con *Bang bang*; máis ourensáns con *Easytones*, que recollen a membros dos mencionados *Morta* e que alimentan o disco con *Always on my mind* e *Should I be true*, e, por últimos, *Blind River*, grupo ferrolán xa desaparecido, que interpretan *Hopeless town* e *Hot roding queen*. Para os de "Lixo Urbano", este traballo supón outro avance na profesionalización das edicións musicais e sae á venda, ademais, a un prezo asequíbel, mil pesetas. ♦

O vento musical
de Skunk

Título: Enbata.
Grupo: Skunk.
Edita: Esan Ozenki.

Skunk veñen de telonear a *Dover* na presentación do último, e



Finalmente, o "Trofeo Lince de Oro", patrocinado pola Fundación Doñana 21 (dotado con 500.000 pesetas), foi para a produción chilena *El desquite*, de Andres Wood, un filme dotado de magníficas interpretacións e unha suxerente atmosfera visual, mais narrado en clave melodramática próxima ao culebrón.

Fora dos recoñecementos expresados, quedou, entre outras, *A carta*, último traballo do veterán Manuel de Oliveira, no que o mestre portugués volve sobre as súas recorrentes relacións entre o cine e a literatura, cunha historia de amor imposible, na que a moral e a ética, valores hoxe non especialmente considerados, son motivo de reflexión.

Eventos
para-cinematográficos

Polo demais, eventos para-cinematográficos como a creación da Asociación de Festivais Iberoamericanos (AFCI), ou a presentación da páxina web da Federación Iberoamericana de Produtores Cinematográficos (FIPCA), supuxeron fitos de grande interese dentro do marco do certame onubense. Integrada por vinte certames das dúas beiras atlánticas, a AFCI ten como obxectivos actuar fronte a problemas comúns, potenciar a coordinación e a cooperación entre os distintos festivais e procurar espacios e mercados para o cinema de fala hispana e portuguesa.

A web da FIPCA é un soporte da actual situación da industria audio-visual de fala hispano-portuguesa, que conterá información sobre lexislación, acordos e axudas, que permitirá o contacto cos diferétes profesionais do medio, así como a publicación das producións realizadas e dos futuros proxectos. ♦

MIGUEL CASTELO

O bosque
encantado

Título: The Blair Witch project.
Director: Eduardo Sánchez & Daniel Myrick (1999).

Nas famosas conversas entre Alfred Hitchcock e François Truffaut, o cineasta inglés cargaba as tintas sobor dos que chamaba os "amantes da verosimilitude"; aqueles que pretendían desacreditar as súas películas porque nelas ocorrián cousas que non se daban na vida real, ou porque no guión quedaban cabos soltos. Facían isto esquecendo o factor de fantasía do cinema e a pouca importancia real que tiñan eses detalles no discurso cinematográfico (que é do que se trata) do filme en cuestión.

O filme en cuestión, nestes momentos é "O proxecto da bruxa de Blair", e as razóns para descalificalo son cousas coma a pouca credibilidade de que os aprendices de cineasta que a protagonizan non levaran bengalas cando se internaron na fraga ou que a fi-

Cinema

ta esté minimamente planificada e montada, non sendo verosímil que sexa un documental. Por suposto que non é un documental, trátase simplemente dunha opción narrativa que os directores consideraron (coido que atinadamente) apropiada para narrar a súa ficción. Deixando tamén a un lado a brillante propaganda feita tanto pola súa distribuidora como a traveso da páxina de internet deseñada polos seus criadores, compre analizar ao filme como a outro calquer.

Linealmente, a película relata a viaxe de tres rapaces na procura de material para un documental sobre dunha lenda local, protagonizada por unha bruxa, que se remonta a comezos do século XIX, sendo o cenário fundamental das

Sobresae a súa capacidade de crear medo cuns elementos mínimos e sen ningún tipo de gratuidade.

suas maldades o bosque que rodea o lugar de Blair. Desde sempre, a literatura fantástica utilizou a natureza (especialmente en conxunción coa noite) e as fragas coma lugares onde se agochaban os mistérios máis temidos e descoñecidos polo home, povoadas tanto por seres máxicos coma por aberracións monstruosas que podían atacar a quen se lles acercara. Moitos dos relatos de H.P. Lovecraft utilizan este medo ao descoñecido, representado polos estranhos fenómenos e seres que habitan no máis fondo dos bosques para revelar os temores máis primitivos do home. Nestes días, a TV se valeu tamén do efecto fantástico/terrorífico que pode producir a natureza "salvaxe" e a posibilidade de que o mal en estado puro se refúxiese nela en series coma *Expediente X* ou *Twin Peaks*.

A fita está realizada simultaneamente en dous formatos: os rapaces utilizan unha cámara de vídeo para que tudo o que pase quede rexistado e unha cámara de cine-

ma de 16 mm. en branco e preto para recoller o que realmente lles interesa para o documental. Esta elección non responde só á ficción de que estamos a ver un documental real. Basicamente, sucede que o punto de vista desde o que vemos a acción é o da persoa que está en cada momento ao outro lado de algunha das cámaras (ou das dúas, como na cena final). Ese ver só o que eles tratan de nos acercar máis á súa experiencia, ao seu tormento; ao tempo de non nos permitir ter máis información que a que eles teñan, o que sitúa ao espectador tan perdido na historia coma os protagonistas na fraga. Esta técnica de identificación é unha arma perigosa, porque se o que se mostra non é atractivo abondo o espectador rachará esa relación de proximidade cós protagonistas e perderá interese pola película. É aquí onde o guiión debe cumprir a súa función, e onde falla o desta película. A razón é que unha vez exposta a situación na que se atopan os tres rapaces non acaba de pasar nada. O aumento de tensión ate chegar ao clímax é alongado inecesariamente, chegando a aburrir pola repetición (sen aportares case nada), da estrutura de noite(perigo)/dia(fuxida) que toma o filme en máis da metade do metraje.

Máis aló dun certo desacougo, producido polo mareante uso da cámara en man e pola forma na que se usan a escuridade total e o son, a forza expresiva da fita queda reducida aos momentos de puro terror (o ataque nouturno recollido desde o interior da tenda de campaña, os cinco últimos minutos), nos que sobresae a súa capacidade de criar medo cuns elementos mínimos e sen nengun tipo de gratuidade.

Máila estes defectos estruturais, a fita sobresae porque conserva unha capacidade de impactar e sorprenden que escasea demasiao neste tempo de espectáculos banais e fitas académicas. Ser diferente porque si é un defecto coma outro calquer, pero pouco menos perigoso que o de se limitar a repetir o xa feito. ♦

XURXO MARTÍNEZ BRAVO

Música



Cicatrices de Corcobado

Artista: Corcobado.
Lugar: Salas NASA (Compostela), e Iguana (Vigo).
Datas: 25 e 26 de Novembro.

De histriónico, afectado e impostor levan acusado a Javier Corcobado todos os seus detractores, que non son poucos. E, sen embargo, nas dúas actuacións que ven de ofrecer en Compostela e Vigo, amosouse que o dito de que hai artistas "aos que se ama ou se odia", son unha realidade nel. Os seus seguidores da Galiza respostaron á chamada de Corcobado, non só pedindo insistentemente bises nos seus concertos senon recibíndo a berros de "artista, artista".

Esperaban, quizais, a un Corcobado de pelo tinxido mergullado na electrónica tras a gravación do seu último traballo titulado *Corcobator*. E, sen embargo, aos seus trinta e cinco anos, o músico tirou dun repertorio xa coñecido para os seus adictos acompañado de *hammond*, batería e violoncello máis a súa guitarra de sons distorsionados. Se antes ousara gravar un disco de *Boleros enfermos de amor*, neste novo traballo atrevese con Vinicius de Moraes, no tema *Apelo*, e con Nat King Cole, en *Nature Boy*, que interpretou en Compostela e Vigo. Neste *Corcobator* voltou xuntarse con algúns dos seus amigos das bandas dos oitenta

Mar Otra Vez e *Demonios Tus Ojos*. No repertorio gusta de concluir con *Corazón roto en 2000 pedazos*, da que foi a súa banda antes de emprender carreira cos *chatarreiros*.

Precisamente dos "chatarreiros de sangue e ceo", cos que fixo dous dos seus mellores traballos *Ritmo de sangre* e *Tormenta de Tormento*, segue tirando nos seus concertos con temas como *La navaja automática de tu voz*, -un dos momentos máis álxidos da interpretación de Corcobado enriba do escenario-, *Ladrada del afilador* -de como queiman a casa dun enfermo mental nunha pequena aldea por ter roubado uns ovellas-, e *Cicatrices en el cielo* "que doen". Lucindo mellor aspecto que nunca, o cantante madrileño que comezou nos oitenta golpeando un bidon para facer música, semella ter a feridas cicatrizadas, deixando atrás historias pasadas cheas de excesos como o que o levou a tirarse dun terceiro piso sen conseguir morrer. Se algo aprecian os seus seguidores é que fuxa do convencional e que siga xirando por dúcias de cidades cun novo disco baixo o brazo. ♦

Os seus seguidores aprecian que fuxa do convencional e que xire por dúcias de cidades cun novo disco baixo o brazo.

Se algo aprecian os seus seguidores é que fuxa do convencional e que siga xirando por dúcias de cidades cun novo disco baixo o brazo. ♦

A. ESTÉVEZ

O CORDEL

Terra e Tempo
Revista cuatrimestral de información, análise e interpretación

Nº 12. Setembro-Dembro de 1999. 500 pta.
Edita: Unión do Povo Galego (UPG).

O propio partido político da UPG protagoniza todos os comentarios e artigos deste número. O historiador Bieito Alonso fai a crónica do nacemento da formación, nos anos 60. Bautista Álvarez e Lois Diéguez analizan os anos da transición e María do Carmo Garcia

Negro e Francisco Rodríguez adican os seus traballos á evolución da UPG dentro do BNG e a súa función actual, respectivamente. ♦

Encrucillada
Revista galega de pensamento cristián

Nº 114. Setembro-Outubro de 1999. 600 pta.
Dirixe: André Torres Queiruga.

A actualidade teolóxica e católica centra os traballos. Manuel Regal reflexiona sobre *O servizo do evanxeo no mundo rural*, tema que aborda tamén Xenaro Pérez en


A reorganización eclesial, civil e social da Galicia rural. Outros temas tratados son a figura do arcebispo brasileiro Hélder Câmara, retratado por Vitorino Pérez, quen tamén escribe sobre o ambiente turístico que sofreu Compostela, ategada de turistas, que non de peregrinos, Xoán Bernárdez Vilar narra o clima cultural que se viviu na Galiza no pasado verán. André Torres comenta a última obra de Domingos Garcia-Sabell, *Paseata arredor da morte*. ♦



Animal
Revista cultural para todas as especies

Nº 7. Setembro de 1999. 500 pta.
Dirixe: Francisco Macías.
Edita: Edicións Positivas.

O denominado *boom* da música galega centra parte deste número. Grupos como *Leitía*, *Fía na roca*, *Treixadura*, *Na lúa* ou *Pallamallada* son analizados co fin de coñecer se os seus sons chegaron por fin ao gran público ou seguen a ser minoritarios. Inclúense poemas de Xavier Queipo, recollidos no seu traballo *Incubación* e de Rolf Djeter Brinkmann, do seu libro *A máquina de facer zume de laranxa*, Henrique Torreira presenta o seu traballo de banda deseñada *Vanitas* e Roberto Abuín traduce un fragmento da obra *Cantolenda Maubere*, de Fernando Sylvan, sobre Timor. ♦



Letras Galegas 2000

Henrique Rabuñal Corgo

Manuel Murguía

Premio Carvalho Calero de Ensaio



EDICIÓN
LAIOVENTO
ENSAIO

Rúa do Hórreo, 60. Apdo. 1072. 15702 Santiago de Compostela.
Telfs.: +34 986 842 092. Fax: +34 981 572 239

Correio electrónico: laiovento@interbook.net / Local na rede: /www.laiovento.com

Dille Berce ao Inimigo

O BNG e
a Cidade da Cultura

O BNG fixo pública a súa oposición ao proxecto da *Cidade da Cultura*. Até o de agora ouviranse diversas voces convertidas nos medios de comunicación en autofalantes para ampliar un desencontro entre os dirixentes locais e a dirección da organización. Pouco se sabía do contido do proxecto e a postura dos nacionalistas foi debater o seu alcance e reclamar información a quen correspondía, é dicir, á Consellería de Cultura do goberno de Fraga. Foron tres as iniciativas que se presentaron no Parlamento insistindo na demanda dunha explicación sobre os contidos, fins e utilidade do plano e as previsións de información. Unha vez resoltos os trámites parlamentares, a voceira do BNG no concello de Compostela, Encarna Otero e a deputada Pilar García Negro presentaron xuntas en público a posición da organización nacionalista. O documento zanzaba calquer dúbida sementada despois de que no comezo os concelleiros composteláns asistiran á presentación do proxecto de Eisenman e fixeran unhas declaracións que se ben eran cautas non rexeitaban a consecución do plano de infraestruturas. No entanto, por moito que o enfrontamento se publicitou; nunca os concelleiros deron os seus parabéns en instancias oficiais nen aplaudiron ás cegas o proxecto. Agora o BNG aclara a súa postura e sinala que "calquer proxecto cultural galego de ámbito nacional ten que ter en conta a importancia de Santiago, a súa capital" pero o plano de Fraga duplica infraestruturas mentras non inclúe a restauración para o uso e disfrute do patrimonio histórico co que conta a cidade. Reclaman asimesmo os nacionalistas que un proxecto destas dimensións tería que ter en conta as necesidades do país e a súa "dimensión nacional" pulando por unha descentralización das dotacións nun reparto equitativo. Presupostada en 18.000 millóns, pero cunhas previsións que podían disparar até triplicar o seu investimento, a Cidade da Cultura prometía ser o máis acaído mausoleo para Fraga. O BNG anuncia a presentación de emendas aos presupostos nos que xa aparecerán consignadas partidas para executar o proxecto. "Se ben un magno proxecto cultural de carácter nacional galego sería importante e necesario, un proxecto deste tipo precisa dun consenso e dun diálogo que non se deu" pontualizan os nacionalistas, deixando claro, ademais da súa oposición a unha obra faraónica o seu rexeitamento á plasmación en cimentos da face fascista campante de Manuel Fraga. ♦

O GALEGO EXISTE NO BIERZO

XABIER LAGO

Os galegofalantes do Bierzo estamos nunha situación límite nas portas do século XXI. Alguén pode cavilar en que a lingua galega se manterá nas vindeiras décadas sen a axuda pública? O galego comarcal precisa dun apoio institucional semellante ao que ten na Comunidade Autónoma veciña; non hai outra solución. Fronte un panorama cultural esmorecido atopamos o avance constante do idioma oficial, o castelán. Este é o instrumento fundamental dos domínios político e económico irradiados desde os centros de poder. A cabeceira comarcal Ponferrada, representa un carácter centralizador indubidábel nos ámbitos administrativo, demográfico, educativo, cultural, etcétera. Deste contexto específico deriva unha ampla área funcional irradiadora de cultura castelá. O grande reto futuro do galego será aproveitar ese efecto urbano propagador para acadar a correspondente cuota de influencia no mapa sociolingüístico comarcal.

O Bierzo, como territorio periférico e de transición cultural, supón un grao alto de inconcreción identitaria (bercianos, leoneses, galegos ou casteláns?) Velai unha das causas do noso conflito cultural, a desconianza entre os distintos colectivos lingüísticos da comarca. Así, a reivindicación galeguista normalmente é prexulgada polos opositores mediante acusacións de "colonización cultural", "imposición lingüística", "anexión territorial" e demais. Isto determina a necesidade de ofertar unha "expectativa lingüística" atractiva para todas as partes en conflito. As demandas culturais están condicionadas polo noso carácter de minoría lingüística no seo tanto da provincia como da Comunidade Autónoma. As relacións de poder tamén priman na resolución deste conflito secular.

A baixa conciencia galeguista supón a indeterminación lingüística. Por iso aínda temos que demostrar que no Bierzo existe o idioma galego fronte aos que defenden o "chapurreo", o "dialeto berciano" ou o "galegoneón".

Hai tempo a Junta de Castela e León encargou ás universidades rexionais a elaboración de estudos verbo das diversas problemáticas das comarcas periféricas da Comunidade Autónoma, entre as que está O Bierzo. O obxectivo salientábel destes traballos é coñecer as necesidades específicas destes territorios, para aplicar as políticas públicas axeitadas. Terase en conta o noso conflito lingüístico finalmente? Unha minoría cultural sempre amosa as súas dificultades cando trata de atraer a atención das institucións públicas. Nós non somos a excepción. Compre axuda

exterior, nesta ocasión de Galiza. No caso concreto da futura implantación da materia optativa de lingua galega no sistema educativo berciano, a administración rexional racañará unha oferta de mínimos por mor da escaseza de financiamento. Este déficit só poderá ser completado coa axuda que poida vir da Xunta de Galiza. Baseamos este pedimento na propia Lei galega de Normalización Lingüística que se refire á protección "da lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma" (art. 21.2).

O goberno galego sempre alegou que non podía tomar a iniciativa en relación coa problemática educativa da lingua territorial do Bierzo até que a Junta de Castela e León asumise a competencia en materia de ensino non universitario. Pois ben, isto será unha realidade a partir do 1 de Xaneiro do 2000, segundo establece o recente Real Decreto que declara o correspondente traspaso competencial por parte do MEC. Atopará a Xunta de Galiza unha nova desculpa para adiar a sinatura coa Junta de Castela e León do necesario convenio de colaboración que execute o ensino da lingua galega na comarca dunha vez?

A admisión do galego pola administración educativa será un grande éxito, e chave no recoñecemento lingüístico polo resto das institucións públicas. Este proceso progresivo será a lóxica resposta ao mandato legal "de respecto e protección" da lingua galega, establecido na última reforma do Estatuto de Autonomía de Castela e León. Esta dinámica reclamativa provocará sen dúbida nengunha o prestíxio xeralizado do noso idioma territorial. Ademais, o ensino público do galego servirá para fomentar a aprendizaxe e máis a difusión da escrita entre a mocidade.

Cando un territorio periférico ten dificultades históricas para aclarar a identidade cultural, caso do Bierzo, reafirmase a comarcalización en exceso. Un exemplo é o interese dalguns por criar unha nova normativa lingüística galegoberciana. Esta problemática existe un esforzo de concienciación verbo da necesidade de integrarse definitivamente na comunidade lingüística galega. As vantaxes derivadas deste amplo "espazo de comunicación" non terán límite. Sen embargo, a elaboración da devandita normativa berciana provocará novos atrancos que impedirán a normalización plena das nosas relacións culturais e lingüísticas coa comunidade galegoportuguesa. ♦

XABIER LAGO É Coordinador do Colectivo
Fala Ceibe de Ponferrada

OPINIÓN

VINTE ANOS SEN BLANCO AMOR

"Polo Estatuto, se se produce algun retroceso na democratización do país, contra as centrais nucleares e polos dereitos dos marxina-dos, como por exemplo contra a *Ley de Peligrosidad Social* que se aplica aos homosexuais". Estes eran os motivos polos que Eduardo Blanco Amor estaría disposto a saír á rua sendo xa octoxenário, como manifestou en entrevista feita por Maribel Outeiriño e publicada no xornal *La Rgión* o mesmo ano da súa morte. Non é doado nen tan sequer a día de hoxe, en que axexan novos intentos marxinalizadores da homosexualidade —que se veñen sumar aos vellos prexuízos— atopar tal grao de compromiso público cos dereitos das e dos homosexuais.

A *Ley de Peligrosidad y Rehabilitación Social* era unha norma da lexislación franquista dirixida a unha represión psiquiátrico-policia das e dos marxina-dos considerados como "perigosos" (teñen moito a ver certo uso da psiquiatría e a policía; lea-se, se non, o libro de Szasz traducido ao español: *La fabricación de la locura*, ed. Kairós). Con esta inconcreción do delito segundo a subxectiva "perigosidade", lograba-se castigar todo tipo de conduta non desexada polo sistema, nomeadamente a das e dos homosexuais. A AN-PG tamén se manifestaría no seu IV Plenario, celebrado a finais de Decembro do 79, en contra desa represora normativa. Poucos días antes deste posiciona-

CARLOS MANUEL
CALLÓN TORRES

Nos libros de texto, e mesmo en moitos ensaios, escúrese a cuestión homosexual, patente na vida do noso polígrafo e clave fundamental para ler a súa obra

mento do nacionalismo organizado, Blanco Amor falecera en Vigo.

É moi salientábel no seu contexto a extraordinaria valentía de Eduardo Blanco Amor á hora de afrontar a súa estigmatizada orientación sexual, até o punto de que a súa presenza mesmo molestaba a moitas figuras máis contraditorias na súa vivencia do sexo. Poderíamos falar, por exemplo, de Federico García Lorca ("el maricón de la pajarita", como o chamaba a burguesía andaluza que máis tarde sería causante do seu asasinato). Este, máis a ser un artista manifestamente aberto a unha interpretación da realidade favorable ás e aos oprimidos, asinou unha homofóbica "Oda a Walt Whitman", antes de poder asumir con todas as consecuencias a súa condición. Nese camiño cara á asunción tiñan parte activa varios mozos galegos, entre os cais estaba o escritor de Auria.

Tamén é importante lembrarmos o caso de Ramón Suárez Picallo, sindicalista e deputado galego na II República, que comezou a vivir sen inibicións a súa sexualidade (dentro das contradicións obrigadas polo contexto) a partir do exemplo do noso escritor, quen tamén o condicionou na súa chegada ao nacionalismo.

Nos libros de texto e mesmo en moitos ensaios, escúrese-se —propositadamente— a cuestión ho-

mosexual, patente na vida do noso polígrafo e clave fundamental para ler a súa obra. Outras claves marcadamente nacionais tamén se procuran excluir da interpretación académica da súa produción literaria.

Sería vergoñento para a nosa nación esquecer os contributos de figuras como esta, tan necesarios nesta andaina en que estamos para gañar o futuro para a Galiza. A súa novelística, por exemplo, é extraordinario testemuño da historia negada que caracteriza a sociedades colonizadas, como é a nosa. Non isento dos conflitos derivados da situación da Galiza e do seu propio percurso vital, Eduardo Blanco Amor é consciente da necesidade de recuperar o idioma, o que se patentiza na volta a este para a creación literaria nunha delicada encrucillada histórica para o país.

Galiza Nova vai conmemorar os vinte anos da morte de Eduardo Blanco Amor cunha serie de actos en Vigo o día 3 de Decembro. Ademais dunha festa-recital co cantor Roi Ribeira, e dunha mesa redonda arredor da figura do noso autor, ás 19.00 h. na Rúa do Príncipe haberá unha concentración polos dereitos das e dos homosexuais. Hai vinte anos, Blanco Amor estaría disposto a saír á rua por quen sofre a cruel marxinalización sexual. A que estamos dispostos, a que estamos dispostos nós hoxe? ♦

O concello de Vigo promove un premio de poesía en cinco línguas Dotado con 5 millóns de pesetas contará co financiamento da Deputación de Ourense

O concelleiro de Cultura de Vigo, Carlos Príncipe recibiu con agrado a iniciativa da Fundación Celso Emilio Ferreiro. Trátase de convocar o premio de poesía de maior dotación do Estado e para iso el mesmo procurou a colaboración da Deputación de Ourense, polo vellellamento que a provincia ten na biografía de Celso Emilio. O premio recoñecerá cada dous

anos a traxectoria dun poeta e a el poderán concorrir os autores das cinco linguas peninsulares.

Carlos G. Príncipe non quixo que a lingua fose "discriminatória" nesta convocatoria e, con ese fin, abriu as bases para integrar a todas as linguas da península. "Primeiro falamos das catro do Estado -castelán, galego, euskera e catalán- pero logo, para recoñecer o ven-

cello cultural con Portugal, incluímos tamén a lusa, dando conta tamén da pluralidade da Península Ibérica" sinala Príncipe. Neste momento técnicos do Concello de Vigo, da Deputación e representantes da Fundación Celso Emilio Ferreiro están elaborando o convenio de colaboración que se fará público en Xaneiro.

O concelleiro de Cultura de

Vigo celebra o recebemento que o presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luis Baltar tributou á iniciativa que nace á par das dúas institucións. Prevese que a colaboración sexa tan equitativa que nunha convocatoria o xuri se reunirá en Ourense e a entrega do premio se fará en Vigo para, na seguinte, invertir os papeis entre as dúas cidades.

O Premio Celso Emilio Ferreiro será o de maior dotación da península e para concorrir a el os candidatos terán que ser apresentados por institucións, asociacións de escritores ou entidades como as académias. Carlos Príncipe sinala á escritora M^a Carme Kruckenberg como promotora da idea e membro fixo do xurado que concederá o galardón. ♦

OPINIÓN

A MUSA ALEMÁ DE BENITO SOTO

En Marzo de 1951 no obradoiro pontevedrés "Gráficas Torres" rematábase de imprimir *Musa Alemá*, a primeira antoloxía poética da literatura alemá traducida ao galego. Publicada na *Colección Benito Soto* por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro a edición deste libro -desafortunado, requisado, queimado e case descoñecido- pasou á historia da literatura galega, case se pode afirmar, por meras alusións. O volume era o primeiro para o que Sabino Torres, o editor, ía solicitar permiso. Foi denegado explicitamente para esta tradución de "língua estranxeira a dialecto peninsular" polos servizos censoriais franquistas.

Como andaban as cousas antes de *Musa Alemá*? A literatura alemá pouco conversara coa literatura galega; en 1889 *O tío Marcos da Portela* reproduce un relato dos irmáns Grimm e *A Monteiro* un poema de Heine, que semella ser o poeta alemán máis lido no noso século XIX. Acaso foi Vicente Viqueira o primeiro que vai facer unha versión directa do alemán ao galego, trátase de dous poemas de Goethe e un de Hebel que titula "Segredo no diván". O filósofo estivera na Alemaña pensionado pola "Junta para ampliación de estudos e investigacións científicas", entre 1911 e 1914. Pouca máis recepción da "Musa alemana" na Galiza. Rosalía de Castro en *La hija del Mar* (1859) no inicio do capítulo XIV cita as últimas frases do *Werther* en francés. Otero Pedrayo, que xa nos achegara fragmentos do Ulises, lendo francés entra en contacto con Goethe, e o seu Adrián Soutelo de *Os camiños da vida* será o primeiro traxunto literario de *Werther* na literatura galega. A fascinación que o escritor sente polo alemán é grande, proba é a publicación en 1932 de "Lembranza de Goethe". Curiosamente, no número 54 da revista *Nós* (1928) dise que o Dr. Blerer, profesor de idiomas, ten a intención de traducir a novela de Otero Pedrayo, *Os camiños da vida*, ao alemán. Non se fixo, pero é mostra da conexión directa que os de *Nós* buscaban con Europa. Na sección "Letras d'afora" tópanse unha tradución de anacos de prosa e dous poemas de Rilke, escritos polo poeta orixinariamente en francés, o mesmo vai facer Amado Carballo en *A Nosa Terra* (1927), traducir un poema do poeta francés que hai en Rilke. Álvaro Cunheiro quer en 1934 darlle a man a Holderlin en *Nós* e en 1950, nunha edición de autor, tiraba o folleto *Holderlin. Poésía*, utilizando unha versión en francés.

Musa Alemá iniciou moitas cousas. Foi o primeiro número extraordinario da *Colección Benito Soto*. É o seu libro máis fermoso por mor das 15 ilustracións a dúas tintas, con emprego de diferentes cores planas, realizadas por Rafael Alonso, que supuxeron un diálogo estético cos cánones anteriores ao 36.

Os responsábeis da versión destes poemas alemáns ao galego foron Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro. O primeiro chegou a ser no franquismo subdirector do Museo do Prado, director do Instituto Español en Roma e Secretario da Academia da Historia. Home dunha grande formación cultural acadara un grande dominio do alemán e co tempo converteríase nun dos máis prestixiosos arqueólogos do Estado. Celso Emilio daquela aínda non era o poeta

MARGA ROMERO

'*Musa Alemá* desmostrou que o galego era unha lingua para achegar outras literaturas para escárnio dos xerarcas franquistas'



Antonio Blanco Freijeiro con Isaac Díaz Pardo.

de referencia obrigada pero dáballe a volta poética ao alemán de Blanco Freijeiro. O certo é que do diálogo literario do poeta coa cultura erudita de Blanco Freijeiro saíu esta fermosa rareza do noso corpus literario. *Musa Alemá* achega ao galego a versión de 15 poemas e cinco poetas: homes, Friedrich Holderlin, Heinrich Heine, R. Dehmel, Rainer Maria Rilke, Franz Werfel, e unha muller, Agnes Miegel.

En *Musa Alemá*, hai unha adaptación á linguaxe poética galega. Non poden conservar a rima alemana e hai, por veces, que procurar a galega, o que lles leva a inserir versos que non aparecen no orixinal, caso do poema de Heine "O piñeiro". Non son traducións literarias mais seguen moi de perto o texto, sen dubidar en desvios e matices, mesmo engadindo adxectivos. Á soidade dun piñeiro engádeselle o adxectivo "probe" ausente no orixinal. A musa alemá achega unha Lorelai de Heine, un chisco máis popular e á busca de rima introdúcese dous versos para facer máis popular a cantiga. Xa o ten dito Lois Tobio: ás veces na versión de poemas o tradutor ten que recriar todo de novo. Blanco Freijeiro e Celso Emilio, ás veces, moi poucas, tamén recriaron.

Non sabemos a que obedeceu a escolla dos poemas e a elección de autores e mesmo chama a atención a escolla de R. Dehmel (1863-1920), poeta menor alemán, amigo de D. von Liliencron, aquel de quen fixera unha versión galega de dous dos seus poemas Roberto Blanco Torres. Tampouco se comprende a introdución da que fora simpatizante do nazismo Agnes Miegel (1879-1964). Teremos que pensar que a escolla dos poemas obedeceu ao tema, neste caso o da saga dos "Nibelungos". Oferecen unha versión

do poema adaptado a Galiza; música de zanfona e fala o povo (Volk). Do escolmado destaca outra presenza, a de Franz Werfel. O poeta xudeo, nado en Praga en 1890 e falecido en California en 1945, amigo de Kafka e casado con Alma Mahler. Del escollen "O lobocán", "Canción dos Mortos" e "Os apaixonados".

Logo de *Musa Alemá* seguiría o camiño e os achegamentos a outras culturas. En 1951 a *Editorial Bibliófilos Galegos*, fundada tamén en 1949, convoca un concurso literario e concédelle o premio a *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny. A tradución é de Celestino Fernández de la Vega, coñecedor do alemán, e de Ramón Piñeiro (eles farián a versión de *Vom Wesen Wahrheit* de M. Heidegger ao galego). Nesa mesma colección de *Bibliófilos Galegos* saíran en 1955 traducidos a través do francés, *Versos de alleas terras e de tempos idos. Paráfrasis galegas*, da autoría de Ramón Cabaniñas, na súa escolla poemas de Goethe, Schiller, Heine, Niembsch e de Werfel. Convidamos á lectura dos poemas de Werfel, que levan o título de "Can de lobo" e "O laio dos mortos", curiosa coincidencia coa escolla de Ferreiro e Blanco Freijeiro. A versión fermosa de Cabaniñas é outro poema, onde o poeta só toma o motivo é cria todo.

Con todo *Musa Alemá* segue a ser un fermoso libro, a única antoloxía da poesía alemana ao galego, nun tempo, o de hoxe, no que o galego xa goza das traducións de Lois Tobio e de Santoro de Membiela. En 1951 foi algo máis ca un libro, demostrou que o galego era unha lingua para achegar outras literaturas para escárnio dos xerarcas franquistas. Sentiron o golpe e proibírono. ♦

Castelao, fedatário dun povo que quer existir

Éxito de público no Simpósio, primeiro acto do cincuentenário da súa morte

➔ AFONSO EIRÉ

"Castelao é, ante todo, un político, no sentido máis noble da palabra". Estas verbas pronunciadas por Xosé Neira Vilas antes seiscentas persoas na primeira lección do Simpósio Castelao, organizado pola AS-PG e o Departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade de A Coruña os días 25, 26 e 27 de Novembro, podían sintetizar o primeiro grande acto do "2000, ano de Castelao". As outras facetas de Castelao, desde escritor, dibuxante, pintor..., que, por sí soas terían xa enorme relevancia, irían subordinadas totalmente á súa función política.

"Castelao foi o millor intérprete que tivo o povo galego, as eivas que el denunciou son, en esencia, as mesmas de hoxe", afirmaría Neira Vilas. Xa o propio Castelao se defendía dos que o querían circunscribir á faceta de artista para "desfarrapar a miña ideoloxía política".

Antón Alonso Ríos gostaba de periodizar a Historia de Galiza á súa maneira e seguía neste orde: "Prisciliano, Xelmírez, Rosalía e Castelao. Poden ser discutíbeis as tres primeiras fases, pero todos estamos de acordo no que significa Castelao no século XX", afirmaría o doctor *honoris causa* pola Universidade d'A Coruña.

Pero aínda que ninguén nega a relevancia de Castelao, a súa prominencia neste século na historia de Galiza, si que se realizan leituras moi diferentes da súa obra, poñendo acentos, sacando conclusións de leituras parciais, situando na peana unhas facetas e levando outras ás covas do silencio e o esquecemento.

Castelao e a lingua

Castelao non só é un sociolingüista "ao pé da letra", segundo



Seiscentas persoas asistiron ás tres xornadas do Simpósio sobre Castelao.

A. PANARO

Pilar Garcia Negro, senón que que é "parte fundamental da sociolingüística galega, pois toda a sociolingüística posterior debe de ter en conta o seu discurso do *Sempre en Galiza*".

Afirma a deputada do BNG que Castelao establece a fronteira entre o "uso oportunista e o uso consciente do galego, facendo da cuestión da lingua o eixo central da súa produción até o punto de que a obra gráfica mostra o problema lingüístico, como se pode ollar nos seus pés, nos que o idioma varia segundo a clase social e a posición, para marcar diferencias ou para ridiculizar".

A profesora Garcia Negro negou que Castelao sexa un moderado ou un bilingüista, como alguns o pretenden presentar: "usa a táctica oportuna e intelixentemente, buscando a máxima legalidade que pode acadar na República para as linguas. Combina a teoría coa práctica e a súa política é realista até o máximo posíbel, pero non até o máximo testemuñal".

Rei Romeu citaría como Castelao se nega a traducir *Os vellos non deben namorarse* para representalo en Buenos Aires, ou a retirar os pés en galego dos álbumes de Guerra ou teima en incluír o galego, xunto ao inglés, no seu libro *As cruces de Pedra*. Para Pilar Garcia Negro, os principais postulados lingüísticos de Castelao están vixentes aínda hoxe e "somos afortunados descendentes por podermos amparar na súa obra".

Para o profesor Henrique Monteagudo, o discurso de Castelao é

preciso ollalo como un enfrontamento "ao discurso hexemónico do nacionalismo español", que tería como exemplo a Menéndez Pidal e a Ortega. Do mesmo parecer é Francisco Rodríguez quen afirmou que Castelao reacciona fronte a Pidal, Ortega e Sánchez Albornoz, e que nunca esqueceu que o galego "forma parte do tronco comun galego-portugués, aínda que a grafía, pola contigüencia, fora outra".

Castelao antimperialista

"O antimperialismo é o eixo vertebrador da súa ideoloxía e da súa conduta práctica", afirmou Francisco Rodríguez de Castelao. O deputado do BNG nas Cortes, criticou que sempre se puxese como antecedente da teoría política de Castelao a Ris-

co, "cando é irrelevante, un fenómeno residual na cultura galega, esquecendo a Villar Ponte que si é un referente claro".

Poñer a Risco como referente ou a Antón Vilar Ponte e a asa máis de esquerdas das Irmandades non só é unha disquisición teórica, senón de forte calado político pola importancia de sustentar o pensamento baselar de Castelao.

Francisco Rodríguez analisou os antecedentes ideolóxicos nos que se sustenta o discurso de Castelao: "Rosalía, Curros, Pondal Murguía e Vicetto". Catro serían os eixos políticos nos que asenta o discurso de Castelao. Primeiramente unha visión anti-eurocéntrica do mundo. A segunda, unha preocupación moi forte polo papel da muller, que, igual que

'A expresión política de Castelao ten unha analoxía co BNG', afirma Barata considera que é 'autonomista' e Cerviño 'aliado dos socialistas'

Na mesa redonda na que os partidos políticos ollaron a Castelao desde a súa óptica, quedaron fixadas as liñas mestras que PP, PSOE e BNG, van ter na celebración do ano Castelao.

O Partido Popular asumiu completamente o discurso do *piñeirismo* sobre Castelao. "Os plantexamentos de Ramón Piñeiro sêrvenme para min e para o PP", afirmou o seu representante na mesa, Daniel Barata. Tanto é así que o ex conselleiro de Cultura plaxiou o *testamento* de Piñeiro, "Da miña acordanza", publicado en *Grial*, como lle puxo de manifesto o historiador Bieito Alonso.

Para Barata-Piñeiro, en Castelao existen dúas facianas, unha a política, que sería residual, "e outra fundamental: a faceta artística-literaria, admirada e respectada por todos, fronte ás súas posicións políticas que lle interesan moi circunstancialmente á xente". Bieito Alonso afirmaría con anterioridade, na súa ponencia, ao criticar esta afirmación de Ramón Piñeiro que, "como se ve, nen Piñeiro nen os piñeiristas valen para profetas".

Barata sostivo que Castelao "é de todas as forzas democráticas, non hai herdeiros, nós tamén nos facemos partícipes de Castelao". Beiras afirmaría, en contestación,

que "nós non decimos que Castelao é noso, sería unha obviedade, pero non somos posesivos. Pero Castelao non é un mito, nen un totem. Secadra, alguén se atreve a dicir que Castelao non era nacionalista? Pois se era nacionalista, esa expresión política ten unha analoxía co BNG, digo eu".

Francisco Cerviño, representante do PSdG-PSOE, coincidiu con Beiras ao afirmar que "o PG era o nacionalismo dos anos 30", considerando que a Castelao e ao PSdG "aproxímanos o esquerdismo e o nacionalismo, alónxanos a autodeterminación". Cerviño, que fixo unha autocrítica de can-

do o PSOE "tratou de escamotear o Estatuto de 1936", reivindicou "que tamén os socialistas galegos somos herdeiros de Castelao, democrata, progresista e antifascista: estivemos na mesma trincheira".

Cerviño fixo fincapé na posición federal de Castelao, precisándolle González Beramendi que a diferenza entre o federalismo do PSOE e o de Castelao "está en como se definen os suxeitos da soberanía". Cerviño contestou que algúns do PSOE estarían dispostos a admitir o dereito de autodeterminación se se resolvese o problema de organización do Estado.

Francisco Salinas pediulles a PP e a PSOE que "non mesturen allos con bugallos. Unha cousa é que se aceite en parte a Castelao, e outra que o convirtan en símbolo, para, ao final, facelo funcionar como antisímbolo do símbolo".

Daniel Barata, que calificara o *Sempre en Galiza* como "complexo e contraditorio", chegou a afirmar que "nel está o noso ideario político, pois, para influir, o galeguismo ten que ter en conta o ideal e a realidade. Castelao é autonomista, anatemiza contra o separatismo, por eso está tan vixente hoxe".

Beiras considera que, ás veces as

obviada "pero ni un político continuo mo Ran nengun

Consed. cousa é e outro. formaci to histó dun per voz que non un de mito

Beiras t con Ris

o home, será un "suxeito social". Rodríguez afirmou que "non hai nengun país que teña por mito social unha muller", como ocorre con Galiza e Rosalía, "aínda que logo tenten valeiralas de contido". En terceiro lugar Castelao tiña unha fonda preocupación polo campesinado "como clase traballadora por excelencia do país", por ser a base central da nosa economía na altura. En cuarto lugar, Castelao e o nacionalismo, sempre tivo que ser crítico co xeito de expansionarse o capital no estado español. Rodríguez, analiza como "positivo" o populismo de Castelao que moitos critican, pois defende, desde unha óptica galega, "que os traballadores tomen o control da economía".

Para Francisco Rodríguez, ademais do forte contido antimperialista presente no discurso de Castelao, este sempre tivo "plantexamentos teóricos que puideron aplicarse na práctica, o que pasa é que se tardou moito tempo". O mesmo Castelao criticou que os políticos que precederon á súa xeneración non espallaran as súas teorías na base social, o que o levou a "ser posibilista na República".

Castelao e o marxismo

Francisco Rodríguez sostén que Castelao asumiu plenamente que Galiza é unha nación e acolleuse á teoría estalinista de nación para "deixar os rolos metafísicos". Defendeu que Castelao non tiña nengun tipo de noxo aos plantexamentos marxistas e que tivo a obsesión constante de "meterlles aos obreiros a idea de que non podían renegar do dereito de autodeterminación. Outra cousa foi que Castelao considerase que, daquela, os plantexamentos marxistas, pola nosa estrutura económica, eran inadecuados para Galiza".

Para Rodríguez ao Partido Galeguita "hai que entendela como unha verdadeira fronte nacionalista na que existían tamén marxistas coma Suárez Picalo ou o mozo Carballo Calero". Aínda así non pretendeu colocar a Castelao nunha órbita paramarxista, senón que o seu achegamento a estes plantexamentos vénlle pola súa preocupación pola sorte da humanidade, ollando o problema nacional co-

Un político de acción

Rei Romeu denunciou a sacralización de Castelao e do *Sempre en Galiza* (con edicións como a do Parlamento Galego) e o medre da "campana de confusión e distorsión, (citou ao prologo que Galaxia lle fai a *Un ollo de vidro* no que se fala da "escasa orixinalidade"), falando dun Castelao autonomista e bilingüista, cando non autonomista".

Rei Romeu reclamou que o *Sempre en Galiza*, sexa lido en clave histórica, "pois obedece a situacións concretas e Castelao non era un teórico en estricto senso, senón un político que tiña que actuar". Afirmou o profesor de Pontevedra que "se non se contextualiza puidera parecer un santurrón da política autonómica que contenta a tñios e troianos". Afirmou o biógrafo de Castelao que o *Sempre en Galiza* hai que lolo "na clave da ruptura de Castelao e Risco".

O historiador Bieito Alonso reivindicou o populismo de Castelao como "valor político e social e co seu sentido revolucionario". Denunciou que aínda se careza da correspondencia onde están vertidas moitas das súas principais propostas políticas.

Recordo que Castelao foi ataca-

do por non ser anticomunista xa no exilio, e a súa teima de acadar a unidade da colectividade galega no exterior, "un Movemento Unitario da Galiza emigrada". Xa daquelas, afirma ao historiador "querían descargalo da faciana política para darlle a relevancia de artista, algo contra o que arremete", e como o galeguismo do interior sempre menosvalorou o *Sempre en Galiza*, para acusalo logo de disciplinado. "Castelao non quixo entrar nas liortas para recuperar o partido no interior, confiaba noutra xeneración", rematou afirmando Bieito Alonso.

A integridade

González Beramendi resaltou a integridade de Castelao e a súa coherencia entre o que decía e o que facía, considerándoo como "o símbolo positivo por excelencia do nacionalismo galego". Tamén afirmou o historiador que Castelao se converteu na mellor das pontes entre a xeneración derrotada e o xermolado futuro do nacionalismo, sendo o *Sempre en Galiza* "o maior legado que lle puido deixar ao nacionalismo que agromaría en 1960".

Beramendi arremeteu contra os que tratan de simplificar e

mitificar a Castelao, "como se o seu nacionalismo progresista o levase xa no código xenético". Castelao tivo que loitar contra o seu ambiente, contra si mesmo, contra as herdanzas adequeridas que entraba en contradición, e optar, rachar co pasado. "A verdadeira grandeza histórica está na loita, internamente conflictiva".

Beramendi resaltou, en contraposición a F. Rodríguez, "a grande influencia de Losada e Risco en Castelao, que non é total, pero deixase sentir en máis de unha cuestión". O historiador resaltou que a influencia de Risco en Castelao "está en continua tensión con outros compoñentes do seu pensamento. Castelao non é un tradicionalista coma eles e soubo colocarse ao lado dos explotados".

Insistiu o historiador do nacionalismo que Castelao, que puido manter as súas ideas políticas acochadas nas Irmandades, atópase con que as necesidades políticas llas fan clarificar, tanto que "é capaz de rachar cos seus mentores e amigos". A ditadura de Primo de Rivera significou a "emancipación total de Castelao", cuxo ideario se consolidaría no exilio. ♦

mo unha solución para "chegar a unha sociedade harmónica".

Castelao ten unha visión organicista complementada co proceso histórico e a problemática social e económica, pero, segundo Rodríguez, non se pode negar o seu carácter nacional nen a súa defensa do dereito de autodeterminación (que nasceu para explicar os dereitos das pequenas nacións de Europa central fronte ao império Austro-Húngaro, e non polas colónias como se adoita a dicir). Castelao non nega sequer o independentismo por falta de nacionalismo "senón pola situación internacional, pois reclama a unión das pequenas nacións para defenderse dos grandes. Por iso acepta como primeiro paso o Estatuto", conclúe o deputado do BNG.

Castelao ten unha concepción da democracia como algo colectivo, afirmando que o Estado non podía ser democrático se non se recoñecía plurinacional. Rodríguez, que denunciou os intentos de deslaxitar a Castelao, para que o seu ideario non sexa coñecido, desde a data mesma en que chegaron os seus restos, afirma que, Castelao, po-

sua unha grande intelixencia de carácter táctico e que o nacionalismo galego actual "é inexplicable se non é polo *Sempre en Galiza*, por moi comunistas que fosemos".

Díaz Pardo afirmaría, pola súa banda, que "o natural de Castelao é moito máis radical que a idea que se ten del". ♦

Non se consideraba un artista

"Castelao non se consideraba un artista". Con esta frase comezaria Isaac Díaz Pardo a intervención, pasando a citar ao rianxeiro: "exáltase a miña personalidade artística para minusvalorar a miña vida política. Nunca cultivei a arte pola arte, só foi un meio de expresar as ideas e os sentimentos dun povo. Sigo traballando para converter a idea nun feito histórico. Pode ocorrer todo menos que traicione á miña idea".

"Castelao era un crítico da sociedade do seu tempo, co lápiz ou co pluma", continuou Díaz Pardo, para, a continuación voltar a cita de Castelao: "os males de Galiza non se curan nen coa medicina nen coa arte".

Pero non era que Castelao non fose un artista, Díaz Pardo sostivo que a partires da publicación do *Album Nós "cambia a arte galega"*. Carlos Valle, director do Museo de Pontevedra é do mesmo parecer, afirmando que "sen a ruptura que Castelao impulsou, a pintura galega xa non sería a mesma". Valle definiuno como un vangardista na arte "pois a vangarda europea da entreguerra, que el coñecía tan ben, era figurativa".

Maria Victoria Carballo Calero reivindicou o papel de Castelao no deseño universal. Afirmou que pertencía á xeneración "modernista e simbolista, algo que resulta básico para entender a súa arte, que ten unha función social e utilitaria". ♦

fina Beiras

obviedades non sé ven, por óbvias, "pero ninguén negará que Castelao é un político nacionalista galego". A continuación puxo de manifesto como Ramón Piñeiro nunca definiu nengun concepto de nación.

Considera tamén Beiras que unha cousa é a percepción e o sentimento e outro o ideario. "Castelao é a conformación, a síntese, dun movemento histórico, a expresión ideolóxica dun pensamento colectivo. Unha voz que transmite ideas e praxis, non un político conxelado a xeito de mito totémico".

Beiras tamén contrapuxo a Castelao con Risco, "pois este é isolacionista,

Castelao non", afirmando que Castelao apostou por fórmulas frontistas. Beiras rexeitou que Castelao pode sintonizar con calquer das forzas políticas estatais, afirmando que nos textos de Castelao deféndese a soberanía, "que resolvería o problema político de Galiza e do Estado español". E 1946, Castelao, arremete tanto contra a autonomía, que afirma que xa non vale, coma contra a constitución de 1936. Beiras considera que aínda están viventes na configuración do Estado español os postulados que criticaba Castelao, preguntándose, para rematar: "se tanto se respecta a Castelao, porque non se respectan logo os postulados do BNG?" ♦

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO

39

TOMO III / ANO X. / 1999
Xullo • Agosto • Setembro

¿EXISTE A FILOSOFÍA POLÍTICA?
Jacques Rancière

SOBRE AS ORIXES DE ROSALÍA DE CASTRO
Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda

A CUESTIÓN NACIONAL
NA EUROPA CENTRAL E ORIENTAL
CONTEMPORÁNEA
Carlos Taibo

A PROPÓSITO DA LITERATURA TRADUCIDA
Laurence Malingret

O REISEÑOR DOS BALCÁNS
Alfonso Pexegueiro

gotelo blanco

No arco atlántico hai insculturas con motivos e datas semellantes.

A própria natureza das insculturas está fóra da nosa capacidade de datar. Eu coido que son do mesmo período, do tempo dos primeiros metais; cobre, bronce... De todos os obxectos que atopamos, os únicos que poden datarse con precisión son as armas de metal. Nos gravados repétesen tres clases de obxectos dos que só dous aparecen en terra. Temos dagas e alabardas pero os escudos debían estar feitos de materia orgánica porque desapareceron. É probable que as alabardas fosen inventadas en Irlanda, non na península ibérica. Nos asentamentos aparecen dagas e non é raro que as enterren cos mortos, como fan na Galiza.

Isto indica que pelexamos desde hai cinco mil anos.

Non sabemos se estas armas eran símbolos de autoridade ou se as usaban para guerrearen. Se cadra, as dúas cousas. A política contemporánea recuperou os guerreiros medievais como símbolos de poder e á porta do pazo real de Londres temos guerreiros con alabardas... Por que a maioría das imaxes das insculturas galegas son símbolos de masculinidade, coma cervos adultos no canto de fémias? No centro das representacións aparecen cervos machos e as fémias e os máis pequenos ocupan un lugar periférico. O mesmo acontece cando o que se representan son cabalos.

Na *Laxe das Procesiões*, hai falos que se representan nos catálogos coma armas.

Son espadas porque teñen empuñadura pero ao mesmo tempo son símbolos de masculinidade. Doutra parte son reproducións en pedra das armas dos depósitos funerarios, que tamén se dan na Galiza aínda que sexan raros. A *Laxe das Procesiões* de Gondomar, é unha reprodución dun destes depósitos escutiformes consagrados ao sobrenatural. Non aparecen escudos porque deberon ser feitos de madeira ou un material semellante que desapareceu.

Que significan os circos e cruces de pedra?


Non podemos pensar nun único significado. Usando símbolos no canto dun alfabeto lingüístico o que probablemente buscaron os seus autores foi transmitir varios significados ao mesmo tempo. A cruz cristiana, por exemplo, ten un sentido diferente que na bandeira dun barco ou nunha igrexa. Segundo o sitio onde estivese, os

Richard Bradley, profesor de Arqueoloxía da Universidade de Reading

'A arte rupestre do Arco Atlántico é case idéntica nalguns casos'

♦ G. LUCA

O ESCOCÉS RICHARD BRADLEY, PROFESOR DO DEPARTAMENTO DE ARQUEOLOXIA DA UNIVERSIDADE DE READING, NO SUL DE INGLATERRA, TEN ESTUDADO AS RELACIÓNS DOS PETROGLIFOS GALEGOS COS DO ARCO ATLANTICO. NO CONGRESO INTERNACIONAL DA ARTE RUPESTRE EUROPEA APRESENTOU A ÚLTIMA LIÑA DE INVESTIGACION SOBRE ARTE RUPESTRE DAS FISTERRAS.



circos de pedra respostarian a interpretación diferentes. O que pode facer un arqueólogo é recoñecer estes sinos como parte dun código e se damos interpretado o código podemos comprender o que significan. En termos xerais pódese dicir que sabemos onde se poden atopar e tamén sabemos como van estar dispostos. Hai unhas regras. A min pásame co galego. Só comprendo algunhas verbas pero, ao escoitalo, sinto o sistema lóxico que o sustenta. Se cadra os circos están inspirados por estados superiores da conciencia. As experiencias liminais da morte, por

exemplo, ou cando se entra en estado de éxtase paranormal, temos a sensación de camiñar por un túnel. É unha alucinación ou unha ilusión se o preferimos, e pode ser que estes circos de pedra representen en diferentes culturas estas percepcións producidas polo sistema nervioso. A visión dos circos pode vir dun estado producido pola fame ou outros condicionamentos físicos, como poden ser os prodromos da migraña ou unha situación que hoxe non coñecemos. Sucederá antes da Cultura dos Castros. Non sabemos canto tempo antes.

Hai unha confusión entre a data da cultura dos castros e a das insculturas.

Os circos de pedra producíanse moito antes da chegada dos castros, aínda que aparezan con frecuencia no mesmo lugar. Como se pode chamar esa cultura anterior? Está en discusión. Non podemos chamala cultura dos celtas. O recoñecemento da cultura celta dáse nos últimos douscentos anos en Galiza, Escocia, Bretaña, Irlanda e Gales. Este descubrimento ten relación comun coa recuperación da cultura propia e

cos proxectos políticos de independencia. Irlanda por exemplo non foi celta até non reclamar a independencia dos británicos. Non é que non tivesen un pasado celta pero ese pasado foi reinventado por razóns políticas, perfectamente lícitas. Se usamos en termos arqueolóxicos o adxectivo celta podemos aplicalo ao tempo dos castros pero non antes. Será en todo caso motivo de discusión. Un arqueólogo galego usará o termo celta para se referir a este tempo, se é nacionalista. O problema ven de que os autores clásicos, que sabían de certo que povos eran celtas, non usaron o termo acadamente. Moitas veces aplicárono coma sinónimo de extranxeiro, bárbaro etc. e non coma clasificación étnica. Hoxe identificamos tres acepcións para o termo celta: a primeira é a que os autores clásicos deron, que valia para definir aos povos galos e aos xermánicos; a segunda é lingüística e explica as diferencias e semellanzas entre idiomas, coma a que se dá entre o gaélico irlandés e o escocés; a terceira é a do redescubrimento dos celtas con fins políticos. Non arregla nada que veñan despois os arqueólogos dicindo que esa historia é falsa pero en certo modo non é exacta, porque nunca existira unha nación celta.

Que di a última liña de investigación sobre a coincidencia de estilos na prehistoria da costa atlántica?

Sabemos que se deu a comunicación entre os povos da costa atlántica. Nese contexto hai estilos comúns a galegos, irlandeses, británicos e bretóns. É unha coincidencia que se desen os mesmos estilos ao mesmo tempo nestas áreas. Non se pode probar que tivesen unha orixe comun, pero non se pode probar o contrario.

Habia hai catro mil anos tecnoloxía de navegación para marear setecentas millas de Irlanda á Fisterra?

Temos os mesmos estilos de metal e de cerámica en todo o arco atlántico e necesariamente difundíuse polo mar. Se cadra costeábase en etapas curtas, no canto de facer unha travesía grande. A nosa tendencia a considerar as viaxes en termos de practicabilidade, impídennos imaxinar o que foran viaxes case imposíbeis. Pero esas viaxes existiron, ás veces inducidas pola prestíxio social das navegacións. O certo é que as semellanzas na arte son tan próximas que por veces rentean o idéntico. Tamén hai certos obxectos que viaxan entre as fisterras coma pezas de cobre e bronce. ♦

A Xunta despreza as insculturas que interesan a investigadores de todo o mundo

O Congreso Internacional da Arte Rupestre Europea que se celebrou dos días 24 a 28 de Novembro en Vigo concluíu recriminando á Xunta o lamentábel estado no que se atopa o patrimonio arqueolóxico galego.

A ponencia presentada por catro arqueólogos galegos deixou á vista a "situación de deterioro no que se atopa o patrimonio rupestre que é o máis fráxil e o máis específico galego. A realidade administrativa é de total inacti-

vidade ante unha arte que tiña que ter un lugar de privilexio".

O prestixioso investigador francés, Jean Clottes, criticou tamén a inoperancia da Xunta despois de visitar os xacementos de Campolameiro. Como responsable do Comité Internacional de Arte Rupestre da Unesco, criticou na súa intervención no congreso o abandono no que se atopa o patrimonio que nen sequer pudo fotografar, como era a súa intención, e ofreceuse para aportar a súa experiencia xa

que na súa traxectoria ten organizado varios parques rupestres.

O exemplo de Foz Cõa foi posto sobre a mesa por un dos seus impulsores, o arqueólogo João Zilhão que deixou á vista como unha política conservacionista pode cambiar a mentalidade do povo como aconteceu no parque portugués. Fronte estes argumentos, os representantes da Xunta escusaron a falta de actuación en Campolameiro ou Tegra pola ausencia de acordo

coas comunidades de montes.

Xosé M^o Bello, Fernando Costas, Xosé Manuel Hidalgo e António de la Peña insistiron na súa intervención na necesidade de "xestión e conservación do patrimonio xa que todo o que se está a facer contribúe á súa destrución". De la Peña sinala tamén como exemplo a paralización das excavacións no dolmen de Dombate no que está aínda pendiente a execución dun plano de museización -co presuposto xa adjudicado- por falta de

acordo entre a Consellería e a Deputación. "A política da Xunta en materia de patrimonio arqueolóxico foi nos últimos dez anos un completo fracaso. O artigo 4 da Lei de Patrimonio di que se algunha comunidade fai deixación de funcións as competencias se devolverían ao Ministerio e na Galiza estamos neste caso. Se a lei se cumprira o Ministerio tería mesmo que reclamar as competencias intervindo de oficio dada a total pasividade da Xunta", concluíron os arqueólogos. ♦

A SERPE DOS CAMIÑOS

LOIS DIÉGUEZ



Vilafranca e Corullón

Habían entrar polo camiño que ven do Castro Bergidum para sentir a emoción de topar de fronte coa igrexa de Santiago, como fan os peregrinos. Non se arrependeron, apesar das moléstias que lles causou o coche, pois non collía por aquelas co-redeiras. Desde ali miraron a vila baixando pola encosta, co castelo das catro pesadas torres redondas e as igrexas e conventos asoballando os lousados azuis. Na igrexa de Santiago remataba o Camiño para os enfermos que xa non podían chegar a Compostela, e por esa causa gañaban ali mesmo o Xubileo. Será por iso polo que batismaron a Porta Norte como Porta do Perdón. Está tan sobardada de visitantes que os nosos viaxeiros teñen que agardar uns minutos para contemplá-la. Os capiteis da esquerda, nunha secuén-cia un tanto orixinal e enigmática, misturan o camino dos Reis Magos e a súa dormición cun Calvário gravado en plano cóncavo. "Será a estrela a luz que guía o caminante na súa busca", recita Xulia, e deseguido ri. "Todos os viaxeiros buscamos aires novos -contesta Branca- e non teñen por que ser relixiosos".

A igrexa de San Francisco tamén queda na parte alta da vila. Ali está soterrado Enrique Gil y Carrasco. A tumba é humilde e leva gravadas as datas do nacemento e da morte. Os viaxeiros comentan a curta vida do poeta, 31 anos, e a causa da súa morte en Berlín, pola tuberculose, en 1846; e logo, como se se puxesen de acordo, encamiñan-se á "Calle del Agua" para ver a casa onde naceu, un fermoso palácio con dous grandes escudos na fachada. Toda a ruca está chea destes palácios de amplos portais e balcóns de ferro, e grandes beirados pintados de marrón escuro. Ás veces ve-se un pequeno xardín e, arreo, cantinas que mandan ao exterior o arrecendo fondo do viño. Noutra das casas, unha lápida lembra tamén o nacemento de Martín Sarmiento, o freire que namorou a

Saef polos seus avanzados escritos. Mentres percorren a fermosa ruca fala ela sen freo do seu admirado estudoso.

"Se viñésedes no tempo da froita veriades estas árbores cargadas dela, mazás, noces, gundas, pavias... que sei eu!". Viñeron de Vilafranca a Corullón pola estradiña que vai abeirando o río Búrbia por un estreito val florido. O castelo que agora miran é unha meia ruína na que descansa de cando en vez o seu propietario, un aviador que fixo entre as ameas da torre un estraño caseto no que a xente di que dorme. Contalle-lo aos viaxeiros un vello que por ali pasa cun feixe de erva ao lombo. Hai unha panorámica ao val, soberba. As aldeas de Corullón son pequenas e din abandonadas, con casas de corredores e o arrecendo doce das palleiras. E a mesma Corullón alonga-se seguindo as liñas tortuosas de estradas e camiños. A igrexa de Santo Estevo esta metida entre as casas e conserva do románico unha boa portada e un mundo de canzorriños nos que se pode buscar todo tipo de representación en adiviña divertida. Na

casa reitoral conserva-se no muro un toscos relevo do que se di que representa a lapidación de Santo Estevo.

Pero é a outra igrexa, a de San Miguel, que está mesmo á beira da estrada, moi metida nela, e a un paso de Vilafranca, a que entusiasma aos viaxeiros. Pureza románica e orixinalidade nos catro arcos sobrepostos á porta da fachada, con capiteis curiosísimos formando rostos como de ras ou sapos e caras grandes de corpos miúdos e achatados. A cor vermella da pedra dá-lle o ton acentuado da carne. E logo, nas alturas do tellado, acurtadas polo desnível do terreo, outra vez un mundo de canzorriños representan unha riquísima gama de cenas e xestos de contido erótico, con figuras realmente expresivas ao se masturbar, mostrar os sexos, parir ou contorsionar-se, en lición natural da vida sentida sen a prohibición nen a censura. Esta sensación é a que lles queda, a da liberdade e naturalidade con que a mesma natureza exuberante do Bierzo o cobre todo. É ben claro que xa topan coa Galiza, e cando o din, moven-se-lle os peliños da pel en arreguizos. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. ELA,
MALDITA ALMA
Manuel Rivas.
Galaxia

2. QUE ME QUERES
AMOR
Manuel Rivas.
Galaxia

3. TAL VEZ
MELANCOLIA
Xosé Carlos Caneiro
Espiral Maior

4. BAILARINA
Manuel Seixas. Xerais

5. O MELLOR
FRANCÉS
DE BARCELONA
Bieito Igrexas. Galaxia

NON FICCIÓN

1. BREVE Hª DO
NACIONALISMO
GALEGO
Bieito Alonso Fdez.
A Nosa Terra

2. MARIA CASARES
Arantxa Estévez
A Nosa Terra

3. A POVOACIÓN
GALEGA DO S. XX
X.M. Beiras & Abel López
Laivento

4. ECONOMIA
DE GALICIA
Albino Prada
Xerais

4. MARUXA MALLO
Carme Vidal
A Nosa Terra

Librarias consultadas:

Cartabón (Vigo). Couceiro (A Coruña). Índice (Ferrol). Michelena (Pontevedra). Pedreira e A Palavra Perduda (Santiago). Souto (Lugo). Torga (Ourense).

CONCELLO DE
PONTEVEDRAPROGRAMACIÓN CULTURAL
DECEMBRO 99

PAZO DA CULTURA

Rúa Alexandre Bóveda, s/n. A Xunqueira

AUDITORIO

TEATRO - DRAMA
Si o vello Sinbad volvese ás illas... Polo Centro Dramático Galego. Promove Pazo da Cultura e IGAEM. Xoves 2 e Venres 3 ás 21:00 h. Prezo 600 pta. Redución do 50% para estudantes e grupos.

HOMENAXE
Entrega da Medalla de Ouro da cidade a Alexandre Bóveda. Promove Concello de Pontevedra. Sábado 11 de 12:30 a 14 h.

MÚSICA - HOMENAXE AO ARTISTA
Concerto Novos Aires por Suso Vaamonde Suso Vaamonde presenta a Marisol Blanco, Grupo Sarabanda, Grupo Xuvenil Virxe da Renda e Salterium. Promove Pazo da Cultura. Sábado 11 ás 21:00 h. Prezo 500 pta.

MÚSICA - JAZZ
Fontella bass & The voices of Saint Louis. Patrocina Caixa Galicia. Martes 14 ás 21:00 h.

The Original Five Blind Boys of Mississippi. Patrocina Caixa Galicia. Xoves 16 ás 21:00 h.

MÚSICA - CLÁSICA
Orquestra Sinfónica de Lituania Patrocina Caixa Pontevedra. Mércores 22 ás 21:00 h. Prezo 500 pta.

DANZA - FLAMENCO
Sara Baras. Promove Cadena COPE e Pazo da Cultura. Luns 13 ás 21:00 h. Prezo 1.500 pta.

CONGRESOS E SEMINARIOS
Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. A memoria oral. Exposicións, contacontos, seminarios, actuacións.

SALA DE EXPOSICIONS

ARTE - GRAVADO
Bienal de Gravado. Promove Cabxavigo e Ourense. Do Xoves 9 de Decembro ao Domingo 9 de Xaneiro. De Martes a Domingo de 11:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 21:00 h.

TEATRO PRINCIPAL

Rúa Charino 6

CINE - LONGAMETRAXE
Educación en valores a través do cine. **"Mi vida en rosa"**. Promoven as Concellerías de Xuventude e Servizos Sociais. Mércores 1 ás 10:00 h. Dirixido a Centros Escolares.

CINE - FORUM
Noites Abertas. **"Uno rojo, división de choque"**. Promoven Concellerías de Xuventude, Política Social e Plan Urbano II. Sábado 4 de 21:30 a 00:30 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

Noites Abertas. **"Hombres armados"**. Promoven Concellerías de Xuventude, Política Social e Plan Urbano II. Sábado 18 ás 21:30 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

ENCUNTROS - MESA REDONDA
50 aniversario da Colección de Poesía de Benito Soto. Contexto cultural e político: Pontevedra e Galiza nos anos 40 e 50". Coa participación de Xosé Enrique Acuña, Marga Romero e Raimundo García Domínguez Borobó. Promove o Concello de Pontevedra. Xoves 2 ás 20:30 h.

ENCUNTROS - RECITAL POÉTICO
50 aniversario da Colección de Poesía de Benito Soto. Coa participación de Sabino Torres, Manuel María, Bernardino Graña, Miguel Anxo Fermanán Vello, Luísa Villalta e Xosé M^a Álvarez Caccamo. Promove o Concello de Pontevedra. Venres ás 20:30 h.

MÚSICA - FOLC
Festival de Música Tradicional Galega. Promove Agrupación Folclórica Os Alegres. Xoves 9 ás 20:30 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

MÚSICA - CLÁSICA
Concerto de Nadal. Promove Universidade de Vigo. Venres 10 de 20:00 a 22:00 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

Recital de Música de Nadal. Promove Asociación Rexurdir. Mércores 15 ás 20:30 h. Entrada

gratuíta ata completar aforo.

Concerto de Nadal da escola de Música Euterpe. Luns 20, Martes 21 e Mércores 22 ás 20:00 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

Concerto de Nadal do Colexio Los Sauces. Martes 21 ás 12:00 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

Concerto de Nadal da Banda de Música de Salcedo. Promove Asociación Músico-Cultural San Martiño. Xoves 23 ás 20:30 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

O sono dunha noite de verán. Compañía Arume. Luns 27 ás 20:30 h. Entrada gratuíta ata completar aforo.

TEATRO - PARA CATIVOS
O espírito do bosque. Compañía Falcatrúa. Promoven as Concellerías de Cultura, Educación e Xuventude. Martes 14 e Mércores 15 ás 12:00 h. Prezo 200 pta. Dirixido a Centros Escolares.

TEATRO - REDE GALEGA
Morte accidental dun anarquista. Compañía Teatro do Morcego. Promove Pazo da Cultura e IGAEM. Xoves 16 e Venres 17 ás 20:30 h. Prezo 600 pta. Redución do 50% para estudantes e grupos.

SALA DE EXPOSICIONS

Artistas argentinos. Do Luns 29 de Novembro ao Luns 13 de Decembro de 19:00 a 21:00 h.

XVI Concurso-Exposición de canaricultura. Promove Sociedade Pontevedresa de Canaricultura. Do Mércores 15 ao Domingo 26 de Decembro. de 19:00 a 21:00 h.

Fernando Estévez-Plácido Ucha. Promove Concello de Pontevedra. Do Martes 28 de Decembro de 1.999 ao Venres 14 de Xaneiro do 2000.

ANACOS

BOROBÓ

Baixo a Galicia superficial

Estamos xa chegando a que os anos cincuenta cumpran cincuenta anos; efémerides que se irán celebrando de abondo conforme a conmemoracións máis notábeis dise tempo. Empezarán axiña: o día de San Xián, santo patrón de Bastabales, de Laiño, de Requeixo, ¡de Ferrol!, e de tantas outras freguesías. Foi ise sete de xaneiro o día que Castelao elixeu -é un decir- pra morrer. Quizáis por ser a data máis profundamente rosalián; máis aínda que o 15 de Santiago no que a cantora finou. Nise día tañen ¡por ela? os sinos, as campás das tres parroquias do Ullán e da Mahía que forman unha sorte de aureola arredor da testa iriense alciprestal.

Galiza estaba entón superficialmente sumida na longa noite de pedra, mais no miolo das millores cabezas ¡canto pensamento, canta ilusión, canta tarefa sumerxida! Despois de tanta morte, volviase dun xeito acomodado as circunstancias que iban atenuando a súa primitiva ferocidade. Era unha etapa fenomenal que require, se cadra, un estudio a fondo pra determinar as características dos curiosos fenómenos que nila se rexistraron.

Foi unha pequena e preta historia que quedou sen escribir den-

de dentro. A non ser a intrahistoria que conto un pouco no *Memorial de Trevonzos*; o cal só deixa de seguir inédito nunhas cantas follas que, de vez en cando, saen na prensa. Narro no meu memorial certos episodios, aparentemente fantásticos, que non era doado, nin oportuno narrar nos *anacos*.

Relato situacións absolutamente paradóxicas; as que daban motivo á forzosa convivencia no mesmo país, nas mesmas cidades, dunhas autoridades, unhas xerarquias, que desexaban prestixiarse culturalmente, cuns artistas ou intelectuais que aproveitaban aquela torcida tolerancia pra sair do tobo da clandestinidade: facendo exposicións, dando conferencias, publicando fugaces revistas poéticas, eruditos opúsculos, representando entremeses e autos sacramentais...

A xente nova non podía quedar sempre calada, sen facer nada de proveito espiritual; e acolliase á libre escola dos mestres superviventes e gratuitos nas tertulias dos cafés, ou nas mesas camillas dos seus fogares onde iban mantendo o fogo sagrado da cultura galega. Así, Vicente Risco, cos seus *artistiñas*, no *Volter*. Logo, don Ramón de Trasalba, xa en

Santiago, no *Español*. E outros mestres, non tan nombrados coma os grandes homes de Nós; verbigracia Luciano del Río en Pontevedra. Pequeno e sutil filósofo, non exactamente á maneira de Azorin, que tuvo como atentos ointes das súas divagacións estéticas aos avanzados mozos de *Litoral*: Cuña Novás, Álvarez Negreira, Pepe Ruibal, Sabino Torres e Rafael Alonso; quen os pintou a todos, tal coma eran, nuns admirables retratos que esperan, no Museo pontevedrés, ser colgados nunha sala especial que ben merecen.

Ata iste punto quería chegar porque precisamente nesta mesma semá a cidade de Tenero, a belida *Helenes*, celebra con toda a brillantez que procurou pra iso o seu bo concelleiro de cultura (que é do Bloque), o centenario da colección poética Benito Soto, creada por aqueles rapaces do *Litoral*, nunha fase na que a súa revista non safa. Pero saeu na súa imprenta, na do pai de Sabino, na rúa de Don Filiberito, a colección pirata; sen permiso nengun de nengunha autoridade competente. Por iso, por pirata, levaba o nome do audaz capitán de *La burla negra*, ante o escándalo das forzas, demasiado vivas, pontevedresas.

Adiantándose un ano, ao cronolóxico enclave dos cincuenta, a primeira e máis lucida colección poética publicada durante a pétreo noite do franquismo. Por iso se celebra a súa lífrica memoria na véspera do 2000, que non do milenio que inda tarda un ano máis. Foi unha mágoa que a súa conmemoración non dese pretexto, como soñamos Sabino e máis eu, pra convocar o II Congreso da Poesía Galega, tras o primeiro, verificado co gallo do cincuentenario dos *Cómaros verdes*, de Aquilino. E denantes do que sería o III, e será o II que, a finais do próximo verán se reunirá en Rianxo pra comemorar o centenario de nacemento de Manuel Antonio.

Ben o merecía tamén ser motivo dun fasto poético de tal dimensión nacional aquila creación poética de Emilio Negreira (quen prescindía do seu primeiro apelido, propio da nosa máis duradeira estirpe literaria: cinco xeneracións, xa, de poetas) e de Sabino Torres empezado cos seus propios versos. Principio dun pasmoso desfile de catorce inspirados poetas galegos, naquela España superficial, na que se iban acomodando os homes que tiñan algo que decir e contar, anque fose baixiño. ♦

Que lé?



Maria do Cebreiro 'A poesía é un instrumento de coñecemento'

Moitas guias polo meu gosto a viaxar. Son unha leitora compulsiva e moi caótica. Agora, entre outras cousas, estou co *Manifesto comunista*; unha antoloxía da poeta do século XIX, Christina Rossetti, escurcida pola fama do seu irmán; *O primeiro soño* de Sor Juana Inés; *A sireniña e outros contos* de Andersen, para repasar o meu francés e porque gosto moito dos clásicos de literatura infantil; *A mirada interior* de Victorio Cirlot e Blanca Gori e as cartas de Ted Hughes a Silvia Plath. Tamén gusto dos clásicos, sobretudo das súas obras menos coñecidas, ás que non tiven acceso no meu sistema educativo.

Que recomenda ler?

Aquí xa me vou á literatura galega. Estevo Creus, Enma Couceiro e o último poemario de Ana Romani.

Que significa este primeiro poemario *O estadio do espello*?

De entrada camiñar con nome propio. Para min escribir é como respirar, ten un sentido en si mesmo, o de seguir investigando en quen son. A palabra poética é un instrumento de coñecemento de min e do mundo que me rodea, como un exercicio de identidade. Unha vez que publiquei descubrin outro valor moi importante, o da comunicación.

Ser filla de escritores e a súa bagaxe como leitora terá repercutido na súa escrita.

Os meus pais influíronme na atitude cara a lectura. É unha influencia de xesto, non de contido ou estilo. Vivo a cultura como unha experiencia, non como o concepto burgués de cultura refinada de clase alta. O mundo é un grande texto. Leo de xeito indiscriminado porque a lectura é unha parte máis desa experiencia, importante como testemuño do seu tempo. Escrebo para comunicarme non como exercicio de erudición. A miña poesía nasce do asombro permanente, para ben e para mal é unha revelación da realidade á que lle dou forma, coñecimento que te leva a facer denuncias. Por iso resúltame máis doado dicir contra que ou quen escribo que para quen, ceceais de aí veña a visión social da poesía. ♦

Escritora. Santiago de Compostela (1976).

CAMIÑO VELLO CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

Cousas de emigrantes

Non faltaron os que, ademais de cartos, trouxeron da emigración aqueles obxectos que lle chamaran a atención cando os viron por primeira vez: árbores exóticas, paxaros de cores, monos... e ate esposas de doces falas e exuberantes figuras.

Cando algún paisano volvía á terra con algo distinto, era como se trouxese unha licenza en mundoloxía. Pero outros, pola contra, aforradores e pendentes sempre da volta, acumulaban no seu exilio laboral as riquezas que os devolvesen cheos de fartura, sen facer maior caso das novidades que a nova terra lles ofrecía.

A emigración ten a súa cara e a súa cruz. A filantropía duns non evitou o despotismo doutros, e fronte ao fracaso de moitos non faltou o éxito dos máis afortunados. No retorno, o emigrante que non volvía de balde, amosábase distinto, e ata entraba en círculos que antes lle estaban vedados, convertendo, en máis dunha ocasión, ao antigo ilota nun despota.

O que poucas veces faltou foi o agradecemento do emigrante á terra que o acolleu. O país onde gañou algúns cartos recibiu o seu agradecemento con boas palabras, relatando nos parladoiros de café e casino as marabillas daquel país, ou recoñecendo



con artísticas obras, como esta cómoda que un paisano fixo na Arxentina e trouxo canda el en pleno reinado de Afonso XIII.

Pero a emigración, que aló xuntaba aos paisanos en comunidades de ámbito cultural e social, tamén posibilitaba o encontro de homes e mulleres unidos po-

la valentía de quen é capaz de abandonar o eido natal para acadar un pouco de fortuna.

Xa de regreso na terra, o emigrante era bautizado cun alcume en lembranza do seu lugar de adopción, e tantas veces, na madurez dos anos, o retornado afrontaba a vellez cun noivado e un casamento que provocaba a furia das murgas do lugar.

Son moitas as historias que a emigración deixou entre nós, como esta de Rosita, criada na Arxentina e que volveu, cando roldaba os cincuenta, ao seu lugar natal, para encontrar a un home de máis de sesenta que fixera a súa fortuna ao cabo de corenta anos en México.

O encontro de ambos desarraigados do pobo natal, posibilitou certa complicidade entre eles

que, a aqueles anos, e despois de percorrer tanto mundo, descubriron que naceran o un para o outro e decidiron botar as monicións.

Risas e contos sucedéronse durante toda a semana tras o anuncio da próxima voda. Ela tan grande e el tan mingurrias, ela tan estirada e el tan malencarado. Aqueles, que xa podían ser avós, levantaban comentarios de incisivas palabras.

Seguramente, se andasen pola vila paseando un moniño ou un paggaio, sería máis perdoada a súa conducta; pero, aos seus anos, vir de súpeto decidindo que querían casar, era como un insulto á institución do matrimonio.

E entón, a véspera da voda, cando os noivos estaban xuntos na casa dun deles, os cacharros sen acorde dunha charanga soaron á porta da casa:

Botan bombas por Insuela e resoan no Camallón. Casa Manuel do Crego con Rosita a Pingallón.

Rosita tomaba mate, cando estaba na Arxentina, agora casa co Manuel, tomará zarzaparrilla.

E foron felices.... ♦



As culpas

MANUEL CIDRÁS

Hai veces que a un non lle presta falar da actualidade e si do tempo ou doutro tema intemporal, porque a actualidade está tan manoseada que resulta irrecorrible, que non se pode atopar nela un fio de racionalidade ou de sentido común sobre o que se poida elaborar unha simple idea, un mínimo discurso que sexa a un tempo sensato e liberado do tóxico.

O domingo pasado todos nos despertamos sorprendidos pola decisión da ETA de poñer fin á súa tregua unilateral, que xa duraba catorce meses. O luns todos os comentarios de prensa se resumían nun titular único, nunha única intención, nunha única idea: que a culpa toda é da ETA. Por se alguén se lle ocorrixe pensar que o goberno popular non administrara ben a tregua, por se alguén tivese a peregrina idea de que faltou altura de miras, por se algún iluso pensara que desde as máis altas responsabilidades do Estado se tensara a corda de máis poñendo por diante o propósito de debilitar a fronte nacionalista aínda a costa de pagar, se acaso, unha cota de sangue.

A idea obsesiva por atopar, diante da adversidade, un culpable, e por atopalo sempre do outro lado, resulta se-la forma máis perfecta de facer estéril o pensamento, de negalo. Se a priori a culpa é do outro, daquela de máis está reflexionar sobre a actuación propia. Está de máis pensar en que fallou algo, en que se habería de afrontar doutro modo o proceso para que culminase nun logro dunha paz duradeira.

Se por diante do propósito dunha paz libre, baseada na única premisa da libre decisión dun pobo sobre o seu destino, se colocan outros desenhos que poden ser eles enteira-mente lexítimos (dígase a construción nacional ou a unidade da patria), estase a postergar a lexítima aspiración á paz e á liberdade para apenas discutir, esterilmente, de quen son as malditas culpas. ♦

VOLVER AO REGO

ATVG carece da máis elemental profesionalidade nos telexornais, saltan as máis elementais regras informativas. O Domingo 28 de Novembro recríáronse en dar un inquérito de *La Vanguardia*, informando que "O PP amplía a cinco puntos a súa marxe sobre os socialistas". Mália que a TVG é un medio galego e a que o xornal catalán destacaba "a evolución do BNG á alza", a TVG furtoulle este dado aos televidentes, que se tiveron que entear que o inquérito lle otorgaba os nacionalistas galegos o 1,5% dos votos (3-4 escanos) cando enfocaron as páxinas do xornal. ♦

5000 anos de arte moderna, a presenza de símbolos prehistóricos nos novos artistas

Rupestres contemporáneos

♦ C.V.

Os círculos que se adiviñan nas agachadas laxes de Campo Lameiro cobran corpo no lenzo de Menchu Lamas. Mon Vasco non oculta no emprego do granito a pegada dos restos arqueolóxicos que semantan os montes do país. A espiral tórñase aínda máis infinita no *Ollando o seu mar* de Manuel Moldes mentras a *Carta a Lois Pereiro* de Antón Patiño parece buscar unha interpretación á maneira dos signos que preceden á historia. Símbolos de referencias rupestres que agroman na arte contemporánea nunha liña de continuidade que semella pechar un círculo de 5000 anos. Deza-seis artistas de hoxe poñen á par a súa obra cos anónimos autores da arte rupestre.

Até o 26 de Decembro pódese visitar na *Casa das Artes* de Vigo unha mostra que conxuga a alfa e a omega da historia da arte. Os inicios rupestres coas criacións contemporáneas, unidas por vellelos que van máis alá da propia expresión artística. Os novos creadores recollen nas súas propostas estéticas os enigmas das figuras rupestres para transformalas e incluílas nos seus imaxinarios particulares. As espirais e os círculos das laxes de Oia, Muros, Campo Redondo, Monte Tetón, Mogor ou Campo Lameiro encontran correlato nas obras dos deza-seis artistas que expoñen a súa obra na exposición promovida polo Concello de Vigo.

"Aquí a natureza móstrase coma rotación eterna e, nese afán de chan tomado por vontade celeste, imánase maxestuosamente cos astros. 5000 anos de arte moderna. Xa Worringer ou Herbert Read teorizaron acerca da ansiedade e o medo cósmicos do home coma orixe da arte, e como denominador común da arte prehistórica e contemporánea" relatan Alberto Ruiz de Samaniego e Diego Santomé no catálogo da exposición. O enigma continúa a ser lugar común, ponte entre os petroglifos e as recentes propostas artísticas. As novas tecnoloxías aplícanse sobre a pétreo base do signo rupestre como as marcas de covas apresetáanse á maneira de referente dunha continuidade significativa. Os símbolos cobran tamén nome propio na arte contemporánea e espirais, círculos e demais iconos deixan de ser anónimos para levar a sinatura dos seus novos creadores.

Samaniego e Santomé fan tamén círculo ao dicir que "a experiencia artística, agora como hai 5000 anos, fala coa opaca linguaxe da terra, e fala enigmáticamente non por complacencia fronte ao caos ou ao *maëlstrom* fascinante do indistinto, senón como única forma e co-responder a esa asignación enigmática que nos constitúe".



Manuel Moldes, arriba, e Menchu Lamas, abaixo, reproducen as espirais da arte rupestre. No medio, petroglifos do Monte Tetón en Tomiño (Pontevedra).

E a mirada do espectador pode ficar igualmente abraiada diante de petroglifos que de anovadoras propostas conceptuais. "Tamén as evidencias suxiren que aínda aqueles aos que se lles permitía contemplar estas imaxes poderían non ter sido capaces de entender completamente o seu

significado". A frase é dos arqueólogos Fernando Xavier Costas Goberna, Xosé Manuel Hidalgo Cuñarro e Antón de la Peña e refírese aos gravados rupestres pero ben podería ser da autoría de calquer crítico contemporáneo e estar adicada a calquer instalación dun vangardista centro de

arte actual. Alertan os arqueólogos do perigo de tomar *ao pé* os contidos dos conxuntos artísticos porque "calquer sistema de gravados rupestres que semelle describir, por exemplo, a actividade cotiá da caza do alce pode conter unha carga adicional de significados". O seu aviso repítese para cada unha das pezas que compoñen unha exposición tan prolongada no tempo.

O labirinto de signos de X. Freixanes convértese en acaida revisión de calquer conxunto arqueolóxico que povoa algun dos máis míticos montes. *O Sol*, astro de adoración, tórñase protagonista da serie de gravados de Luís Seoane. Baixo as *Táboas da memoria* de M. Vilariño advírtese a lousa e os ósos que falan dun pasado sepultado que busca lus.

"Ben mirada, a actitude é a mesma que a dos nosos ancestros, cando facían descender as estrelas sobre o granito atlántico para conxuralas, temelas ou festexalas, aínda que agora as preguntas se fan á ciencia, no lugar dos deuses e o que se busca é coñecemento e comunicación cos "veciños de arriba". O espírito é idéntico, os medios distintos, pero tanto os facedores de petroglifos coma nós compartimos a ilusión de que algo ou alguén responda desde arriba mitigando a soidade que o universo nos concedeu a posibilidade de pensar" escribe Tono Carbajo ao explicar o seu proxecto *Petroglifo@.com*. Facedores de produtos artísticos de hoxe que miran para atrás e atopan cunhas criacións singulares que continúan a producir inque-danzas. E non poden deixar de reparar nelas para proxectalas cara o futuro porque saben que a súa presentación labiríntica é unha das nosas maiores riquezas. Tantas veces oculta baixo sebes e matogueiras. ♦